

MEMORIA ACADÉMICA
CURSO 2013/2014

Índice

- 1 Presentación do reitor
- 2 O curso académico 2013/2014
- 3 Órganos de goberno
- 4 Centros, departamentos e institutos universitarios
- 5 Consello Social
- 6 Vicerreitoría de Extensión Universitaria
- 7 Vicerreitoría do Campus de Ourense
- 8 Vicerreitoría do Campus de Pontevedra
- 9 Servizo de Investigación
- 10 Servizo de Alumnado
- 11 Servizo de Persoal de Administración e Servizos (PAS)
- 12 Servizo de Contratación
- 13 Servizo de Asesoría Xurídica
- 14 Servizo de Deportes
- 15 Oficina de Relacións Internacionais (ORI)
- 16 Oficina de Transferencia de Resultados de Investigación (OTRI)
- 17 Unidade de Estudos e Programas (UEP)
- 18 Área de Xestión Académica
- 19 Área de Imaxe
- 20 Área de Normalización Lingüística (ANL)
- 21 Unidade de Igualdade
- 22 Oficina de Medio Ambiente (OMA)
- 23 Centro de Apoio Científico e Tecnolóxico á Investigación (CACTI)
- 24 Centro de Investigación, Transferencia e Innovación (CITI)
- 25 Centro de Investigacións Biomédicas (CINBIO)
- 26 Campus do Mar
- 27 Fundación Universidade de Vigo (fuvi)
- 28 Orzamento

1 Presentación do reitor

Como cada ano ao inicio dun novo curso, corresponde render contas ante a comunidade universitaria e a sociedade e ofrecer o balance das principais accións realizadas polos órganos de goberno e os servizos universitarios durante o curso académico anterior.

O curso 2013-2014, pese a estar novamente marcado polo recorte das transferencias públicas ás universidades e polas restricións normativas para a contratación de persoal, supuxo un paso máis da institución no seu camiño cara á excelencia académica, á especialización e á internacionalización.

O papel proactivo asumido pola Universidade de Vigo para facer fronte á situación de crise, permitiunos, en efecto, seguir ocupando un lugar destacado nas clasificacións internacionais de calidade académica e investigadora como os rankings de The Times ou o MultiRank que confirman a nosa visibilidade. Un bo exemplo é o Campus do Mar, convertido nunha aposta firme pola excelencia, a investigación, a cooperación internacional e a sostibilidade do entorno do mundo mariño e marítimo. O esforzo de toda a comunidade universitaria tivo os seus froitos, despois de confirmar o Ministerio de Educación a evolución positiva do proxecto e outorgándolle a máxima cualificación no informe de seguimento realizado por unha comisión internacional.

O camiño de Vigo cara á especialización, iniciámolo xa no ano 2010 co Campus do Mar e, no curso 2013-2014, deseñamos o proxecto Vigo Tecnolóxico, que define a aposta da Universidade de Vigo polo desenvolvemento do potencial das nosas catro áreas de especialización: as tecnoloxías da información e as comunicacións, as emisións cero e os procesos de fabricación, a bioenxeñaría e a biomedicina, e a enxeñaría aeroespacial. Tamén o curso pasado xermolaron os proxectos de especialización dos campus de Ourense e Pontevedra, potenciando as súas capacidades en función da realidade socioeconómica das cidades e comarcas nas que se atopan, para facelas crecer e dinamizar a súa economía. En Ourense, o Campus da Auga porá o acento no turismo termal, a alimentación, o medio ambiente e a enerxía, a innovación social e a xestión da auga como recurso e as TIC. En Pontevedra, o Campus CREA centrarase nos eixos arte, moda e comunicación, deporte e saúde, natureza e educación e socioloxía e xestión pública.

A nosa aposta pola internacionalización é cada vez máis firme, como o demostra o importante número de estudantes de intercambio que elixiron a nosa institución como destino o curso pasado, a nosa participación en proxectos europeos e, no ámbito institucional, a través de cada vez máis contactos internacionais, coa presenza do Campus do Mar en Bruxelas, China, Sudamérica ou Marrocos, a ampliación da nosa colaboración con universidades do espazo transfronteirizo, a participación en programas de cooperación ao desenvolvemento en África e Sudamérica, ou o noso liderado na Conferencia de Reitores de Universidades do Suroeste Europeo (CRUSOE).

Esta memoria reflicte o traballo dos máis de 2000 profesionais da Universidade de Vigo aos que quero dar as grazas pola súa dedicación cotiá. Espero que o vindeiro curso 2014-2015, no que celebraremos o 25 Aniversario da institución, sexa moi produtivo para todos e todas.

Salustiano Mato de la Iglesia
Reitor da Universidade de Vigo

2 O curso acadêmico 2013/2014

3 Órganos de gobierno

Órganos Unipersoais

Os órganos unipersoais de goberno da Universidade de Vigo están regulados entre os artigos 49 e 63 dos estatutos. Entre eles están:

Equipo de goberno (curso 2013/2014)

Reitor Salustiano Mato de la Iglesia	
<i>Secretaría xeral (ata o 28/04/2014)</i> María Inmaculada Valeije Álvarez	<i>Secretaría xeral (dende o 29/04/2014)</i> Gloria M. Pena Uris
<i>Vicerreitorías (ata o 28/04/2014)</i>	<i>Vicerreitorías (dende o 29/04/2014)</i>
<i>Economía e Planificación</i> José Manuel García Vázquez	<i>Economía e Planificación</i> José Manuel García Vázquez
<i>Investigación</i> María Asunción Longo González	<i>Investigación e Transferencia</i> María Asunción Longo González
<i>Transferencia do Coñecemento</i> José Antonio Vilán Vilán	
<i>Organización Académica, Profesorado e Titulacións</i> Margarita Estévez Toranzo	<i>Organización Académica e Profesorado</i> Ana María Graña Rodríguez
<i>Alumnado, Docencia e Calidade</i> Ignacio Barcia Rodríguez	<i>Estudiantes</i> María Dolores González Álvarez
<i>Extensión Universitaria e Relacións Internacionais</i> Manuel José Fernández Iglesias	<i>Extensión Universitaria e Relacións Internacionais</i> Manuel José Fernández Iglesias
<i>Campus de Ourense</i> María Lameiras Fernández	<i>Campus de Ourense</i> Virgilio Rodríguez Vázquez
<i>Campus de Pontevedra</i> Antonia Blanco Pesqueira	<i>Campus de Pontevedra</i> Juan Manuel Corbacho
<i>Xerente</i> Manuel Fernández Jauregui	<i>Xerente</i> Manuel Fernández Jauregui

Outros cargos

<i>Comisionada para a Coordinación Interna (ata o 28/04/2014)</i> Ana María Graña Rodríguez	
<i>Comisionado de Plans Estratéxicos</i> Francisco Xavier Martínez Cobas	<i>Comisionado de Plans Estratéxicos</i> Francisco Xavier Martínez Cobas
<i>Comisionado do Campus do Mar</i> Emilio Manuel Fernández Suárez	<i>Comisionado do Campus do Mar</i> Emilio Manuel Fernández Suárez
<i>Comisionado para Novos Proxectos</i> Antonio García Pino	<i>Comisionado para Novos Proxectos</i> Antonio García Pino
<i>Comisionado na Comisión Interuniversitaria de Galicia (CIUG)</i> Antonio Fernández Álvarez	<i>Comisionado na Comisión Interuniversitaria de Galicia (CIUG)</i> Antonio Fernández Álvarez
<i>Comisionado para o Campus da Auga</i> Pedro Membiela Iglesia	<i>Comisionado para o Campus da Auga</i> Pedro Membiela Iglesia
	<i>Comisionada para a Vicesecretaría Xeral Técnica (dende o 01/07/2014)</i> M ^a Ángeles Hermida Paredes

Outros cargos (cont.)

Directora do Centro de Apoio Científico e Tecnolóxico de Investigación (CACTI) Irene Alejo Flores	Directora do Centro de Apoio Científico e Tecnolóxico de Investigación (CACTI) Irene Alejo Flores
Director da Estación de Ciencias Mariñas de Toralla (Ecimat) Ricardo Beiras García-Sabell	Director da Estación de Ciencias Mariñas de Toralla (Ecimat) Ricardo Beiras García-Sabell
Directora do Centro de Investigación biomédica (Cinbio) M ^a África González Fernández	Directora do Centro de Investigación biomédica (Cinbio) M ^a África González Fernández
Directora do Centro de Investigación AtlantTIC Nuria González Prelcic	Directora do Centro de Investigación AtlantTIC Nuria González Prelcic
Director do Centro de Investigación, Transferencia e Innovación (CITI) Xosé Antón Vila Sobrino	Director do Centro de Investigación, Transferencia e Innovación (CITI) Xosé Antón Vila Sobrino

Direccións de área

Área de Centro de Linguas e Servizo de Tradución (ata o 28/04/2014) María Dolores González Álvarez	Área de Centro de Linguas e Servizo de Tradución (dende o 29/04/2014) Esperanza Rama Martínez
Área de Normalización Lingüística Paulo Cabral Pedreira	Área de Normalización Lingüística Paulo Cabral Pedreira
Área de Estudos de Grao Jesús Castro Fojo	Área de Estudos de Grao Jesús Castro Fojo
Área de Estudos de Posgrao Alberto Marcos Arias Acuña	Área de Estudos de Posgrao Alberto Marcos Arias Acuña
Área de Formación e Innovación Educativa (ata o 16/07/2014) Luís Anido Rifón	
Área de Apoio á Docencia e Calidade (ata o 22/06/2014) Inmaculada Prieto Jiménez	Área de Apoio á Docencia e Calidade (dende o 23/06/2014) Xosé María Gómez Clemente
Área de Extensión Cultural, Deportiva e de Comunicacións do Campus de Pontevedra (ata o 03/06/2014) Ana Belén Fernández Souto	Área de Extensión Universitaria-Campus de Pontevedra (ata o 04/06/2014) Manuel Morquecho Barral
	Área de Planificación-Campus de Pontevedra (dende o 11/07/2014) Celso Cancela Outeda
Área de Extensión Universitaria Miguel Ángel Nombela Castaño	Área de Extensión Universitaria Miguel Ángel Nombela Castaño
Área de Igualdade Ana Isabel González Penín	Área de Igualdade Ana Isabel González Penín
Área de Imaxe Marcos Dopico Castro	
Área de Profesorado Javier Pérez Guerra	Área de Profesorado Javier Pérez Guerra
Área de Prevención e Calidade Ambiental Benedicto Soto González	Área de Prevención e Calidade Ambiental Benedicto Soto González

Direccións de área (cont.)

Área de Emprego José Ignacio Armesto Quiroga	
Área de Xestión Académica (ata o 30/06/2014) María Ángeles Hermida Paredes	
Área de Descentralización (ata o 03/06/2014) Alberto Vaquero García	
Área de Docencia e Captación de Talento do Campus do Mar María Elsa Vázquez Otero	
Área de Centro de Investigación Tecnolóxico Industrial Ángel Manuel Espada Seoane	

Órganos colexiados

Os órganos colexiados están regulados no artigo 23 dos Estatutos da universidade de Vigo. Entre eles están: O Claustro Universitario, o Consello de Goberno e o Consello Social.

Claustro Universitario

O Claustro Universitario é o máximo órgano de representación e de control da comunidade universitaria e estará composto por 254 membros.

Reunirase con carácter ordinario, polo menos, dúas veces ao ano. Reunirase con carácter extraordinario de acordo co que dispoña o seu regulamento de réxime interno.

Os Estatutos da Universidade regulan nos artigos 31 ao 36 o Claustro Universitario. Forman parte do Claustro Universitario:

PDI-A ata o 28 de maio de 2014

Alba Castro, José Luís
Alén González, M.^a Elisa
Anaya Revuelta, Inmaculada
Anido Rifón, Luís E.
Arias Sánchez, Pedro
Barajas Alonso, Ángel Antonio
Barreiro Alonso, Enrique
Bermejo Arrieta, Natividad
Bravo Bernárdez, Jorge
Caballero Rúa, Armando
Calvo Ruibal, Natividad
Cancela Outeda, Celso
Caparrini Marín, Natalia
De la Lastra Valdor, Mariano
Deaño Deaño, Manuel
Domínguez Castro, Luís
Enríquez Salido, M.^a del Carmen
Falagán Mota, Jorge
Fernández Fustes, M.^a Dolores

Albo López, M.^a Elena
Álvarez da Costa, Estrella
Aneiros Pereira, Jaime
Arias Estévez, Manuel
Badaoui Fernández, Aida
Barcia Rodríguez, Ignacio
Bergareche Gros, M.^a Almudena
Blanco Pesqueira, Antonia
Bueno Alonso, Jorge Luís
Cabeza Pereiro, Jaime
Cancela Carral, José M.^a
Cancho Grande, Beatriz
Cid Fernández, Xosé Manuel
De Lorenzo Rodríguez, M.^a Edita
Díaz Pereira, M.^a del Pino
Domínguez González, Herminia
Estévez Toranzo, Margarita
Fernández Álvarez, Manuel S.
Fernández López, Francisco Javier

PDI-A ata o 28 de maio de 2014 (cont)

Fernández Méndez, José Luís
Fernández Riverola, Florentino
Fernández Souto, Ana Belén
Fraiz Brea, José Antonio
Gallego Veigas, Pedro Pablo
García Fontán, Soledad
García González, Marta
Garrido Valenzuela, Irene
Godoy Malvar, Eduardo
González Cerdeira, Julia
González Piñeiro, Luís
Grande Seara, Pablo
Gutiérrez Nieto, Manuel
Iglesias Briones, María Jesús
Lameiras Fernández, María
Loeck Hernández, Juan
Lorenzo Cima de Vila, Henrique
Martín Ortega, Elena Beatriz
Meana Martínez, Juan Carlos
Mojón Ojea, Artemio
Morán Martínez, M.^a Paloma
Muñoz López, Luís
Nieto Palmeiro, Óscar
Novo Ramos, Bernardino
Palacio Sánchez, José Antonio
Pazó Martínez, M.^a Consuelo
Pereira Domínguez, Alejandro
Pérez Rodríguez, M.^a Rosa
Pino Juste, Margarita R.
Prada Rodríguez, Julio
Rama Martínez, Esperanza
Rey García, Daniel
Rivero Fernández, M.^a Dolores
Rodríguez Martínez, Francisco Javier
Romo Pérez, Vicente
Ruzicka Kenfel, Veljka
Sánchez Bello, Patricio Alfredo
Siota Álvarez, Mónica
Surís Regueiro, Juan Carlos
Valderrama Santomé, Mónica
Vallejo Pousada, Rafael
Vázquez Dorrio, José Benito
Vázquez Otero, María Elsa
Vera Isasa, María
Vila Alonso, M.^a de las Mercedes

Fernández Olivera, M.^a Luisa
Fernández Seara, José
Ferro Soto, Carlos
Franco Matilla, M.^a Inmaculada
Gálvez Gálvez, Juan Francisco
García Gil, Soledad
García-Pintos Escuder, Adela
Gil Martín, Emilio
Gómez Gesteira, Ramón
González Fernández, M.^a África
González Prelcic, Nuria
Graña Rodríguez, Ana M.^a
Gutiérrez Sánchez, Águeda
Lago Ferreiro, Alfonso
Llamas Nistal, Martín
Longo González, M.^a Asunción
Lorenzo García, M.^a Lourdes
Martínez Piñeiro, Manuel
Mejías Sacaluga, Ana M.^a
Morán González, Jorge Carlos
Moure Rodríguez, M.^a José
Nieto Faza, Olalla
Nombela Castaño, Miguel Ángel
Orge Álvarez, Beatriz P.
Paz Domonte, Enrique
Peleteiro Salgado, José
Pérez Cota, Manuel
Pillado González, Esther M.^a
Pose Blanco, José
Quintás Corredoira, M.^a Ángeles
Ramos Cabrer, Manuel
Rey Losada, Francisco Jesús
Rodríguez de Prado, Francisco
Rodríguez Méndez, Miguel E.
Rubiños López, José Óscar
Sáez Ocejo, José Luís
Sieiro Vázquez, M.^a del Carmen
Souto Otero, José Carlos
Tugores Martorell, Francisco
Valdés Peña, M.^a Dolores
Vaquero Díaz, M.^a Beatriz
Vázquez López, Ezequiel M.
Vázquez Vicente, Xosé H.
Vidal Vázquez, Ricardo

PDI-A dende o 29 de maio de 2014 (data da constitución do novo Claustro Universitario)

Fraiz Brea, José Antonio
García Bugarín, Mercedes
García Gil, Soledad
García González, Silvia
García Sánchez, Manuel
García Soidán, José Luís
Gómez Rodríguez, Alma María
Graña Rodríguez, Ana María
Hernández Sánchez, Jesús
Iglesias Briones, María Jesús
Legido Soto, José Luis
López Fernández, Joaquín
López Pérez, Luís
López Sánchez, Óscar
Luaces Pazos, Ricardo
Mayobre Rodríguez, Purificación
Mejuto Fernández, Juan Carlos
Nóvoa Rodríguez, Xosé Ramón
Patiño Vilas, David
Peña Gallego, Ángeles
Pérez Juste, Ignacio
Picos Martín, Juan
Porteiro Fresco, Jacobo
Pou Saracho, Juan María
Quintáns Graña, Camilo
Ramallo Fernández, Fernando
Rey García, Daniel
Rodríguez Barcia, Susana
Rodríguez Gallardo, Ángel
Rodríguez Rajo, Francisco Javier
Rodríguez Vázquez, Virgilio
Santalla del Río, Verónica
Seoane Posse, Elena Celsa
Siota Álvarez, Mónica
Tugores Martorell, Francisco
Vallejo Pousada, Rafael
Vázquez Dorrió, José Benito
Vázquez Vicente, Xosé Henrique
Vila Alonso, Mercedes

Franco Matilla, María Inmaculada
García Estévez, José Manuel
García González, Marta
García Pino, Antonio
García Señorán, M.^a del Mar
García-Pintos Escuder, Adela
González Cerdeira, Julia
Gutiérrez Sánchez, Águeda
Iglesias Blanco, Raúl
Lantarón Caeiro, Eva M.^a
Llamas Nistal, Martín
López Lago, Marcos
López Periago, José Eugenio
Loveira Pazó, Rosa M.^a
Mandado Vázquez, Alfonso
Meana Martínez, Juan Carlos
Míguez Miramontes, Jesús Manuel
Pardo Froján, Juan E.
Paz Penín, Concepción
Pérez Cota, Manuel
Pérez Rodríguez, M.^a Rosa
Pita Grandal, Ana María
Posada González, David
Prieto Jiménez, Inmaculada
Quintás Corredoira, M.^a Ángeles
Reigosa Roger, Manuel Joaquín
Rey Losada, Francisco Jesús
Rodríguez de Prado, Francisco
Rodríguez Martínez, Francisco Javier
Rodríguez Vázquez, Rosalía
Sánchez Moreiras, Adela M.
Santos Reyes, Valentín
Sieiro Vázquez, Carmen
Torres Romay, Emma
Valero Gutiérrez del Olmo, Enrique
Vaquero Díaz, M.^a Beatriz
Vázquez Otero, Elsa
Vera Isasa, María

PDI-B ata o 28 de maio de 2014

Álvarez Fernández, M.^a Inés
Cabello Pérez, M.^a Paloma
Currás Valle, M.^a Consuelo
Diz Ferreiro, Paula
Doval Ruíz, María Isabel
Gómez Meire, Silvana
Hernández Martín, Primo
Núñez Ramos, José Ramón
Pérez Lorenzo, Moisés
Vivas Martínez, Carlos

Blanco Sierra, Javier
Casarejos Ruíz, Enrique
Del Val García, Jesús
Docampo Parente, Jerónimo
Gil Villanueva, José M.^a
González Dopazo, Lois
Muñoz Dueñas, M.^a del Pilar
Pérez Diz, Ángel Eduardo
Soutelo Soliño, Carlos

PDI-B desde o 29 de maio de 2014 (data da constitución do novo Claustro Universitario)

Alonso Vega, María Flora
Casares Penelas, José Carlos
Coello Pulido, Ángela
Durán Vázquez, José Francisco
Fernández Pintelos, María José
Gil Villanueva, José M.^a
González Dopazo, Lois
González Santamaría, Pedro
Mohamed Falcón, Kais Jacob
Otero Cerdeira, Lorena
Pérez Paz, María Flor

Blanco Sierra, Javier
Cebro Barreiro, Sabela
Doval Avendaño, M.^a Montserrat
Fernández Álvarez, Antón Lois
Ferreiro Vázquez, Óscar
Gómez Meire, Silvana
González Jorge, Higinio
Lugo Latas, Luís
Orge Míguez, José Carlos
Patiño Cambeiro, Faustino
Porto Porto, Benjamín

PAS ata o 28 de maio de 2014

Alberte Pivida, Rodrigo
Basalo Domínguez, David
Cebro Rodríguez, Xoán M.
Couto Darriba, Jesús
Expósito González, Benedicta
Fernández Fernández, Federico A.
Gándara Pérez, José Antonio
González Hernández, Margarita
Iglesias Domínguez, Raquel María
Mollinedo Lois, Carlos
Pajares Domínguez, Sergio
Pérez Gómez, Luís
Rivas Conde, Filemón

Andrés Iglesias, Jesús
Carballo González, Ángeles
Costa González, Alicia
De Oca Cancela, Guillermo
Fariza Novoa, María
Fernández Rey, Aser Ángel
García Meijide, M.^a Carmen
González Piñeiro, Patricia
Méndez Abelleira, Begoña
Novoa Fernández, Yolanda
Paz López, José
Ríos Santomé, María José

PAS desde o 29 de maio de 2014 (data da constitución do novo Claustro Universitario)

Alberte Pivida, Rodrigo
Basalo Domínguez, David
Caride Álvarez, Celso
Conde Casas, Sofía
Couñago Méndez, Práxedes
Expósito González, Benedicta
Fernández Jauregui, Manuel
López Rubianes, Lucrecia M.^a
Martínez Martín, M.^a José
Novoa Fernández, Yolanda
Paz López, José
Ríos Santomé, María José
Velasco Graña, M.^a Rita

Andrés Iglesias, Jesús
Carballo González, M.^a de los Ángeles
Cebro Rodríguez, Xoán Manuel
Costa González, Alicia
De Oca Cancela, Guillermo
Fernández Fernández, Federico A.
Gándara Pérez, José Antonio
Macías Cambra, Henrique
Mollinedo Lois, Carlos
Pajares Domínguez, Sergio
Pérez Gómez, Luís
Rivas Conde, Filemón
Zas Varela, Mónica

Estudantes ata o 28 de maio de 2014

Ábalos Díaz, Elisa
Alonso González, Ángel
Amarelle Pereira, Rosa María
Ardid de Cabo, Ana
Blanco Aragón, Francisco
Borrajó Bastero, Josué
Carrera Álvarez, Silvia
Cid Rodríguez, Tania
Cons Ferreiro, Miguel
Díaz González, Ildefonso
Domínguez Moreira, Isabel
Feijóo López, José Antonio
González Álvarez, Miguel
González Pérez, Mónica
Hurtado de Mendoza Pombo, Diego
Mandayo Fernández, Lorenzo
Muñiz Babarro, Brais
Oliveira Merino, Purificación
Pato Rodríguez, Santiago Eduardo
Pérez Traseira, Beatriz
Rodríguez Lestón, Roberto
Rúas Miguélez, Greta
Suárez Fernández, Rubén
Usera Grossi, David
Vázquez Rodríguez, María Uxía
Vázquez Vázquez, Raquel
Vilariño Sánchez, Manuel

Afonso Rolán, Brais
Álvarez Moreira, José Ángel
Amaro Pintos, Román
Barreiro Rodríguez, Rocío
Boga Suárez, Saray
Buján Santos, Jónatan
Castro Boga, David
Comesaña González, Brais
De los Bueis Mellado, Jorge
Domínguez Groba, Hugo
Fariñas Garrote, Beatriz
Fernández Vila, Rodrigo
González Bello, Marcos
Guerrero Saco, Alejandro
Lema Lema, Adrián
Míguez Fernández, Pablo
Nóvoa Fernández, José Antonio
Outerelo Pérez, Alejandro
Pérez López, Carlos
Pérez Vázquez, Marta
Romero González, Rubén
Sánchez González, Andrés
Thomás de Carranza Moreira, Catalina Anastasia
Vázquez García, Antonio
Vázquez Vázquez, Diego
Veleiro Pinal, Iván

Estudantes dende o 29 de maio de 2014 (data da constitución do novo Claustro Universitario)

Ábalos Díaz, Elisa
Alfonso Carbó, Pedro
Álvarez Francés, Irene
Blanco García, Adrián
Campanini Caffaro, Micaela
Casal Guisande, Manuel
Cid Rodríguez, Tania
Diz Queija, Rebeca
Estévez Caride, Paula
Feijóo López, José Antonio
Fernández Araújo, Iván
Fernández González, Brais
Fortes Novoa, Brais
García Iglesias, Jaime
González Varela, Luís
López Martínez, Alberto
Louzao Carreira, Alexandre
Pato Rodríguez, Santiago Eduardo
Pérez Comesaña, Belén
Prieto Troncoso, Javier José
Rodríguez Freire, Noel
Soneira Sánchez, Alba
Viana Lobato, Miguel
Villamarín Castro, Nilo

Alemparte Villamarín, Andrea
Alonso González, Ángel
Areal Almeida, Natalia
Caamaño Remuiñán, Zaira
Carrillo Pérez, Rosalía
Castro Boga, David
Diéguez Rodríguez, José Miguel
Domínguez González, Gloria
Estévez Castro, Águeda
Fernández Alvarado, Hadrián
Fernández Díaz, Antonio
Fernández Hermo, Uxío
Francisco Bargiela, Agustín
Godoy Pernas, Marcos
Iglesias Besada, Sara
López Martínez, Iago
Martínez Rey, Adrián
Pereira Sánchez, Pablo
Pérez Gaite, Mónica
Ríos Rodríguez, Gonzalo
Sánchez Chao, Cástor
Varela Uzal, Andrea
Vilar Rial, Rubén
Villar Cruces, Pedro

Xuntanzas do Claustro Universitario

13 de decembro de 2013

29 de maio de 2014 (sesión constituínte)

Principais acordos

13 de decembro de 2013

- Aprobación da acta da sesión ordinaria do 17 de xuño de 2013.
- Eleccións ao Claustro Universitario: aprobación dos agrupamentos de centros que haberán de constituír as circunscricións electorais para o sector «outro persoal docente e investigador» (art. 4.4 do Regulamento de réxime interno do Claustro Universitario).
- Aprobación da reforma puntual do artigo 16.2 do Regulamento de profesorado.
- Elección dos seguintes postos no Consello de Goberno:
 - Sector de estudantes
 - Álvarez Moreira, José Ángel (Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais)
 - Veleiro Pinal, Iván (ETS de Enxeñaría de Minas)
 - Sector de decanatos/direccións
 - Rubio Armesto, Belén (decana da Facultade de Ciencias do Mar)
- Elección do seguinte posto no Tribunal de Garantías:
 - Sector de estudantes
 - Puga Alonso, Javier (ETS de Enxeñaría de Minas)

29 de maio de 2014 (sesión constituínte)

- Constitución da Mesa de Idade.
- Foron elixidos membros da Mesa do Claustro:
 - Sector de PDI-A
 - Sánchez Moreiras, Adela M. (suplente: Rodríguez Barcia, Susana)
 - Vázquez Otero, Elsa (suplente: Bergantiño Cid, Gustavo)
 - Sector de PDI-B
 - Ferreiro Vázquez, Óscar (suplente: Cebro Barreiro, Sabela)
 - Gil Villanueva, José María (suplente: Alonso Vega, M. Flora)
 - Sector de estudantes
 - González Varela, Luís (suplente: Fernández Alvarado, Hadrián)
 - Villar Cruces, Pedro (suplente: Diéguez Rodríguez, José Miguel)
 - Sector de PAS
 - Conde Casas, Sofia (suplente: Zas Varela, Mónica)
 - Couñago Méndez, Práxedes (suplente: De Oca Cancela, Guillermo)
- Foron elixidos membros do Consello de Goberno:
 - Sector de decanatos/direccións
 - Alonso Carrera, Jaime (director do Departamento de Fundamentos da Análise Económica e Historia e Institucións Económicas)
 - Araújo Nespereira, Pedro A. (decano da Facultade de Ciencias)
 - Bustillo Bolado, Roberto (decano da Facultade de Dereito)
 - De Lorenzo Rodríguez, Edita (directora da Escola de Enxeñaría de Telecomunicación)

García Señorán, María del Mar (decana da Facultade de Ciencias da Educación)
Lantarón Caeiro, Eva M.^a (directora da Facultade de Fisioterapia)
Lorenzo Cimadevila, Henrique (director do Departamento de Enxeñaría dos Recursos Naturais e Medio Ambiente)
Pérez Abellás, Adolfo (director do Departamento de Didáctica, Organización Escolar e Métodos da Investigación)
Pérez Rodríguez, M.^a Rosa (decana da Facultade de Filoloxía e Tradución)
Pillado González, Esther (directora do Departamento de Dereito Público)
Roca Pardiñas, Javier (director do Departamento de Estatística e Investigación Operativa)
Rodríguez Berrocal, Francisco Javier (director do Departamento de Bioquímica, Xenética e Inmunoloxía)
Romo Pérez, Vicente (director do Departamento de Didácticas Especiais)
Rubio Armesto, Belén (decana da Facultade de Ciencias do Mar)
Vázquez García, Celia (directora del Departamento de Filoloxía Inglesa, Francesa e Alemá)

Sector de PDI-A

Castro Cerceda, M.^a Luisa
Costas González, Xosé Henrique
García-Pintos Escuder, Adela
Llamas Nistal, Martín
Pérez Cota, Manuel
Reigosa Roger, Manuel
Vallejo Pousada, Rafael
Vaquero Díaz, M.^a Beatriz

Sector de PDI-B

González Jorge, Higinio
González Santamaría, Pedro

Sector de estudantes

Blanco García, Adrián
Campanini Caffaro, Micaela
Carrillo Pérez, Rosalía
Fernández Alvarado, Hadrián
Fernández González, Brais
Martínez Rey, Adrián
Pato Rodríguez, Santiago Eduardo
Pereira Sánchez, Pablo

Sector de PAS

Cebro Rodríguez, Xoan M.

– Foron elixidos membros da Comisión Electoral:

Sector de PDI-A

Bravo Bernárdez, Jorge (suplente: Carballo Rial, Rosa)
Mejuto Fernández, Juan Carlos (suplente: Rodríguez Rajo, Fco. Javier)
Vaquero Díaz, M.^a Beatriz (suplente: Arias Acuña, Alberto Marcos)

Sector de PDI-B

Alonso Vega, María Flora (suplente: Mohamed Falcón, Kais Jacob)
Cebro Barreiro, Sabela (suplente: Ferreiro Vázquez, Óscar)
González Santamaría, Pedro (suplente: Casares Penelas, José Carlos)

Sector de estudantes

Estévez Caride, Paula (suplente: Ríos Rodríguez, Gonzalo)
Fernández Alvarado, Hadrián (suplente: González Varela, Luis)

Sector de PAS

Fernández Fernández, Federico A. (suplente: Nóvoa Fernández, Yolanda)
Martínez Martín, M.^a José (suplente: Andrés Iglesias, Jesús)
Zas Varela, Mónica (suplente: Conde Casas, Sofía)

– Foron elixidos membros da Comisión de Reclamacións:

Caballero Rúa, Armando
Durany Castrillo, José
Enríquez Salido, María del Carmen
Estévez Toranzo, Margarita
Parrilla Latas, Ángeles
Vilas Martín, Federico

Mesa do Claustro Universitario

Segundo o establecido no artigo 9 do Regulamento de réxime interno do Claustro Universitario, a Mesa do Claustro é o órgano director, coordinador e moderador do Claustro. Está composta polos seguintes membros:

– Ata o 28 de maio de 2014

Presidente

Salustiano Mato de la Iglesia, Salustiano

Secretaria

M.^a Inmaculada Valeije Álvarez, M.^a Inmaculada

Profesorado con vinculación permanente (PDI-A)

M.^a del Carmen Enríquez Salido, María del Carmen
González Pillado, Esther

Outro persoal docente investigador (PDI-B)

M.^a Isabel Doval Ruíz, M.^a Isabel

PAS

David Basalo Domínguez, David
e Oca Cancela, Guillermo

Estudiantes

Rosa María Amarelle Pereira, Rosa María
Lorenzo Mandayo Fernández, Lorenzo

– Dende o 29 de maio de 2014 (data da constitución do novo Claustro Universitario)

Presidente

Mato de la Iglesia, Salustiano

Secretaria

Pena Uris, Gloria M.^a

Profesorado con vinculación permanente (PDI-A)

Sánchez Moreiras, Adela M.

Outro persoal docente investigador (PDI-B)

Ferreiro Vázquez, Óscar

Gil Villanueva, José M.^a

PAS

Conde Casas, Sofía

Estudantes

González Varela, Luís

Villar Cruces, Pedro

Xuntanzas da Mesa do Claustro Universitario

2 de decembro de 2013

9 de decembro de 2013

20 de xaneiro de 2014

13 de marzo de 2014

Comisión Electoral

Segundo o establecido nos artigos 28 e 29 do Regulamento de réxime interno do Claustro Universitario, á Comisión Electoral correspóndelle regular as eleccións dos membros do Claustro e do reitor, ademais de ser o órgano competente para coñecer e resolver todos os problemas e dúbidas que se poidan presentar nestas e nas demais eleccións consideradas nos Estatutos da Universidade de Vigo.

A Comisión Electoral estará composta por:

– Ata o 28 de maio de 2014

Presidente

Fernández Iglesias, Manuel

Secretaria

Valeije Álvarez, M.^a Inmaculada

Profesorado con vinculación permanente (PDI-A)

Bravo Bernárdez, Jorge

Mónica Valderrama Santomé, Mónica

Outro persoal docente investigador (PDI-B)

Paula Diz Ferreiro, Paula

Hernández Martín, Primo

PAS

Ángeles Carballo González, Ángeles

Federico A. Fernández Fernández, Federico A.

Ríos Santomé, M.^a José

Estudiantes

Rocío Barreiro Rodríguez, Rocío
Jorge De los Bueis Mellado, Jorge
Hugo Domínguez Groba, Hugo
Vázquez García, Antonio

– Dende o 29 de maio de 2014 (data da elección no Claustro Universitario)

Presidente

Fernández Iglesias, Manuel

Secretaria

Pena Uris, Gloria M.^a

Profesorado con vinculación permanente (PDI-A)

Bravo Bernárdez, Jorge
Mejuto Fernández, Juan Carlos
Vaquero Díaz, M.^a Beatriz

Outro persoal docente investigador (PDI-B)

Alonso Vega, María Flora
Cebro Barreiro, Sabela

PAS

Fernández Fernández, Federico A.
Martínez Martín, M.^a José

Estudiantes

Estévez Caride, Paula
Fernández Alvarado, Hadrián

Xuntanzas da Comisión Electoral

23 de xaneiro de 2014
14 de febreiro de 2014
12 de marzo de 2014
20 de marzo de 2014
7 de abril de 2014
17 de xuño de 2014

Consello de Goberno

O Consello de Goberno é o órgano de goberno da Universidade. Nos artigos do 37 ao 39 dos Estatutos da Universidade está regulado o seu funcionamento e composición.

Está formado polos seguintes membros:

– Ata o 28 de maio de 2014

Reitor

Mato de la Iglesia, Salustiano

Vicerreitores/as

Longo González, M.^a Asunción

Estévez Toranzo, Margarita

García Vázquez, Xosé Manuel

Vilán Vilán, Xosé Antonio

Barcia Rodríguez, Ignacio

Fernández Iglesias, Manuel

Costas González, Xosé Henrique

Lameiras Fernández, María

Secretaria xeral

Valeije Álvarez, M.^a Inmaculada

Xerente

Fernández Jauregui, Manuel

Decanos/as e directores/as

Alonso Carrera, Jaime

Araújo Nespereira, Pedro A.

Cabeza Pereiro, Jaime

De Lorenzo Rodríguez, Edita

García Fontán, Soledad

Lantarón Caeiro, Eva M.^a

González Piñeiro, Luís

López Díaz, María

Lorenzo Cimadevila, Henrique

Pérez Abellás, Adolfo

Pérez Rodríguez, María Rosa

Pita Grandal, Ana M.^a

Pou Saracho, Juan María

Rodríguez Berrocal, Fco. Javier

Rubio Armesto, Belén

Suárez Pazos, Mercedes

Persoal docente con vinculación permanente doutor (PDI-A)

Alba Castro, José Luís

Caballero Rúa, Armando

Fernández Souto, Ana Belén

Fernández Suárez, Emilio Manuel

González Cerdeira, Xulia

Grande Seara, Pablo

Graña Rodríguez, Ana María

Martínez Cobas, Fco. Xavier

Meana Martínez, Juan Carlos

Mejías Sacaluga, Ana María
Pereira Domínguez, Alejandro

Outro persoal docente e investigador (PDI-B)

Diz Ferreiro, Paula
Gil Villanueva, José María

Estudantes

Álvarez Moreira, José A.
Barreiro Rodríguez, Rocío
Boga Suárez, Saray
Comesaña González, Brais
De los Bueis Mellado, Jorge
Pato Rodríguez, Santiago Eduardo
Pérez Traseira, Beatriz
Sánchez Gálvez, Estevo
Vázquez García, Antonio
Vázquez Vázquez, Diego

Consello Social

Calviño Rodríguez, Xulio
Martínez Gómez, César Enrique

Persoal de administración e servizos

Cebro Rodríguez, Xan
Mollinedo Lois, Carlos

Sindicatos

Fernández Fernández, Federico
Diez Ferrer, Bienvenido

Xuntanzas do Consello de Goberno

Sesión ordinaria do 29 de outubro de 2013
Sesión ordinaria do 28 de novembro de 2013
Sesión ordinaria do 18 de decembro de 2013
Sesión extraordinaria do 21 de xaneiro de 2014
Sesión ordinaria do 12 de febrero de 2014
Sesión ordinaria do 10 de marzo de 2014
Sesiós ordinaria e extraordinaria do 6 de xuño de 2014
Sesión ordinaria do 4 de xullo de 2014

Principais acordos do Consello de Goberno

29 de outubro de 2013

- Aprobación da acta da sesión ordinaria do 24 de xullo de 2013.
- Estimación do recurso interposto polo profesor D. Rafael Fernández Acevedo e outros profesores da Área de Dereito Administrativo contra o acordo da Xunta de Titulación de Dereito polo rexeitamento da proposta da nova materia optativa.

- Desestimación do recurso interposto pola profesora D.^a Ana Pita Grandal ante o procedemento seguido para adoptar os acordos relativos ás propostas de materias optativas no Grao en Dereito.
- Aprobación do informe favorable para tramitar novas propostas e modificacións de titulacións de grao para o curso 2014/2015.
- Aprobación do informe favorable para tramitar novas propostas e modificacións de titulacións de mestrado para o curso 2014/2015.
- Aprobación do informe favorable para tramitar novas propostas e modificacións de titulacións de doutoramento para o curso 2014/2015.
- Aprobación do Regulamento provisional de réxime interno da Escola Internacional de Doutoramento da Universidade de Vigo.
- Aprobación da primeira edición do Curso de especialista en asesor financeiro europeo.
- Aprobación da modificación do Plan de internacionalización lingüística.
- Aprobación da modificación do Convenio de cooperación educativa para a realización de prácticas académicas externas.
- Aprobación da creación e participación das empresas propostas como EBT da Universidade de Vigo.
- Aprobación do Regulamento de réxime interno do Departamento de Química Orgánica.
- Aprobación da actualización do cadro de tarifas dos distintos servizos do CACTI.
- Aprobación da actualización do cadro de tarifas da Ecimat.
- Aprobación dos seguintes convenios: Convenio marco de colaboración entre a Universidade de Vigo e a Universidade Severino Sombra (Brasil); Convenio específico de colaboración entre a Universidade de Vigo e a Universidade Severino Sombra para o intercambio de estudantes; Convenio marco de colaboración entre a Universidade de Vigo e a Universidade Autónoma de Bucaramaga (Colombia); Convenio específico de colaboración entre a Universidade de Vigo e a Universidade Autónoma de Bucaramaga para o intercambio de estudantes; Convenio marco de colaboración entre a Universidade de Vigo e The Mohammed V University-Agdal (Marrocos); Convenio específico de colaboración entre a Universidade de Vigo e The Mohammed V University-Agdal (Marrocos); Convenio marco de colaboración entre a Universidade de Vigo e a Middle East University (Xordania); Convenio específico de colaboración entre a Universidade de Vigo e a Middle East University (Xordania) para o intercambio de estudantes; Memorando de entendemento entre a Universidade de Vigo e a Kyungpook National University (República de Corea); Convenio específico de colaboración para o intercambio de docentes, investigadores e estudantes en formación de posgraos (mestrado e doutoramento) entre o campus de excelencia internacional Campus do Mar e a Universidade Católica del Norte (Chile); Convenio marco de colaboración entre a Universidade de Vigo e a Universidade Ricardo Palma de Lima (Perú).

28 de novembro de 2013

- Aprobación da acta da sesión ordinaria do 29 de outubro de 2013.
- Aprobación dos criterios para a selección de corpo docente e áreas de coñecemento para a convocatoria de prazas de PDI funcionario no ano 2013.
- Aprobación da proposta de membros da Comisión de Internacionalización Lingüística.
- Aprobación da proposta de membros da Comisión de Mobilidade Internacional.
- Ratificación do plan de estudos do ciclo de especialización do Programa de maiores das Aulas Abertas da Universidade de Vigo.
- Aprobación da creación e participación das empresas Biotecnogal SL e Volta Space SL como EBT da Universidade de Vigo.

- Desestimación do recurso de alzada presentado por D. Roberto Pereira Moreira contra o acordo do Consello de Departamento, do 10 de maio de 2013, onde se aprobou o POD do Departamento de Fundamentos da Análise Económica e Historia e Institucións Económicas.
- Execución da sentenza do TSXG, do 16 de outubro de 2013, pola que se anula o acordo do Consello de Goberno, do 26 de xaneiro de 2012, no que non se lle otorgou o premio extraordinario de doutoramento a D. Gonzalo Astray Dopazo.
- Aprobación do Regulamento de réxime interno do Departamento de Química Física.
- Aprobación dos seguintes convenios: Acordo de cooperación académica entre a Universidade de São Paulo (Brasil) e a Universidade de Vigo; Convenio de cooperación académica entre a Universidade de São Paulo (Brasil) e a Universidade de Vigo para o intercambio de docentes/investigadores, estudantes e membros do equipo técnico-administrativo; Convenio marco de colaboración entre a Universidade de Vigo e Samara State Aerospace University (Rusia); Convenio de colaboración entre a Universidade de Vigo e Samara State Aerospace University (Rusia) para o intercambio de estudantes; Convenio marco de colaboración entre a Universidade de Vigo e a Institución Universitaria Politécnico Grancolombiano.

18 de decembro de 2013

- Aprobación da acta da sesión ordinaria do 28 de novembro de 2013.
- Aprobación do establecemento do teito de gasto para o exercicio orzamentario de 2014.
- Aprobación do proxecto de orzamento da Universidade de Vigo para o ano 2014.
- Aprobación da modificación parcial da relación de postos de traballo do persoal funcionario de administración e servizos da Universidade de Vigo.
- Aprobación da reforma do artigo 3 da Normativa para o nomeamento de profesorado emérito da Universidade de Vigo.
- Aprobación da convocatoria de concesión de anos sabáticos para o curso 2014/2015.
- Aprobación da modificación dos artigos 4 e 5 do Regulamento de estudos oficiais de posgrao.
- Aprobación dos criterios de elaboración da programación docente anual para o curso 2014/2015.
- Nomeamento dos membros da Comisión de Internacionalización Lingüística polo sector de estudantes.
- Aprobación da modificación do modelo de Convenio de cooperación educativa para a realización de prácticas académicas externas no estranxeiro.
- Aprobación dos seguintes convenios: Convenio marco de colaboración entre a Universidade de Vigo e a Universidade do Oeste de Santa Catarina (Brasil); Convenio específico de colaboración entre a Universidade de Vigo e a Universidade do Oeste de Santa Catarina (Brasil) para o intercambio de estudantes; Convenio marco de colaboración entre a Universidade de Vigo e a Universidade Autónoma de Chile; Convenio específico de colaboración entre a Universidade de Vigo e a Universidade Autónoma de Chile para o intercambio de estudantes.
- Foron elixidos membros da Comisión de Organización Académica e Profesorado:
 - Sector de PDI: Rubio Armesto, Belén
 - Sector de estudantes: Veleiro Pinal, Iván

21 de xaneiro de 2014

- Aprobación da proposta dos premios extraordinarios de fin de carreira, grao e doutoramento.
- Convocatoria de eleccións para a renovación total do Claustro Universitario (artigo 39.n dos Estatutos da Universidade de Vigo).

12 de febreiro de 2014

- Aprobación das actas correspondentes ás sesións ordinaria do 18 de decembro de 2013 e extraordinaria do 20 de xaneiro de 2014.
- Aprobación da programación conxunta de estudos oficiais (simultaneidade) dos estudos de Grao en ADE e Dereito.
- Aprobación da Normativa de dedicación do profesorado e de recoñecemento no POD de actividades do PDI para o curso 2014/2015.
- Aprobación das normas básicas do POD do curso 2014/2015.
- Aprobación da modificación puntual dos programas de doutoramento en Ciencia e Tecnoloxía Química e en Láser, Fotónica e Visión.
- Aprobación da modificación de tarifas do CITI.
- Aprobación da modificación de tarifas do CACTI.
- Aprobación da convocatoria de axudas á investigación do ano 2014.
- Aprobación do Regulamento de recoñecemento de créditos por realizar actividades universitarias culturais, deportivas, de representación estudantil, solidarias e cooperación.
- Desestimación do recurso de alzada presentado por D.^a Andrea Seoane-Pampín González contra a inadmisión a trámite da súa solicitude de avaliación curricular pola Xunta de Centro da Facultade de Ciencias da Educación e do Deporte.
- Desestimación do recurso de alzada presentado por D.^a M.^a Teresa Vilas Cubela contra a inadmisión a trámite da súa solicitude de avaliación curricular pola Xunta de Centro da Facultade de Ciencias da Educación e do Deporte.
- Estimación parcial do recurso de alzada interposto polos profesores do Departamento de Análise e Intervención Psicosocioeducativa, D. Antonio González Fernández e outros, contra os acordos da COAP dos días 20 e 27 de maio de 2013.
- Desestimación do recurso de alzada interposto por D. Francisco Conde Fernández contra o acordo da Comisión Académica do Máster da Avogacía de Ourense, que ratifica a adxudicación de prazas de profesorado que foron propostas polo Ilustre Colexio de Avogados de Ourense.
- Aprobación en relación coa herdanza de D.^a Alicia Crespi da conmutación do usufruto do viúvo D. Ángel González Herrero, de forma condicionada ao reparto de toda a herdanza globalmente considerada nunha unidade de acto, e aceptación do sistema de sorteo ante notario dos lotes propostos.
- Aprobación do Regulamento de réxime interno do Departamento de Lingua Española.
- Aprobación dos seguintes convenios: Convenio marco de colaboración entre a Universidade de Vigo e a Universidade de Ribeirão Preto (Brasil); Convenio específico de colaboración entre a Universidade de Vigo e a Universidade de Ribeirão Preto (Brasil) para o intercambio de estudantes; Convenio marco de colaboración entre a Universidade de Vigo e a Universidade Eafit; Convenio marco de colaboración entre a Universidade de Vigo e a Universidade Politécnica Salesiana (Ecuador); Convenio específico de colaboración entre a Universidade de Vigo e a Universidade Politécnica Salesiana (Ecuador); Convenio marco de colaboración entre a Universidade de Vigo e a Universidade de Ciencias Económicas de Poznań (Polonia); Convenio marco de colaboración entre a Universidade de Vigo e a Corporación Universidade Piloto de Colombia.

10 de marzo de 2014

- Aprobación da acta correspondente á sesión ordinaria do 12 de febreiro de 2014.
- Aprobación do límite de prazas para o curso 2014/2015.
- Aprobación da programación docente anual (PDA) para o curso 2014/2015.

- Aprobación de excedencia temporal nas condicións previstas no artigo 17.4 da Lei 14/2011 da ciencia, a tecnoloxía e a innovación.
- Aprobación da capacidade docente do profesor David Posada González.
- Aprobación dunha modificación parcial da relación de postos de traballo do persoal laboral de administración e servizos e delegación na Xerencia para ditar as instrucións e adoptar os acordos necesarios para executala.
- Aprobación do Regulamento de réxime interno da Facultade de Ciencias do Mar.
- Aprobación do modelo de convenio de colaboración para o recoñecemento mutuo de créditos ECTS.
- Aprobación dos seguintes convenios: Convenio específico de colaboración entre a Universidade de Vigo e a Universidade de Pau et des Pays de l'Adour para a obtención de dobre titulación: Grao en Comercio (Universidade de Vigo) e Licence en Economie et Gestion (Universidade de Pau et des Pays de l'Adour); Convenio marco de colaboración entre a Universidade de Vigo e a Universidade Católica de Uruguay Dámaso Antonio Larrañaga; Convenio específico de colaboración entre a Universidade de Vigo e a Universidade Católica de Uruguay Dámaso Antonio Larrañaga para o intercambio de estudantes.

Sesións ordinaria e extraordinaria do 6 de xuño de 2014

Reunión extraordinaria constituínte

- Constitución do Consello de Goberno.
- Aprobación da acta da sesión extraordinaria constituínte do día 6 de xuño de 2014.

Reunión ordinaria

- Aprobación da acta correspondente á sesión ordinaria do 10 de marzo de 2014.
- Foron elixidos os seguintes membros das comisións delegadas estables do Consello de Goberno: Organización Académica e Profesorado, Planificación e Asuntos Económicos, Investigación, e Extensión Universitaria e Estudiantes.
 - Comisión de Organización Académica e Profesorado
 - Sector de PDI
 - Belén Rubio Armesto (Campus de Vigo, ámbito científico)
 - Edita de Lorenzo Rodríguez (Campus de Vigo, ámbito tecnolóxico)
 - Francisco Javier Rodríguez Berrocal (Campus de Vigo, ámbito científico)
 - Roberto Bustillo Bolado (Campus de Ourense, ámbito xurídico-social)
 - Vicente Romo Pérez (Campus de Pontevedra, ámbito xurídico-social)
 - Sector de estudantes
 - Hadrián Fernández Alvarado (Campus de Ourense, ámbito xurídico-social)
 - Pablo Pereira Sánchez (Campus de Vigo, ámbito científico)
 - Comisión de Planificación e Asuntos Económicos
 - Sector de PDI
 - Henrique Lorenzo Cimadevila (Campus de Pontevedra, ámbito tecnolóxico)
 - M. Mar García Señorán (Campus de Ourense, ámbito humanístico)
 - M.^a Rosa Pérez Rodríguez (Campus de Vigo, ámbito humanístico)
 - Pedro González Santamaría (Campus de Vigo, ámbito tecnolóxico)
 - Rafael Vallejo Pousada (Campus de Vigo, ámbito xurídico-social)
 - Sector de estudantes
 - Adrián Martínez Rey (Campus de Vigo, ámbito tecnolóxico)
 - Micaela Campanini Caffaro (Campus de Pontevedra, ámbito xurídico-social)

- Comisión de Investigación

Sector de PDI

Esther Pillado González (Campus de Vigo, ámbito xurídico-social)
Juan Carlos Meana Martínez (Campus de Pontevedra, ámbito de humanidades)
M.^a Luisa Castro Cerceda (Campus de Vigo, ámbito científico)
Manuel Joaquín Reigosa Roger (Campus de Vigo, ámbito científico)
Martín Llamas Nistal (Campus de Vigo, ámbito tecnolóxico)

Sector de estudantes

Rosalía Carrillo Pérez (Campus de Ourense, ámbito xurídico-social)
Santiago Eduardo Pato Rodríguez (Campus de Vigo, ámbito tecnolóxico)

- Comisión de Extensión Universitaria e Estudantes

Sector de PDI

Elena Rivo López (Campus de Ourense, ámbito xurídico-social)
Eva M.^a Lantarón Caeiro (Campus de Pontevedra, ámbito de ciencias da saúde)
Higinio González Jorge (Campus de Vigo, ámbito tecnolóxico)
Pedro A. Araújo Nespereira (Campus de Ourense, ámbito científico)
Xosé Henrique Costas González (Campus de Vigo, ámbito de humanidades)

Sector de estudantes

Adrián Blanco García (Campus de Vigo, ámbito científico)
Brais Fernández González (Campus de Vigo, ámbito xurídico-social)

- Foron elixidos os seguintes membros da Comisión de Reclamacións a prazas de profesorado contratado:

Sector de PDI

Adolfo Pérez Abellás
Francisco Tugores Martorell
M.^a Beatriz Vaquero Díaz
M.^a Teresa Iglesias Randulfe
Xosé Manuel González Martínez

- Aprobación dos criterios de avaliación da produción de investigación aplicables aos méritos correspondentes ao ano 2013.
- Aprobación dos criterios de avaliación da produción de transferencia aplicables aos méritos correspondentes ao ano 2013.
- Aprobación da conta de liquidación do orzamento da Universidade de Vigo do exercicio 2013.
- Aprobación dos criterios económicos para a xestión académica do curso 2014/2015.
- Aprobación do calendario e do procedemento para aprobar propostas e modificacións de titulacións de grao, mestrado e doutoramento para o curso 2015/2016.
- Aprobación do acordo sobre recoñecemento da equivalencia das titulacións anteriores ao Real decreto 1393/2007 para os efectos do acceso aos estudos oficiais de doutoramento na Universidade de Vigo.
- Aprobación da modificación dos artigos 24, 38 e 44 do Regulamento de estudos de doutoramento da Universidade de Vigo.
- Ratificación da Resolución reitoral, do 8 de maio de 2014, que regula o acceso ao SUG do estudantado de títulos superiores de formación profesional e do estudantado procedente doutros sistemas educativos.
- Aprobación da primeira edición do Curso de especialista en dobraxe.

Un total de 54 deportistas (14 mulleres e 40 homes) representaron a Universidade de Vigo nos campionatos de España universitarios e acadaron un total de vinte medallas individuais. En taekwondo, a Universidade de Vigo logrou o segundo posto final na clasificación por equipos e consegue continuar a súa xeira de podios estatais universitarios de xeito ininterrompido dende o ano 2002. Cabe salientar tamén a participación do equipo de balonmán masculino do Campus de Pontevedra na fase final desta modalidade.

Deporte federado

O Vigo Rugby Club, vinculado á Universidade de Vigo, foi quen de acadar a súa permanencia na máxima categoría do rugby estatal e xogará por cuarto ano consecutivo na liga de división de honra.

Pola súa banda, o equipo de xadrez do Campus de Vigo non acadou o obxectivo de ser campión galego absoluto por terceiro ano consecutivo, aínda que alcanzou o segundo posto final por detrás do Interrías-Sanxenxo. Ademais, participou no Campionato de España de Primeira División e conseguiu manterse un ano máis entre os mellores equipos do Estado español.

Internacionalización e programa Erasmus prácticas

O curso académico caracterizouse polo fomento das estratexias de internacionalización, para o que se contou co apoio dunha alumna bolseira do último curso de Tradución e Interpretación.

Ata tres estudantes dentro do programa Erasmus prácticas colaboraron co Servizo de Deportes durante o curso. No primeiro cuatrimestre foi unha alumna de Konstanz (Alemaña) e xa no segundo outra alumna alemá, da Universidade de Münster, e un estudante eslovaco da Universidade Comenius de Bratislava. Todos eles foron quen de contribuír á internacionalización do servizo a través de iniciativas tan novas como o programa Train and Talk, que serviu para favorecer de xeito efectivo os encontros deportivos entre estudantes Erasmus e estudantes locais.

Cabe salientar tamén a participación activa de técnicos do servizo na International Staff Training Week celebrada en Berlín durante a primeira semana de xuño.

I Xornadas de Deporte Universitario Galaico-Duriense

Entre os días 11 e 12 de xuño tiveron lugar no Campus de Ourense as I Xornadas de Deporte Universitario Galaico-Duriense, baixo o título «Estratexias para as relacións comunicativas en servizos deportivos». Este evento congregou vinte e cinco técnicos e responsables deportivos universitarios das seis universidades da eurorrexión Galicia-Norte de Portugal que compoñen o grupo Galaico-Duriense: Minho, UTAD, O Porto, A Coruña, Santiago de Compostela e Vigo.

Nestas xornadas participaron tamén os decanatos das titulacións vinculadas ao deporte nas universidades do Porto, UTAD, IP de Viana, Melgaço, A Coruña e Vigo, así como a Fundación Deporte Galego.

XXII Gala do Deporte Universitario

O 28 de novembro de 2013, o Campus de Ourense acolleu a XXII Gala do Deporte que, como nas edicións anteriores, estivo presidida polo reitor.

Ademais do recoñecemento aos/as deportistas que acadaron os mellores resultados nas diferentes competicións no ámbito federado e no universitrio, o reitor Salustiano Mato fixo entrega da mención especial á persoa máis destacada do ano dentro do cadro de persoal á profesora do Campus de Ourense Aurora Martínez Vidal, e do premio egresado do ano a Lorena Luaces Barril. Tamén se fixo entrega do II Premio Valor Solidario (curso 2012/2013) á asociación ourensá Aixiña e o II Premio Vida á traxectoria persoal e deportiva a Antonio Cid Cortés (paraolímpico en Boccia).

No transcurso da gala fixéronse tamén entrega dos V Premios á Excelencia Deportiva, no que foron destacados os seis estudantes da universidade (tres homes e tres mulleres) que xuntaron máis méritos na suma dos seus resultados deportivos e académicos. Os gañadores finais foron Laura Lorenzo e Francisco Padín.

Rutas culturais

Un curso máis, este programa de rutas organizadas baixo a dirección do Clube Universitario de Cultura e Ocio do Campus de Ourense destacou pola súa diversidade. Así, a ruta en catamarán polos canóns do Sil, a nevada durante a ruta de San Mamede ou a participación do investigador e biólogo portugués Pedro Gomes na ruta das praias de Portugal deixaron unha grata pegada nos/as participantes. A media de participación en cada unha delas foi superior ás 90 persoas procedentes dos tres campus universitarios e rexistrouse un total de 1008 inscricións no total das once rutas do programa.

Programa Augaventura

Neste curso académico volveuse repetir a fórmula do programa dobre (outono e primavera), e incluíronse cinco actividades (surf, vela, mergullo, windsurf e descenso de rápidos). A participación rexistrada foi dun total de 289 persoas (156 mulleres e 133 homes), 136 na edición de outono e 153 na de primavera.

O programa lévase a cabo en colaboración co Campus do Mar e, mediante experiencias dun día, tenta achegarlle o medio acuático á comunidade universitaria e dar a coñecer de xeito lúdico diversas modalidades tanto no río como no mar.

Programa Delecer

O programa de ocio e tempo libre vai xa pola súa décimo cuarta edición, cun programa que se desenvolveu nos meses de maio e xuño para buscar unhas óptimas condicións para a súa práctica.

Repetiuse a fórmula de tres actividades (parapente, paracaidismo e pontismo), na que tomaron parte 44 persoas (23 mulleres e 21 homes).

Pavillón verde en Pontevedra

O plan Pavillón verde é unha das accións programadas dentro do proxecto Green Campus.

Así, foron estudados os espazos, os consumos de agua e enerxía e as emisións asociadas ao pavillón universitario a través da participación de once entidades. O traballo deu lugar a 18 propostas de actuación en determinadas áreas, das que cinco foron seleccionadas para ser levadas a cabo ao longo do ano 2014: un protocolo para eventos deportivos, un diagnóstico da accesibilidade, levarase a cabo na entrada do campus unha plantación para compensar as emisións xeradas, mellora da xestión de residuos e difusión do proxecto a través das redes sociais.

Paralelamente, tivo lugar a selección dun proxecto de execución dun mural no exterior do propio pavillón universitario.

Campus Ourense Convida

Outro feito salientable foi a extensión das xornadas Martes Convida, incluídas no proxecto Ourense Convida, aos campus de Pontevedra e Vigo.

A actividade desta iniciativa ourensá que comezara no ano 2011 incluíu o inicio do proceso de avaliación dos seus impactos no alumnado que cumpre o cuarto ano de estancia na Universidade de Vigo.

15 Oficina de Relacións Internacionais (ORI)

1 A mobilidade de estudantes, PDI e PAS da Universidade de Vigo

1.1 Estudantes

Durante o curso 2013/2014 un total de 692 estudantes da Universidade de Vigo participaron en programas de mobilidade internacional, de estudos ou prácticas.

O programa Erasmus

Catrocentos noventa e cinco estudantes (242 homes e 253 mulleres) da Universidade de Vigo cursaron parte da súa formación noutros centros de educación superior en Europa co programa Erasmus; 336 estudantes procedían do Campus de Vigo, 84 de Ourense e 75 de Pontevedra.

Mantéñense as preferencias por Italia, Polonia, Alemaña e Portugal.

O Programa de bolsas propias da Universidade de Vigo

Un total de 72 estudantes (47 mulleres e 25 homes) gozaron dunha bolsa propia da Universidade de Vigo en países extracomunitarios, agás dous estudantes de Esdempa en Europa: 10 do Campus de Ourense, 22 do Campus de Pontevedra e 40 do Campus de Vigo. Brasil con 23 estadías e México con 13 destacan como países preferentes, seguidos de Chile e Canadá.

O programa ISEP

No marco do programa ISEP, 12 estudantes (6 homes e 6 mulleres) cursaron estudos en universidades norteamericanas: 1 do Campus de Ourense, 1 do Campus de Pontevedra e 10 do Campus de Vigo.

O programa de bolsas Iberoamérica estudantes de grao

Quince estudantes (7 homes e 8 mulleres) gozaron de bolsas no marco desta convocatoria: 3 do Campus de Ourense e 12 do Campus de Vigo.

O programa de bolsas Fórmula Santander

Dous estudantes (un home e unha muller) gozaron de bolsas no marco desta convocatoria, os dous do Campus de Vigo.

O programa de prácticas Erasmus

Con respecto á mobilidade de estudantes en prácticas, en 2013/2014 un total de 69 estudantes (29 mulleres e 40 homes) participaron no programa Erasmus Prácticas.

O alumnado realizou prácticas nos seguintes países: Alemaña, Austria, Bélxica, Dinamarca, Eslovenia, Finlandia, Francia, Grecia, Irlanda, Italia, Luxemburgo, Malta, Polonia, Portugal, Reino Unido, República Checa, Turquía e Suíza. Destacan como destinos preferidos Portugal con 18 mobilidades, Alemaña con 9, Reino Unido con 7 e Italia con 5.

Por ámbitos de coñecemento a distribución é a seguinte: tecnolóxico (30 alumnos/as); xurídico-social (25 alumnos/as); científico (7 alumnos/as) e humanístico (7 alumnos/as).

O centro con máis alumnado participante foi a ETSE Industrial con 13 participantes, seguida da ETSE de Telecomunicación e da Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais, ambas as dúas con 9 mobilidades, e a continuación Ciencias Sociais (7), Facultade de Filoloxía e Tradución (5), Ciencias do Mar (5), Ciencias da Educación (4), Escola de Enxeñaría Forestal (3), ESE Informática (2), Facultade de Ciencias (2), ETSE de Minas (2), e Facultade de Ciencias da Educación e do Deporte (2). Por último, participou un estudante de cada un dos seguintes centros: Facultade de Ciencias Empresariais e Turismo, Facultade de Dereito, Facultade de Historia, EUE Empresariais, Facultade de Química e Facultade de Belas Artes.

A duración media das estadías foi de 4,8 meses.

As prácticas internacionais extracurriculares

A ORI tramitou a documentación dun total de seis estudantes (tres mulleres e tres homes), que realizaron prácticas extracurriculares por convenio durante o curso 2013/2014.

Tramitáronse convenios de prácticas internacionais extracurriculares coas seguintes empresas/institucións: Safr SAS, Albi (Francia), Recoveragile Lda. (Portugal), Casa do Pilar Mediação de Seguros (Portugal), Creolia Mercure Hotels SAS (Francia) e Sports & Languages International Limited (Reino Unido). A ORI prestoulles asesoramento e apoio aos centros interesados en ofrecerlle prácticas internacionais curriculares ao seu alumnado.

O Programa de libre mobilidade

Quince estudantes realizaron unha estadía nunha universidade estranxeira (11 mulleres e 4 homes): 3 do Campus de Ourense, 4 do de Pontevedra e 8 do de Vigo.

Outros programas

No marco do proxecto financiado pola Unión Europea «Erasmus Mundus GreenIT for the Benefit of Civil Society» a Universidade de Vigo enviou seis estudantes: catro estudantes de grao (dous a Marrocos e dous a Alxeria) e dous estudantes de mestrado a Marrocos.

1.2 PDI

No marco do programa Erasmus, 89 docentes (30 mulleres e 59 homes) desprazáronse a universidades europeas para impartir docencia: 17 do Campus de Ourense, 10 de Pontevedra e 62 do Campus de Vigo. Portugal, Italia e Reino Unido foron os destinos preferentes.

No marco do proxecto financiado pola Unión Europea «Erasmus Mundus GreenIT for the Benefit of Civil Society» catro membros do persoal académico gozaron dunha bolsa de mobilidade: dous en Túnez e dous en Marrocos.

1.3 PAS

Dez bolseiros/as realizaron unha estadía Erasmus (5 mulleres e 5 homes): 2 en Alemaña, 1 en Dinamarca, 2 en Francia, 1 en Hungría e 4 en Reino Unido.

No marco do proxecto financiado pola Unión Europea «Erasmus Mundus GreenIT for the Benefit of Civil Society» a Universidade de Vigo enviou un membro do PAS a Marrocos.

2 A captación e a recepción de estudantes e persoal estranxeiro

2.1 Estudantado estranxeiro

A ORI potenciou a recepción de estudantes de todas as nacionalidades, xestionando a mobilidade de 485 estudantes estranxeiros (288 mulleres e 197 homes): 379 no Campus de Vigo, 44 en Ourense e 62 en Pontevedra: 322 estudantes Erasmus, principalmente de Alemaña (72), Polonia (59), Francia (44), Italia (41), Reino Unido (21), Portugal (16), Eslovaquia (10), República Checa (10), Bélxica (9) e Turquía (9), e doutros países: Austria (7), Grecia (6), Romanía (6), Finlandia (5), Lituania (3), Países Baixos (1) e Croacia (1); 81 estudantes de convenios de cooperación bilaterais assinados pola Universidade de Vigo e procedentes de Arxentina, Brasil, Chile, China, Colombia, Estados Unidos, México, República de Corea e Taiwan; 1 estudante do programa Ciencias sen fronteiras de Brasil; 14 estudantes dentro do programa ISEP e 4 estudantes ISEP I-I con Nicaragua, Uruguai e Xapón; 23 estudantes estranxeiros Erasmus prácticas procedentes de Alemaña, Austria, Croacia, Eslovaquia, Francia, Grecia, Italia, Polonia, Portugal, Reino Unido e Romanía; 2 estudantes da Fundación Carolina procedentes de Colombia e México e 7 estudantes visitantes de Brasil, Francia e México; 1 estudante do programa GE4 procedente de Arxentina e 17 estudantes do programa Pronabec co Perú; 13 estudantes Erasmus Mundus Green IT de Alxeria, Exipto, Marrocos e Túnez que chegaron á Universidade de Vigo e se xestionaron a través da Oficina Erasmus Mundus Green IT. Recibimos tamén a maiores un total de 11 estudantes visitantes estranxeiros de investigación procedentes de Turquía (1), Arxelia (1), Francia (1), Irán (1), México (2), Brasil (2), Portugal (1), Italia (1) e Colombia (1).

En setembro de 2013 e febreiro de 2014 celebráronse en cada campus os actos de benvinda.

2.2 Profesorado

Desde a ORI facilitouse o apoio institucional para a recepción deste persoal: tramitación de documentación para visados, reservas de aloxamento etc.

2.3 Persoal de administración e servizos

Organizouse a cuarta edición da semana internacional da Universidade de Vigo «Multilingual Universities: Preparing EU Citizens for a Global Society» cos seguintes temas: *multilingualism and internationalization at home; multilingual language policies in higher education; language training and language support measures for teachers, students and administrative staff; English Medium Instruction in European Universities*. Este evento tivo lugar entre o 23 e o 27 de xuño de 2014 con 71 participantes procedentes de Turquía, República Checa, Alemaña, Polonia, Italia, Lituania, México, España, Grecia, Romanía, Bélxica, Francia, Estonia, Reino Unido, Hungría, Portugal e Letonia.

Tamén en relación coa mobilidade de PAS Erasmus recibíronse 22 persoas en diferentes servizos da Universidade de Vigo. No marco do proxecto financiado pola Unión Europea «Erasmus Mundus GreenIT for the Benefit of Civil Society» a Universidade de Vigo recibiu un membro de persoal administrativo de Túnez.

3 A participación en programas e proxectos internacionais

3.1 Proxectos de educación e de cooperación ao desenvolvemento internacionais presentados en 2014

Convocatoria Erasmus+

Call 2014- KA2-Cooperation for Innovation and the exchange of good practices. Strategic Partnerships for Higher Education

- «E-learning platform for integrated studies in accounting, valuation and corporate governance (EPISAV)». Entidade solicitante: Vytautas Magnus University (VMU) Lituania. Coordinadora na Universidade de Vigo: Belén Fernández Feijoo.
- International Learning Platform for Accountancy (ILPA)». Proxecto aprobado. -31/08/2017 (36 meses). Orzamento: 343 865 €. Entidade solicitante: Universidade Innsbruck de Austria. Coordinadora na Universidade de Vigo: Belén Fernández Feijoo.
- «Systèmes juridiques et droits des entreprises dans l'UE: Traduire et interpréter dans la diversité». Proxecto aprobado. Período: 01/09/2014-31/08/2017 (36 meses). Orzamento: 75 105 €. Entidade solicitante: Jihočeská Univerzita v Českých Budejovicích (JU) da República Checa. Coordinadora na Universidade de Vigo: Susana Cruces.
- «English as competitive tool for Tourism». Entidade solicitante: Cooperativa de Formação Cultural, CRL (COFAC), Portugal. Coordinadora na Universidade de Vigo: Rosa Alonso.
- «STUDIS-Preparing Students with Disabilities to the Global Job Market». Entidade solicitante: Lodz University of Technology (TUL) de Polonia. Coordinador na Universidade de Vigo: Manuel José Fernández Iglesias. Non foi aprobado.
- INNOBYDT-Innovative Education by Design Thinking and Interdisciplinary Projects». Entidade solicitante : Lodz University of Technology (TUL) de Polonia. Coordinador na Universidade de Vigo: Manuel José Fernández Iglesias. Non foi aprobado.
- «Open Lesson Plans and Educational Resources for Teaching Innovation». Entidade solicitante (OAPEE): Universidade de Vigo. Coordinador: Manuel Caeiro Rodríguez. Non foi aprobado.
- «A European Guidance Counselling Concept for International Youth Mobility». Período: 01/10/2014-01/10/2016 (24 meses de vixencia). Orzamento: 297 015 €. Entidade solicitante: Hochschule der Bundesagentur für Arbeit. Coordinadora na Universidade de Vigo: Emilia Seoane. Proxecto aprobado.

Convocatoria Erasmus Mundus

- «EU4M Joint Master Degree-Consortium». Entidade solicitante: Universidad de Oviedo. Coordinador na Universidade de Vigo: Nacho Armesto. Participación en calidade de *associated member*.
- «MERIT-Mobility for Education and Research to Improve knowledge Transfer between Europe and Latin America». Entidade solicitante: Universidade Nova de Lisboa (Portugal). Coordinadora: Universidade Autónoma de Honduras. Coordinadores na Universidade de Vigo: Rebeca Díaz e Luis Domínguez. Non foi aprobado.
- «EMJOY-Erasmus Mundus Joint Initiative: new Opportunities for You». Entidade solicitante: Universidade do Porto (Portugal). Coordinadora: Universidade Estadual Paulista Júlio de Mesquita Filho (Brasil). Coordinadoras na Universidade de Vigo: Rebeca Díaz e Ana Fernández Vilas. Non foi aprobado.
- EuroINKANet-Europe and Latin America Innovation and Knowledge Academic Network». Proxecto aprobado. Duración: 4 anos. Orzamento: 3 159 800 €. Entidade solicitante: Manchester Metropolitan University (Reino Unido). Coordinadora: Universidade Estadual Paulista Júlio de Mesquita Filho (Brasil). Coordinadoras na Universidade de Vigo: Rebeca Díaz, Ana Fernández Vilas e Eva Garea Oya.
- «BAMBOO-Building Association for Mobility and Cooperation». Entidade solicitante: Universidade de Ljubljana (Eslovenia). Coordinadoras na Universidade de Vigo: Rebeca Díaz e Ana Fernández Vilas. Non foi aprobado.
- «SEEDS». Entidade solicitante: Universidade de Bretagne Occidentale (Francia). Coordinación na Universidade de Vigo: Irene Alejo e Gabriel Rosón. Non foi aprobado.
- «Erasmus Mundus Green TECH WB: Smart and Green Technologies for Innovative and Sustainable Societies in Western Balkans-Strand 1-Lot 2». Proxecto aprobado. Período: 15/07/2014-14/07/2018. Orzamento: 2 921 875 €. Entidade solicitante: Universidade de Vigo. Coordinadoras na Universidade de Vigo: Ana Fernández Vilas, Rebeca Díaz e Eva Garea Oya.
- «SHARE». Entidade solicitante: Universidade de Lyon 3-Jean Moulin (Francia). Coordinadora na Universidade de Vigo: Araceli Crespán. Non foi aprobado.

Convocatoria Jean Monnet

- «Understanding the European Union in the 21st century Jean Monnet Chair». Proxecto aprobado. Orzamento: 53 130 €. Entidade solicitante: Universidade Vigo. Coordinador na Universidade de Vigo: Celso Cancela Outeda.

Convocatoria Sport

- Collaborative Partnerships (convocatorias pendentes de resolución):
«B ACTIV-Programme for the development of physical activity in Higher Education». Entidade solicitante: Universidade do Porto (Portugal). Coordinación na Universidade de Vigo: Javier Rial e Eva Garea.
- Not-for profit Sports Events:
«Eurokonstantia: 10th Anniversary of the European Higher Education Sports Event in Konstanz, Germany». Entidade solicitante: Universidade de Konstanz (Alemaña). Coordinador na Universidade de Vigo: Javier Rial.

Convocatoria da Xunta de Galicia de proxectos de cooperación para o desenvolvemento no exterior promovidos polos axentes de cooperación

- «Mellora da xestión sostible e rendible dos recursos e servizos mariños en Cabo Verde a través do desenvolvemento de redes de monitorización do estado ecolóxico do medio costeiro para a súa aplicación a produción pesqueira e a conservación». Entidade solicitante: Universidade de Vigo. Coordinador na Universidade de Vigo: Campus do Mar. Proxecto non aprobado.
- «Impactos e adaptación ao cambio climático en Centroamérica respecto ao sector da pesca e acuicultura a pequena escala». Entidade solicitante: Universidade de Vigo. Coordinador na Universidade de Vigo: Campus do Mar. Proxecto non aprobado.
- «Fortalecemento institucional para a creación dun posgrao en ordenamento territorial no Instituto de Investigación y Postgrado da Facultade de Arquitectura e Urbanismo Central do Ecuador». Entidade solicitante: Universidade de Vigo. Coordinador na Universidade de Vigo: Carlos Jardón. Pendente de resolución.

AECID-accións de cooperación para a realización de proxectos de innovación para o desenvolvemento

-«Produción e aplicación de impermeabilizantes de cubertas elaborados con materiais reciclados para mellorar o hábitat». Entidade solicitante: Universidade de Vigo. Coordinadora na Universidade de Vigo: Carmen María Abreu. Pendente de resolución.

3.2 Xestión e apoio na implantación en 2013/2014 dos seguintes proxectos educativos

- Programa Jean Monnet: proxecto «We are European Citizens», coordinado polo profesor Luis Domínguez Castro; módulo Jean Monnet: «Crossing Borders in the European Area of Justice: Civil, Commercial and Criminal Matters», coordinado pola profesora Inmaculada Valeije Álvarez e outro módulo Jean Monnet: «Liberté de circulation et marché de l'emploi européen», coordinado pola profesora Francisca Fernández Prol. A ORI xestionou un ano máis os módulos europeos Jean Monnet en vigor, coordinados polo profesor Celso Cancela, así como a cátedra ad Personam Jean Monnet de Historia da Construción Europea, a cooperación territorial do profesor Luis Domínguez Castro e as actividades desenvolvidas polo Centro Europeo de Excelencia Jean Monnet (Cross-Border Cooperation Jean Monnet European Centre of Excellence Universidade de Vigo).
- Convocatoria Knowledge Alliances-Partnerships: proxecto CIAKL «Cinema and industry alliance for knowledge and learning». Promotor na Universidade de Vigo: Juan Corbacho.
- Programa de aprendizaxe permanente (LLP) da UE: Convocatoria Comenius: «ICT Ways for Science Classrooms». Promotor na Universidade de Vigo: Manuel Pérez Cota.
- Convocatoria Erasmus-medidas de acompañamento: «EMbracing Modernisation Agenda (EMA)» do GCU.
- Convocatoria Erasmus redes multilaterais: «Strategic Alignment of Electrical and Information Engineering in European Higher Education Institutions». Promotor na Universidade de Vigo: Juan Carlos Burguillo. Rede temática Erasmus: «European Center for Project/Internship Excellence», coordinada polo Instituto Politécnico do Porto. Proxecto Leonardo da Vinci Ecetis dentro da convocatoria de proxectos multilaterais de transferencia de innovación e desenvolvemento á innovación, coordinado polo profesor Miguel Ángel Vázquez. Participación da ORI no proxecto «Credit-Centralized Recognition and ECTS-Data Information Tool», dentro do programa de aprendizaxe permanente Erasmus-medidas de acompañamento 2011 para contribuír a accións de mobilidade transnacional de calidade baseado en ECTS (descrición de módulos en liña).
- Erasmus Intensive Programme: «Modern Logistics: Enhancing Entrepreneurial Skills and Motivation» (MoLo), coordinado pola Universidade de Economics in Katowice (Polonia).
- Erasmus Intensive Programme: «DESTINE-Design Thinking in Engineering», coordinado pola Politechnika Łódzka (Polonia).
- Erasmus Intensive Programme: «Developing Intercultural Competence in Prospective Teachers of English in Europe», coordinado por Nicolaus Copernicus, Universidade de Polonia.

Continúase coa xestión dos 3 IP en vigor, coordinados por Susana Cruces, Manuel Veiga e Belén Fernández.

- Convocatoria Key activity 3: «Development of Innovative ICT-based content, services, pedagogies and practice of Lifelong Learning». Promotor na Universidade de Vigo: Martín Llamas.
- Programa Erasmus Mundus (tres accións):

Executáronse as actividades aprobadas para o curso 2013/2014 no marco do proxecto Erasmus Mundus «Green IT for the benefit of the civil society», baixo a dirección da profesora Rebeca Díaz Redondo e a coordinación técnica de Eva Garea Oya, e cun total de 20 socios e 8 asociados con participación de institucións de Marrocos, Túnez, Arxelia e Exipto.

Xestionouse baixo a dirección da profesora Ana Fernández Vilas o proxecto Erasmus Mundus «E-GOV-TN: Open Government data in Tunisia for Service Innovation and Transparency», no que a Universidade de Vigo participa en calidade de socia, con Túnez e con 17 socios máis e coordinado pola Universidade de Nantes (Francia).

Igualmente participouse activamente nas actividades dos proxectos Erasmus Mundus Dream, ACP e Angle coa Universidade do Porto, en calidade de membro asociado.
- Programa Edulink II e África, Caribe e Pacífico-EU.
- Comezaron en Cabo Verde e Mozambique as primeiras actividades e xuntanzas do proxecto «Reinforcement of Higher education as a tool to foster efficient use of energy applied to the poverty reduction within the marine sector through capacity building and regional integration», coordinado na Universidade de Vigo polo profesor Domingo Docampo Amoedo e Ángel Sánchez Bermúdez.

- Programa Tempus IV (6TH Call For Proposals):
Realizáronse as actividades previstas no proxecto Tempus Bihtek con Bosnia Herzegovina e a primeira visita de estudo no mes de xullo no marco deste proxecto á Universidade de Vigo, así como as xuntanzas inaugurais e de planificación dos proxectos Tempus Momate e Tempus Go-Univ co norte de África.
- -Convocatoria da Xunta de Galicia: proxectos de cooperación para o desenvolvemento no exterior promovidos polos axentes de cooperación.
Presentouse o informe de conclusión do proxecto «Fortalecemento da investigación e formación académica en Cabo Verde para favorecer un desenvolvemento mariño sostible», promovido na Universidade de Vigo polo Campus do Mar.

4 A sinatura de convenios internacionais

En 2013/2014 asináronse 23 novos convenios de cooperación.

5 Participación en encontros internacionais

Grupo Compostela, setembro de 2013; EAIE, Estambul (Turquía), setembro de 2013; NAFSA, St Diego (EUA), maio de 2014; plenarios da CICUE, novembro de 2013 e abril de 2014.

6 Outras actividades

Organización da xornada formativa «Captación de fondos europeos no eido da cooperación educativa (EACEA)», dirixida ao PDI da Universidade de Vigo.

16.- Oficina de Transferencia de Resultados de Investigación (OTRI)

Unha aposta importante da Universidade é o contacto directo co tecido produtivo galego, poñendo no seu coñecemento as potencialidades dos grupos de investigación existentes no noso seo, e mostrando o noso elevado e multidisciplinar know-how. É a OTRI a encargada na Universidade de favorecer esta conexión universidade-empresa-sociedade, e de promover e xestionar as actuacións de transferencia.

A través da base de datos de capacidades de I+D+i, na que están censados **máis de 200 grupos** de investigación, dáse a coñecer á contorna socioeconómica todo o potencial científico, tecnolóxico, humanístico e social da nosa Universidade, accesible tanto en inglés, coma castelán e galego. Asimesmo a OTRI procede á clasificación da oferta de capacidades por sectores, dispoñendo dos seguintes catálogos: Sector agroalimentario, enerxías renovables e medio ambiente, ciencias humanas e sociais, Biotecnoloxía, Recursos mariños e acuicultura, Contrucción, e Sector naval.

Todo este material promocional acompañado de actuacións de relación coa contorna socioeconómica, unido á organización de encontros universidade empresa, e aos contactos realizados, deron lugar a varios contratos e colaboracións en proxectos de investigación con grupos da nosa Universidade e probablemente en moitos casos supoñan unha semente que poderá xerminar no futuro.

Indicadores da actividade de transferencia curso 2013-2014


Actividades de Transferencia		Total
Contratos de licenza		8
Spin-off	titorizadas	5
	creadas	3
	participadas	5
Patentes solicitadas	nacionais	19
	internacionais	6

Patentes

Neste curso 2013-2014, tramitáronse **19 solicitudes de patentes nacionais e 6 patentes internacionais** (extensiones PCT e patentes europeas).

A Universidade de Vigo ten a disposición das organizacións interesadas unha carteira de resultados de investigación con potencial de mercado, conformada por máis de **150 patentes** e outras tecnoloxías dispoñibles para o seu licenciamento. No escaparate de patentes da universidade pódese acceder a **máis de 25 fichas comerciais de patentes**.

Gracias ao **fondo de valorización** dotado pola universidade, pódese manter e extender á ámbito europeo ou internacional a protección dos nosos resultados de investigación, así como estudar a súa viabilidade.



Contratos de Licenza

Durante o curso 2013-14, asináronse **12 contratos de licenza**, baseados en patentes, software e know- how.

Creación de Empresas de Base Tecnolóxica

No curso 2013-2014 continuouse co labor de anos anteriores de potenciar, promover e asesorar aos investigadores para a creación de empresas baseadas nos resultados de investigación. A posta en valor do coñecemento universitario a través das spin-off que faciliten emprego de alta cualificación é unha das prioridades da nosa universidade.


Neste ano titorizáronse **5 iniciativas** promovidas polo noso persoal investigador. Neste sentido, elabórase o plan de negocio orientado a comprobar a viabilidade técnica, económica e comercial da iniciativa, ao tempo que se facilita o acceso a aceleradoras de empresa, e se apoia a presentación das iniciativas en premios e roldas de inversores.

No presente curso **puxéronse en marcha 3 empresas** coas que se acadou o correspondente acordo de transferencia:

- Global Applications and Solutions for Sports
- IOT Partners
- ERH Illumnia

Cabe destacar neste curso, a posta en marcha do procedemento de participación da universidade nas spin-off, que deu como froito a **participación en 5 iniciativas empresariais**:

- Global Applications and Solutions for Sports
- Social Wire Labs
- Hércules Control
- ERH Illumnia
- Peloides Termals



Asimesmo renovouse a convocatoria pública de subvencións a EBTs para a localización nos espazos dispoñibles da Universidade de Vigo en CITEXVI na zona dispoñible para viveiros. Estas axudas dan apoio as spin-off asumindo os alugueres dos devanditos locais cunha subvención do 50% por parte da universidade. No curso 2013-2014 presentáronse **3 empresas** á convocatoria.

Asesoramento e apoio aos grupos de investigación en actividades de transferencia

Dentro das actividades da OTRI, durante este curso académico ofreceuse asesoramento individualizado a grupos de investigación para a elaboración de plans de divulgación e transferencia, así coma outros aspectos de xestión de proxectos que se requiren en diversas convocatorias de I+D tanto no ámbito autonómico como nacional, así como Internacional. Neste senso, cabe destacar que na última convocatoria de unidades de investigación competitiva do SUG de 2014, se prestou **asesoramento a un total de 7 grupos** na elaboración dos apartados da memoria relacionados coas accións e estratexias de transferencia e difusión de resultados.

Froito do traballo realizado na mesma convocatoria do 2013, estase procedendo a poñer en marcha os plans de transferencia e divulgación dos proxectos aprobados o ano pasado. Deste xeito, as actividades a levar a cabo céntranse en mellorar a comunicación do grupo cara ao sector empresarial, identificar os seus produtos e servizos, incrementar a súa carteira de resultados e realizar actuacións de valorización, promoción da participación en proxectos de de proxectos de I+D, licenciamiento de patentes e creación de EBTs.

Asimesmo atendéronse consultas de empresas e outras organizacións que solicitan información sobre as posibilidades de colaboración cos nosos investigadores. Do mesmo xeito, deuse trámite á unha **vintena de demandas tecnolóxicas**, recibidas directamente das empresas, e a outras tantas recibidas a través da rede Enterprise European Network.

Organización e participación en Xornadas e eventos

- **Xornada divulgativa de Patentes**, 16 de novembro de 2013. Organizada pola OTRI en colaboración coa Oficina Europea de Patentes (EPO) e a Oficina Española de Patentes e Marcas (OEPM). Dirixida tanto a investigadores, alumnado, emprendedores e persoas interesadas en xeral, contou coa participación de 44 persoas.
- Continuación das actividades do **Centro de Excelencia de Vigo**, iniciativa promovida pola Escola de Organización Industrial (EOI), o Consorcio da Zona Franca de Vigo (CZFV) e a Universidade de Vigo (UVIGO). **Xornada “Casos de éxito en transferencia universitaria”**, 28 de Novembro 2013, onde se presentaron tecnoloxías e invencións de grupos de investigación da nosa universidade que foron transferidos de xeito efectivo ao sector produtivo.
- Asistencia **Reunión nacional RedOTRI** de universidades. Salamanca, 13-15 novembro de 2013.
- Participación na Xornada sobre **Fiscalidade da I+D+i. Patent box**. 10 decembro 2013, organizada por Clarke&Modet.
- Ponencia “O proceso de avaliación dunha proposta europea” nas xornadas de difusión sobre o **novo Programa Cadro Europeo Horizon 2020**, 16 de decembro de 2013, organizadas polo Campus do Mar.
- Impartición da ponencia **A Transferencia de coñecemento na Universidade de Vigo**, no marco dos cursos de formación para PDI da universidade, 20 Decembro 2013.
- Participación **Conferencia anual Asociación Internacional de Gestores de transferencia das universidades (AUTM)**, San Francisco, 19-22 Febreiro 2014.
- Participación no Congreso “Cooperación Intelixente, empresa e emprendemento no espazo transfronterizo”, coa impartición do relatorio “**Investigación e Empresa na Eurorexión: A cooperación intelixente como clave da innovación e competitividade na PYME**”, que tivo lugar na Sede Confederación de Empresarios de Pontevedra o 26 Marzo 2014.
- Participación no obradoiro Desenvolvementos específicos en rexeneración de tecidos óseos, organizado por CETMAR o 26 Maio de 2014, no marco do proxecto Marmed.
- Participación no Xurado do **Concurso preincubadoras de EBTs do Campus Mar**. Maio 2014.
- Participación no Xurado **Premio Emprendedor XXI** de Galicia. Xuño 2014.
- Participación na Conferencia anual da Red Transfer, Asociación Española de Xestores de innovación, Barcelona, 13-14 xuño 2014.
- Ponencia “Desafíos empresariais da innovación industrial”, 1 de xullo de 2014 no marco do evento **Job days da eurorexión Galicia-Norte de Portugal** sector do metal.
- Estancia **Erasmus Staff Training: As estruturas de xestión da innovación e a transferencia na Universidade Heriot Watt de Edimburgo**. 21-25 Xullo 2014.

Participación en Proxectos institucionais




A OTRI colabora habitualmente coa universidade na solicitude e execución de proxectos de carácter institucional no ámbito da innovación e a transferencia. Durante este curso continuamos coa nosa participación nos seguintes proxectos:

- Proxecto **Tempus OSMOSE** “*Ouverture Structurée Université-Monde SocioÉconomique*”, liderado pola Universidade de Burdeos. Somos responsables de titorizar e transmitir boas prácticas para a organización de encontros universidade-empresa e de poñer en marcha redes temáticas relacionadas coa contorna socioeconómica. Os destinatarios do proxecto son 9 universidades de Marrocos, 3 universidades de Alxeria e 5 universidades de Tunicia. Durante o curso 2013-2014, leváronse a cabo varias actuacións destacables: Reunións en Burdeos e Túnez, Talleres en Casablanca (sector agroalimentario) e Rabat (sector mariño, co acompañamento do Camus do Mar)
- Continuación do **Proxecto de Persoal Técnico de Apoyo do Ministerio para a promoción de Empresas baseadas no coñecemento**

1. ESTATÍSTICAS

A Unidade de estudos e programas (UEP) ten a misión de analizar as peticións de datos estatísticos que chegan á Universidade e subministrar a información requirida.

Durante o ano 2013 respóndense 59 solicitudes de datos das que 25 son de demandantes externos (Plan estatístico nacional, AGE, Universia,...), e 34 de orixe interno (gabinete de prensa, vicerreitorías, ...). O 53% son respondidas en 24 horas.



2. XESTIÓN DE INDICADORES

A UEP ten encomendadas as tarefas relativas ao cálculo de indicadores de resultados de programas diversos:

- Plan de financiamento do Sistema Universitario Galego: como en anos anteriores realizamos o cálculo de indicadores do financiamento por resultados enviando á Consellería de educación os correspondentes datos
- Contrato programa de centros: a UEP realiza o cálculo de indicadores establecidos na normativa reguladora de contratos-programa con Centros da UVI e que repercute na súa financiación.
- Programa de seguimento de titulacións oficiais: realizamos o cálculo de indicadores publicando os datos relativos aos indicadores académicos cos que os Centros elaboran as memorias anuais de seguimento das titulacións oficiais.

3. PORTAL DE UNIVERSIDADE EN CIFRAS

No ano 2013 ábrese un espazo na web institucional chamado “Universidade en cifras” no que se recolle información estratéxica e os datos estatísticos máis relevantes da actividade universitaria.

O portal deseñado seguindo os estándares de transparencia e rendición de contas alimentase por unha banda de información que xa se atopaba dispersa ao longo da web institucional, e por outra banda dos indicadores de resultados utilizados pola maior parte das universidades e outros organismos como CRUE, AGE,...

4. SISTEMA DE INFORMACIÓN Á DIRECCIÓN

As accións emprendidas en anos anteriores para poñer a disposición dos órganos decisorios información cuantitativa que permita a toma de decisións baseada en evidencias, complétase neste ano coa publicación de indicadores do Sistema Universitario Español a través da Secretaría virtual; indicadores aos que pode acceder toda a comunidade universitaria e que permiten a comparación entre titulacións, centros e/ou universidades.

5. SISTEMA INTEGRADO DE INFORMACIÓN UNIVERSITARIA

O sistema integrado de información universitaria coordinado polo Ministerio de educación permite dispor de indicadores fiables e contrastados para fomentar o análise, planificación e toma de decisións no ámbito universitario español, así como a transparencia e a rendición de contas á sociedade.

A UEP coordina, en colaboración cos servizos informáticos, as tarefas encomendadas no sistema á Universidade de Vigo. Durante o ano 2013, e seguindo o calendario previsto, a UEP realiza tarefas de supervisión, carga de ficheiros, validación da información e publicación de indicadores do Sistema Universitario Español e da propia Universidade.

6. CALIDADE E ESTRATEXIA

A UEP coordina, organiza e avalía as tarefas previstas no **Plan Avante** - *Plan de calidade no ámbito de xestión da Uvigo*, para o desenvolvemento dos programas de calidade e as correspondentes actividades de apoio.

Aínda que o Plan Avante tiña unha vixencia de 2008 a 2012 tendo en conta o avanzado dos traballos na maioría dos programas, considerase oportuno continuar coas actividades programadas e non realizadas total ou parcialmente.

A UEP realiza así mesmo o informe de seguimento das actividades previstas no Plan Avante coa actualización do Cadro de mando. Co obxecto de dar a oportuna difusión, a unidade mantén actualizada a información relativa aos programas de calidade no ámbito de xestión a través da web da propia unidade no caso da información pública, e a través da Secretaría virtual para a documentación de acceso á comunidade universitaria.

6.1. Programas de calidade

Programa de cartas de servizos

No ano 2013 constitúense os grupos de traballo para elaborar as cartas de servizo do Servizo de alumnado e da Oficina de transferencia de resultados de investigación (OTRI). Ambos grupos contan con asesoramento da coordinadora da UEP. Como resultado das xuntanzas realizadas a final de ano están practicamente concluídas as cinco Cartas de servizo de OTRI, Sección de títulos e plans de estudos, Sección de bolsas, Sección de posgrao e formación continua, e Sección de xestión de grao.

Impártese así mesmo formación ao persoal da Área de calidade e da Unidade de apoio a centros de investigación (UACI) co obxecto de que elaboren as correspondentes cartas de servizo.


Programa de xestión e mellora de procesos

Ao longo de 2013 a UEP continúa en coordinación coa Área de calidade coas tarefas de harmonización dos procedementos comúns ao ámbito de xestión e ao Sistema de Garantía interna de centros. Baixo esta óptica se elaboran os procedementos de Control de documentos e Control de rexistros, e se modifican os procedementos de Xestión académica.

Programa de queixas, suxestións e parabéns

Ao longo do ano a UEP realiza xunto cos servizos informáticos da universidade o deseño dunha aplicación informática que permita a xestión informatizada das queixas, suxestións e parabéns.

Con respecto as queixas presentadas ao longo de 2013 recolléronse 84 queixas, das que 64% foron redirixidas pola UEP ao servizo correspondente (dirixidas inicialmente a Xerencia). A distribución por unidades refléxase na gráfica:



Programa de avaliación da satisfacción dos usuarios e usuarias

En marzo de 2013 publícanse os informes de resultados do Plan de avaliación de satisfacción co servizo prestado de 2012, no que se avalían os seguintes servizos:

- Servizo de alumnado
- Servizo de PAS
- Servizo de contabilidade, orzamentos e tesouraría
- Servizo de retribucións e seguros sociais
- Oficina de relacións internacionais,
- SIOPE
- ATIC

Nos informes, ademais dos resultados da avaliación, detállanse plans de mellora para cada un dos servizos avaliados.

6.2. Capacitación do persoal

Formación

A unidade programa e coordina a formación en materia de calidade no ámbito de xestión.

Programa formativo	nº horas	Asistentes	Valoración
Curso básico de calidade no marco da norma ISO 9001	12	12	4,45
Curso: cartas de servizos	13	14	3,77
Curso: Medición da satisfacción da persoa usuaria	16	7	2,57
Formación externa: Experto europeo en xestión de calidade	on line	2	

A UEP participa así mesmo na IV Xornada de reflexión e debate das UTC celebrada na Universidade de A Coruña presentando a comunicación *“Grupos de discusión: unha experiencia relevante no ámbito de xestión universitaria”*.

7. OUTRAS ACTIVIDADES

Guía de acollida do novo persoal de administración e servizos

Actualización da guía de acollida que se entrega ao novo persoal coa incorporación de nova información e actualización da información xa existente.

Memoria de Responsabilidade Social Universitaria

Como en anos anteriores a Universidade de Vigo cumprindo co seu compromiso coa responsabilidade social e a rendición de contas á sociedade, publica a Memoria de RSU cos resultados e os avances en materia de responsabilidade social correspondentes ao ano 2012 e curso 2012/2013. A UEP proporciona a información cuantitativa e cualitativa coa que se elabora a memoria no tocante aos indicadores GRI de desempeño económico, social, laboral e medioambiental .

8. FORMACIÓN DO PERSOAL DA UNIDADE

Entre os obxectivos da UEP se atopa a formación continua do persoal da unidade, o que redunda na mellora da calidade do servizo prestado. No ano 2013 o persoal realiza os seguintes cursos con aproveitamento:

- Redes sociais. Comunidades. Web 2.0
- Adobe Acrobat 9 Professional
- Análise e tratamento avanzado da información (Excel)
- Curso de ingles económico-administrativo (B1)
- Publicadores/editores do portal da UVIGO . Nivel avanzado
- Redacción de documentos administrativos
- Experto Europeo en Xestión de Calidade

Estudantado matriculado nas distintas titulacións por sexo e idade

Matriculados curso 2013-2014					
Campus	Centro	Titulación	Home	Muller	Total
Campus de Ourense	E. S. de Enxeñaría Informática	Enxeñeiro en Informática	60	14	74
		Enxeñeiro Técnico en Informática de Xestión	86	36	122
		Grao en Enxeñaría Informática	346	76	422
		PCEO Grao en ADE/Grao en Enxeñaría Informática	7	2	9
		Máster Universitario en Enxeñaría Informática	28	3	31
		Máster Universitario en Sistemas Software Intelixentes e Adaptables	1	2	3
		Programa de doutoramento en Sistemas de Software intelixentes e adaptables	9	1	10
		Programa Oficial de Doutoramento en Sistemas Software Intelixentes e Adaptables	19	3	22
	E. U. de Enfermaría (Ourense)	Diplomado en Enfermaría	2	7	9
		Grao en Enfermaría	27	162	189
	Facultade de Ciencias	Enxeñeiro Técnico Agrícola, especialidade en Industrias Agrarias e Alimentarias	9	22	31
		Licenciado en Ciencia e Tecnoloxía dos Alimentos	1	4	5
		Licenciado en Física	15	7	22
		Grao en Ciencia e Tecnoloxía dos Alimentos	22	66	88
		Grao en Ciencias Ambientais	67	85	152
		Grao en Enxeñaría Agraria	44	35	79
		Máster Universitario en Ciencia e Tecnoloxía Agroalimentaria	19	18	37
		Máster Universitario en C.C.do Clima: Meteoroloxía, Oceanografía Física e Cambio Climático	3	1	4
		Máster Universitario en Ecosistemas Terrestres, Uso Sostible e Implicacións Ambientais	2	1	3
		Máster Universitario en Fotónica e Tecnoloxías do Láser	16	2	18
		Máster Universitario en Nutrición	5	28	33
		Programa de doutoramento en Ciencia e Tecnoloxía Agroalimentaria	4	6	10
		Programa de doutoramento en Ecosistemas terrestres, usos sustentables e implicacións	5	2	7
		Programa Oficial de Doutoramento en Ciencia e Tecnoloxía Agroalimentaria	10	15	25
		Programa Oficial de Doutoramento en Ciencias do Clima: Meteoroloxía, Oceanografía e Cambio Climático	11	2	13
		Programa Oficial de Doutoramento en Ecosistemas Terrestres, Uso Sostible e Implicacións Ambientais	13	13	26
		Programa Oficial de Doutoramento en Endocrinoloxía	4	5	9
		Programa Oficial de Doutoramento en Fotónica e Tecnoloxías do láser	3		3
		Doutoramento en Programa Oficial de Posgrao en Ciencia e Tecnoloxía Agroalimentaria		8	8
		Doutoramento en Programa Oficial de Posgrao en Fotónica e Tecnoloxías do Láser	2		2
	Facultade de Ciencias da Educación	Diplomado en Educación Social	1	2	3
		Diplomado en Traballo Social	2	9	11
		Mestre, especialidade de Educación Especial	2	4	6
		Mestre, especialidade de Educación Infantil		2	2
		Mestre, especialidade de Educación Primaria	2	1	3
		Mestre, especialidade de Lingua Estranxeira	1	3	4
		Licenciado en Psicopedagogía	10	33	43
		Grao en Educación Infantil	36	313	349
		Grao en Educación Primaria	97	238	335
		Grao en Educación Social	56	238	294
		Grao en Traballo Social	55	242	297
		Máster Universitario en Dificultades de Aprendizaxe e Procesos Cognitivos	9	15	24
		Máster U. en Intervención Multidisciplinar na Diversidade en Contextos Educativos	10	32	42
		Máster U. en Investigación Psicosocioeducativa con Adolescentes en Contextos Escolares	5	21	26
		Máster U. en Profesorado en E. S. O., Bacharelato, Formación Profesional e Ensino de Idiomas	23	34	57
		Programa de doutoramento en Ciencias da Educación e do Comportamento	4	15	19
		Programa Oficial de Doutoramento en Dificultades de Aprendizaxe e Procesos Cognitivos	3	12	15
		P.O. de Doutoramento en Intervención psicosocioeducativa en Educación Secundaria	13	20	33
	Facultade de Ciencias Empresariais e Turismo	Diplomado en Ciencias Empresariais	9	17	26
		Diplomado en Turismo	1	3	4
		Licenciado en Administración e Dirección de Empresas	3	1	4
		Grao en Administración e Dirección de Empresas	291	323	614
		Grao en Consultoría e Xestión da Información	3	15	18
		Grao en Turismo	74	200	274
		Máster Universitario en Creación, Dirección e Innovación na Empresa	26	35	61
		Máster Universitario en Dirección e Planificación do Turismo	4	5	9
		Máster Universitario en Dirección e Planificación do Turismo Interior e de Saúde	11	38	49
		Máster Universitario en Xestión Empresarial do Deporte	22	7	29
		Doutoramento en Programa Oficial de Posgrao en Dirección e Planificación do Turismo	1	1	2
		Programa Oficial de Doutoramento en Dirección e Planificación do Turismo	5	5	10
	Facultade de Dereito	Licenciado en Dereito	38	86	124
		Grao en Dereito	98	179	277
		Máster Universitario en Avogacía	4	16	20
	Facultade de Historia	Máster Universitario en Información Técnica do Medicamento	15	19	34
		Licenciado en Historia	9	10	19
		Grao en Xeografía e Historia	87	48	135
		Máster Universitario en Historia, Territorio e Recursos Patrimoniais	7	6	13
		Programa Oficial de Doutoramento en Historia, Territorio e Recursos Patrimoniais	13	11	24

Matriculados curso 2013-2014					
Campus	Centro	Titulación	Home	Muller	Total
Campus de Vigo	E. T. S. de Enxeñaría de Minas	Enxeñeiro de Minas	120	53	173
		Grao en Enxeñaría da Enerxía	134	61	195
		Grao en Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos	95	37	132
		Máster Universitario en Tecnoloxía Medioambiental	10	2	12
		Máster Universitario en Tecnoloxías para a Protección do Patrimonio Cultural Inmóbel		2	2
		Programa de doutoramento en Láser, Fotónica e Visión pola UdC, a USC e a UVIGO	5	2	7
		Programa de Doutoramento en Xeotecnoloxías Aplicadas á Construción, Enerxía e Indu	6	1	7
		Programa Oficial de Doutoramento en Tecnoloxía Medioambiental	18	15	33
	E. U. de Enfermaría (Meixoeiro)	Diplomado en Enfermaría		1	1
		Grao en Enfermaría	29	175	204
	E. U. de Enfermaría (Povisa)	Grao en Enfermaría	58	197	255
	E. U. de Estudos Empresariais	Diplomado en Ciencias Empresariais	53	74	127
		Grao en Comercio	143	202	345
		Máster Universitario en Comercio Internacional	12	38	50
		Máster Universitario en Dirección de PEMES	19	22	41
	E. U. de Profesorado de E.X.B.	Mestre, especialidade de Educación Infantil	1	1	2
		Mestre, especialidade de Educación Primaria	1	3	4
		Grao en Educación Infantil	17	137	154
		Grao en Educación Primaria	58	128	186
	Escola de Enxeñaría de Telecomunicación	Enxeñeiro de Telecomunicación	221	83	304
		Enxeñeiro Técnico de Telecomunicación, especialidade en Sistemas de Telecomunicación	43	8	51
		Enxeñeiro Técnico de Telecomunicación, especialidade en Son e Imaxe	30	16	46
		Grao en Enxeñaría de Tecnoloxías de Telecomunicación	477	130	607
		Máster Universitario en Aplicacións de Procesado de Sinal en Comunicacións	5	1	6
		Máster Universitario en Enxeñaría Matemática	8	2	10
		Máster Universitario en Enxeñaría Telemática	16	8	24
		Máster Universitario en Matemática Industrial	6	1	7
		Máster Universitario en Teoría do Sinal e Comunicacións	16	6	22
		P. D. en Métodos Matemáticos e Simulación Numérica en Enxeñaría e Ciencias Aplicadas	3		3
		P.D. Tecnoloxía aeroespacial: enxeñarías electromagnética, electrónica , informática e	5	1	6
		P. D. en Tecnoloxías da Información e as comunicacións pola Universidade de Vigo	20	3	23
		Programa Oficial de Doutoramento en Enxeñaría Telemática	17	4	21
		P.O.D. en Métodos Matemáticos e Simulación Numérica en Enxeñaría e Ciencias Aplicadas	4	4	8
		Programa Oficial de Doutoramento en Radiocomunicación e Enxeñaría Electromagnética	10	2	12
		Programa Oficial de Doutoramento en Teoría do Sinal e Comunicacións	13	5	18
	Escola de Enxeñaría Industrial	Enxeñeiro de Organización Industrial	19	5	24
		Enxeñeiro en Automática e Electrónica Industrial	4		4
		Enxeñeiro Industrial	675	239	914
		Enxeñeiro Técnico Industrial, especialidade en Electricidade	91	13	104
		Enxeñeiro Técnico Industrial, especialidade en Electrónica Industrial	131	27	158
		Enxeñeiro Técnico Industrial, especialidade en Mecánica	152	26	178
		Enxeñeiro Técnico Industrial, especialidade en Química Industrial	47	39	86
		Grao en Enxeñaría Eléctrica	158	37	195
		Grao en Enxeñaría en Electrónica Industrial e Automática	379	69	448
		Grao en Enxeñaría en Organización Industrial	179	108	287
		Grao en Enxeñaría en Química Industrial	95	92	187
		Grao en Enxeñaría en Tecnoloxías Industriais	310	110	420
		Grao en Enxeñaría Mecánica	669	97	766
		Máster Universitario en Contaminación Industrial: Avaliación, Prevención e Control	9	12	21
		Máster Universitario en Dirección e Xestión da Loxística e a Cadea de Subministración	26	23	49
		Máster Universitario en Enerxía e Sustentabilidade	29	16	45
		Máster Universitario en Enxeñaría da Automoción	31	14	45
		Máster Universitario en Enxeñaría da Edificación e Construcións Industriais	30	12	42
		Máster Universitario en Enxeñaría Química	6	9	15
		Máster Universitario en Investigación en Tecnoloxías e Procesos Avanzados na Industria	11	2	13
		Máster Universitario en Mecatrónica	28	6	34
		Máster Universitario en Prevención de Riscos Laborais	24	23	47
		Máster Universitario en Procesos de Deseño e Fabricación Mecánica	29	4	33
		Máster U. en Tecnoloxías Avanzadas de Procesos de Deseño e Fabricación Mecánica	5	4	9
		Máster Universitario en Tecnoloxías e Procesos na Industria do Automóbil	1		1
		Programa de doutoramento en Enxeñaría Química	1	3	4
		Programa D. en Investigación en Tecnoloxías e procesos avanzados na industria	8	2	10
		Programa Oficial de Doutoramento en Enxeñaría Química	2	13	15
		Programa Oficial de Doutoramento en Enxeñaría Térmica	22	5	27
		P. O.I de Doutoramento en Investigación en Tecnoloxías e Procesos Avanzados na Industria	21	6	27

Matriculados curso 2013-2014

Campus	Centro	Titulación	Home	Muller	Total
Campus de Vigo	Escola de Negocios Caixanova	Grao en Administración e Dirección de Empresas	92	77	169
		Máster Universitario en Dirección e Administración de Empresas	47	60	107
	Facultade de Bioloxía	Licenciado en Bioloxía	8	52	60
		Grao en Bioloxía	114	184	298
		Máster Universitario en Acuicultura	5	14	19
		Máster Universitario en Bioloxía Mariña	6	7	13
		Máster Universitario en Biotecnoloxía Avanzada	10	14	24
		Máster Universitario en Neurociencia	3	5	8
		Máster U. en Profesorado en E. S. O., Bacharelato, Formación Profesional e Ensino de Id	39	93	132
		Programa de Doutoramento en Biotecnoloxía Avanzada	4	7	11
		Programa de doutoramento en Endocrinoloxía pola USC e a UVIGO	2	3	5
		Programa de doutoramento en Metodoloxía e Aplicacións en Ciencias da Vida	5	7	12
		Programa de doutoramento en Neurociencia e Psicoloxía Clínica	2	3	5
		Programa Oficial de Doutoramento en Acuicultura	4	8	12
		Programa Oficial de Doutoramento en Biodiversidade e Ecosistemas	9	9	18
		Programa Oficial de Doutoramento en Biotecnoloxía Avanzada	2	2	4
		Programa Oficial de Doutoramento en Metodoloxía e Aplicacións en Ciencias da Vida	14	15	29
		Programa Oficial de Doutoramento en Neurociencia	1	4	5
		Doutoramento en Programa Oficial de Posgrao en Neurociencia	3	1	4
	Facultade de CC. Económicas e Empresariais	Licenciado en Administración e Dirección de Empresas	119	171	290
		Licenciado en Economía	9	18	27
		Grao en Administración e Dirección de Empresas	524	477	1.001
		Grao en Economía	156	125	281
		M. U. Administración Integrada de Empresas: Responsabilidade Social Corporativa, Cal	2	2	4
		Máster Universitario en Economía	4		4
		Máster Universitario en Economía, Mercados Financeiros e Empresa	15	8	23
		Máster Universitario en Finanzas	15	24	39
		Máster Universitario en Innovación Industrial e Optimización de Procesos	3	2	5
		Máster Universitario en Innovación Industrial e Optimización de Procesos	19	10	29
		M. U.Integración Económica Rexional e Políticas Comunitarias pola Universidade Católica Portu	1		1
		Máster Universitario en Investigación en Contabilidade e Finanzas	1		1
		Máster Universitario en Políticas Comunitarias e Cooperación Territorial pola Universid	10	9	19
		Máster Universitario en Técnicas Estadísticas	1	1	2
		Máster Universitario en Técnicas Estadísticas	11	3	14
		Máster Universitario en Xestión do Desenvolvemento Sostible	15	11	26
		Marine Science, Technology and management	24	38	62
		Programa de Doutoramento en Economía e Empresa	6	3	9
		Programa de doutoramento en Estatística e Investigación Operativa	2	1	3
		Programa Oficial de Doutoramento en Administración Integrada de Empresas: Respons	4	11	15
		Programa Oficial de Doutoramento en Economía	8	4	12
		Programa Oficial de Doutoramento en Estatística e Investigación Operativa		3	3
		Programa Oficial de Doutoramento en Integración Económica Rexional e Políticas Com	3		3
		Programa Oficial de Doutoramento en Investigación e Contabilidade en Finanzas	3	5	8
	Facultade de Ciencias do Mar	Licenciado en Ciencias do Mar	17	33	50
		Grao en Ciencias do Mar	127	127	254
		Máster Universitario en Ciencia e Tecnoloxía en Termalismo e Balneoterapia	1	3	4
		Máster Universitario en Física Aplicada	3	5	8
		Máster Universitario en Oceanografía	6	2	8
		Programa de doutoramento en Física Aplicada	6	3	9
		Programa Oficial de Doutoramento en Física Aplicada	12	12	24
		Programa Oficial de Doutoramento en Oceanografía	7	4	11
		Doutoramento en Programa Oficial de Posgrao en Física Aplicada	4	1	5
	Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo	Diplomado en Relacións Laborais	13	44	57
		Licenciado en Dereito	68	94	162
		Grao en Dereito	154	252	406
		Grao en Relacións Laborais e Recursos Humanos	125	275	400
		Máster Universitario en Avogacía	32	59	91
		Máster Universitario en Dereito de Empresa	15	18	33
		Máster Universitario en Menores en Situación de Desprotección e Conflito Social	3	30	33
		Máster Universitario en Ordenación Xurídica do Mercado	1		1
		Máster Universitario en Xestión e Dirección Laboral	6	27	33
		Programa de doutoramento en Ordenación Xurídica do Mercado	6	7	13
		Programa de Doutoramento en Xestión e resolución de conflitos	6	5	11
		Programa Oficial de Doutoramento en Menores en Situación de Desprotección e Confl	5	10	15
		Programa Oficial de Doutoramento en Ordenación Xurídica do Mercado	16	6	22

Matriculados curso 2013-2014

Campus	Centro	Titulación	Home	Muller	Total
Campus de Vigo	Facultade de Filoloxía e Tradución	Licenciado en Filoloxía Galega	2	14	16
		Licenciado en Filoloxía Hispánica	1	2	3
		Licenciado en Filoloxía Inglesa	5	16	21
		Licenciado en Tradución e Interpretación	8	46	54
		Grao en Estudos de Galego e Español	36	76	112
		Grao en Linguas Estranxeiras	28	163	191
		Grao en Tradución e Interpretación	102	416	518
		Máster Universitario en Artes Escénicas	15	22	37
		Máster Universitario en Estudos Ingleses Avanzados e as súas Aplicacións	1	3	4
		Máster Universitario en Estudos Ingleses Avanzados: Interpretación Textual e Cultural das Sociedades		4	4
		Máster Universitario en Lingua e Comunicación nos Negocios	6	17	23
		Máster Universitario en Lingüística Aplicada		5	5
		Máster Universitario en Lingüística e as súas Aplicacións	1	6	7
		Máster Universitario en Teatro e Artes Escénicas	13	12	25
		Máster Universitario en Tradución e Paratradución		2	2
		Máster Universitario en Tradución Multimedia	16	30	46
		Máster Universitario en Tradución para a Comunicación Internacional	3	17	20
		Programa de doutoramento en Tradución e Paratradución	1	2	3
		Programa de Doutoramento en Comunicación e Tradución	4	15	19
		Programa de doutoramento en Estudos Ingleses avanzados: Lingüística, Literatura e Cultura	2	5	7
		Programa de Doutoramento en Estudos Lingüísticos	1	8	9
		Programa de doutoramento en Estudos literarios	1	11	12
		Programa Oficial de Doutoramento en Artes Escénicas	13	13	26
		Programa Oficial de Doutoramento en Estudos Ingleses Avanzados: Interpretación Textual e Cultural das Sociedades	4	7	11
		Programa Oficial de Doutoramento en Lingüística e as súas Aplicacións	7	9	16
		Programa Oficial de Doutoramento en Lingüística Galega	1	2	3
		Programa Oficial de Doutoramento en Tradución e Paratradución	6	15	21
		Doutoramento en Programa Oficial de Posgrao de Estudos de Xénero		1	1
	Facultade de Química	Licenciado en Química	5	13	18
		Grao en Química	86	103	189
		Máster Universitario en Ciencia e Tecnoloxía de Conservación de Produtos da Pesca	11	19	30
		Máster Universitario en Química Avanzada	1	8	9
		Máster Universitario en Química Teórica e Modelización Computacional	1		1
		Máster Universitario en Química Teórica e Modelización Computacional	1	1	2
		Programa de Doutoramento en Nanomedicina		1	1
		Programa de Doutoramento en Ciencia e Tecnoloxía de Coloides e Interfaces	1	1	2
		Programa de doutoramento en Ciencia e Tecnoloxía Química pola Universidade de Santiago de Compostela	2	4	6
		Programa Oficial de Doutoramento en Ciencia e Tecnoloxía de Coloides e Interfaces	6	4	10
		Programa Oficial de Doutoramento en Ciencia e Tecnoloxía Química	6	14	20
		Programa Oficial de Doutoramento en Química Teórica e Modelización Computacional	4	1	5
		Doutoramento en Programa Oficial de Posgrao en Ciencia e Tecnoloxía Química		1	1
		Doutoramento en Programa Oficial de Posgrao en Química Teórica e Modelización Computacional		1	1

Matriculados curso 2013-2014					
Campus	Centro	Titulación	Home	Muller	Total
Campus de Pontevedra	C. Universitario Defensa (Escola Naval Militar de San Fernando)	Grao en Enxeñaría Mecánica	251	9	260
		Diplomado en Enfermaría	3	5	8
		Grao en Enfermaría	30	170	200
	E. U. de Enfermaría (Pontevedra)	Enxeñeiro Técnico Forestal, especialidade en Industrias Forestais	25	17	42
		Grao en Enxeñaría Forestal	128	53	181
	Escola de Enxeñaría Forestal	Licenciado en Belas Artes	2	3	5
		Grao en Belas Artes	169	370	539
		Máster Universitario en Arte Contemporánea	8	14	22
		Máster Universitario en Libro Ilustrado e Animación Audiovisual	12	27	39
		P.O.D. en Creación e Investigación en Arte Contemporáneo pola Universidade de Vigo	6	9	15
		Programa Oficial de Doutoramento en Arte Contemporánea, Creación e Investigación	11	19	30
		Diplomado en Xestión e Administración Pública		2	2
	Facultade de Belas Artes	Licenciado en Comunicación Audiovisual	2	4	6
		Licenciado en Publicidade e Relacións Públicas	6	15	21
		Grao en Comunicación Audiovisual	72	116	188
		Grao en Dirección e Xestión Pública	74	78	152
		Grao en Publicidade e Relacións Públicas	110	304	414
		Máster Universitario en Dirección de Arte en Publicidade	8	26	34
		Máster Universitario en Dirección Pública e Liderado Institucional	7	4	11
		Máster Universitario en Dirección Pública e Liderado Institucional	19	5	24
		Máster Universitario en Investigación en Comunicación	1		1
		Programa Oficial de Doutoramento en Investigación en Comunicación	24	25	49
		Grao en Ciencias da Actividade Física e do Deporte	385	95	480
		Mestre, especialidade de Educación Física	3		3
		Mestre, especialidade de Educación Infantil	1	1	2
		Mestre, especialidade de Educación Musical	6	2	8
		Mestre, especialidade de Educación Primaria	4	9	13
	Facultade de CC. Sociais e da Comunicación	Licenciado en Ciencias da Actividade Física e do Deporte	47	16	63
		Grao en Educación Infantil	27	339	366
		Grao en Educación Primaria	95	264	359
		Máster Universitario en Dirección Integrada de Proxectos	10	4	14
		Máster Universitario en Investigación en Actividade Física, Deporte e Saúde	16	10	26
		Máster Universitario en Necesidades Específicas de Apoio Educativo	7	27	34
		Máster U. en Profesorado en E. S. O., Bacharelato, Formación Profesional e Ensino de Idiomas	23	16	39
		Programa de Doutoramento en Educación, Deporte e Saúde	5	9	14
		Programa de Doutoramento en Equidade e Innovación en Educación	1	9	10
		Programa Oficial de Doutoramento en Investigación en Actividade Física, Deporte e Saúde	29	20	49
		Diplomado en Fisioterapia	3	3	6
		Grao en Fisioterapia	112	117	229
	Facultade de Ciencias da Educación e do Deporte				
	Facultade de Fisioterapia				

Matriculados curso 2013-2014					
Campus	Centro	Titulación	Home	Muller	Total
	Campus Xenérico Universidade de Vigo	Programas de doutoramento plans vellos	275	317	592
		TOTAL	11130	11478	22608

- Adaptación do programa de xestión académica ás normas para a zona única de pagamentos europea (SEPA).
- Coordinación de traballos para implantar as actas individualizadas para os traballos de fin de grao.
- Coordinación de actividades para a posta en práctica da nova funcionalidade na aplicación de xestión académica: prácticas en empresa.
- Planificación e coordinación das xornadas de formación sobre desenvolvemento da aplicación de xestión académica en doutoramento, realizadas o 17 de decembro en Ourense e o 18 de decembro en Vigo e Pontevedra.
- Participación en traballos do Consorcio para o Desenvolvemento de Aplicacións de Xestión Universitaria.
- Coordinación da implantación do Grao en Dereito e ADE.
- Coordinación dos traballos relativos a PDA e POD.
- Planificación e coordinación dos traballos de implantación do procedemento de emisión de títulos de grao.
- Coordinación co Servizo de Extensión Universitaria do desenvolvemento de utilidades para facilitar o acceso á administración electrónica.
- Planificación, programación e control da execución de traballos que teñen que ver co desenvolvemento da aplicación informática de xestión académica, entre eles:
 - Traballos relativos ao módulo de intercambio, en coordinación coa Oficina de Relacións Internacionais
 - Execución da segunda fase do módulo de xestión de profesorado convidado
 - Xestión de cambio de grupo
 - Xestión de grupos con límite de prazas en optativas
 - Configuración de actas por grupo
 - Melloras na xestión de bolsas
- Implantación na aplicación informática de xestión académica de novos procedementos derivados de novidades normativas:
 - Contador da normativa de permanencia
 - Aplicación de matrículas de honra
 - Aplicación do Regulamento de recoñecemento de actividades
- Coordinación e planificación dos traballos correspondentes á matrícula 2013/2014:
 - Reunións de planificación
 - Programación de traballos, organización e asignación de recursos
 - Organización de formación para o persoal involucrado na xestión académica
- Asistencia os días 17 e 18 de outubro de 2013 ás Xornadas CADEP-CRUE na Subcomisión de Calidade.
- Asistencia o día 25 de febreiro de 2014 á Xornada sobre SEPA realizada na sede da Caixa en Pontevedra.
- Outras actividades:
 - Información aos equipos directivos dos centros do desenvolvemento e progreso da matrícula nas súas titulacións.
 - Organización e configuración de traballos de explotación de datos: consultas, informes...
 - Reunións de coordinación e implantación de melloras na aplicación da xestión académica cos distintos responsables: Vicerreitoría de Alumnado, Docencia e Calidade, Servizo de Alumnado...

Histórico

A Área de Imaxe da Universidade de Vigo foi creada en xaneiro de 2007 baixo o mandato do reitor Alberto Gago seguindo as directrices do Plan estratéxico 2007/2012 de cara a enfrontar os novos retos da universidade presentados no citado plan. Xunto coa Área de Comunicación, créase baixo a dependencia da Vicerreitoría de Relacións Institucionais.

En outubro de 2008, a Área de Imaxe e a Vicerreitoría de Relacións Institucionais coordinan o proceso de renovación da identidade corporativa da Universidade de Vigo. A actual imaxe corporativa da universidade recibiu en 2009 o Premio Laus á mellor imaxe corporativa e o Premio Laus á mellor tipografía corporativa.

1. Composición

Director de Área: Marcos Dopico Castro. Profesor de Deseño e audiovisuais da Facultade de Belas Artes do Campus de Pontevedra.

Dous bolsellos de formación complementaria dos Servizos Informáticos na Área de Imaxe.

2. Función e obxectivos

deseñar e asesorar a comunidade universitaria para o correcto uso dos símbolos gráficos que representan a institución a través da súa imaxe corporativa, co fin de reforzar e aclarar a comunicación interna, así como proxectar unha imaxe exterior coherente e de excelencia.

Este asesoramento desenvólvese en tres liñas de actuación:

- - Deseño, xestión e implantación dos símbolos e elementos da identidade corporativa para a comunidade universitaria, co fin de realizar material gráfico acorde coa estética e cos obxectivos da institución, e así reforzar a súa imaxe.
- - Deseño e maquetación dos materiais promocionais gráficos das campañas institucionais da universidade.
- - Deseño e asesoramento sobre as liñas estéticas que se seguirán para elaborar traballos, materiais gráficos e publicitarios para a comunidade universitaria.
- - Xestión e mediación con provedores de servizos relacionados coa identidade corporativa da universidade. Imprentas, empresas de *merchandising*, imprentas dixitais, estudos de deseño e comunicación, axencias de publicidade...

3. Servizos ofertados

A Área de Imaxe nos seus anos de existencia realizou os seguintes traballos:

- - Documentos oficiais e elementos de comunicación remitidos ou xerados dende a reitoría da universidade: convites a actos oficiais, diplomas, documentos oficiais e maquetación de notas e anuncios de prensa...
- - Documentos xerados polas diferentes vicerreitorías, Secretaría Xeral e áreas: tarxetas universitarias, memorias académicas anuais, memorias económicas, memorias do curso, informes e presentacións de proxectos...
- - Deseño gráfico da papelería seguindo o modelo de identidade corporativa destinada a toda a comunidade docente e investigadora: tarxetas de visita, tarxetóns, sobres, cartas, notas, formularios...
- - Deseño gráfico de campañas específicas de comunicación en diferentes medios.
- - Deseño gráfico de materiais de eventos xerados polos membros da comunidade universitaria: ciclos de conferencias, congresos, concertos de música e actividades culturais e deportivas, carteis, folletos, programas de man, plotters, banners e imaxes destinadas a redes sociais, blogs e webs...
- - Publicacións propias da comunidade docente e investigadora: revistas periódicas, publicacións de investigacións, boletíns, actas de congresos...
- - Deseño gráfico para a rede internet: web corporativa da universidade, webs de vicerreitorías, áreas, departamentos, facultades, servizos, eventos específicos...

- - Deseño gráfico para as redes sociais da universidade de carácter académico: Facebook, Twitter, YouTube...
- - Asesoramento e deseño gráfico para as diferentes aplicacións informáticas do Seix (Servizos Informáticos de Xestión): automatrícula, Faitic, secretaría virtual, Suxi, guías docentes...
- - Colaboración no deseño gráfico para a UVigo TV.
- - Deseño e implantación da sinalética dos edificios da universidade, así como do parque móbil.
- - Deseño gráfico de material promocional e *merchandising* da universidade.
- - Realización de sesións de fotografía para o seu uso nos diferentes materiais gráficos da universidade.
- - Xestión e mantemento do repositorio de imaxes de uso libre para a comunidade universitaria.
- - Xestión da produción con provedores de servizos.

4. Vantaxes do servizo

- - Coñecemento directo dende dentro das necesidades da comunidade universitaria en materia de identidade corporativa.
- - Resposta inmediata e redución dos tempos de realización dos traballos.
- - Aforro notable dos custos con respecto á subcontratación de empresas externas.
- - Área de referencia para as cuestións de imaxe da universidade que permite centralizar e canalizar os servizos de deseño e publicidade, propiciando unha imaxe coherente da institución.

Formación lingüística

Tal e como anunciamos o pasado curso, adoptamos accións correctoras encamiñadas a facilitar a participación de todos os sectores da comunidade universitaria nos cursos da ANL. Incrementamos a oferta de formación en liña e diminuímos a porcentaxe de horas presenciais. O resultado é ben evidente: pasamos de 289 a 542 persoas matriculadas. Se desagregamos por curso e cuadrimestre, así foi a matrícula:

Cursos	1.º cuadrimestre 2013/2014	2.º cuadrimestre 2013/2014
Curso de linguaxe administrativa e xurídica	72 matriculados/as (dúas edicións)	39 matriculados/as
Curso de harmonización, normalización e unificación textual	35 matriculados/as	41 matriculados/as
Curso de redacción e deseño de traballos académicos e de investigación	37 matriculados/as	40 matriculados/as
Obradoiro de lexislación lingüística	31 matriculados/as	—
Redactar para a web	40 matriculados/as	41 matriculados/as
Curso de extensión cultural	19 matriculados/as	29 matriculados/as
Curso de redacción de documentos para a administración	—	36 matriculados/as
Obradoiro de recursos informáticos para a lingua galega	—	42 matriculados/as
Ciclo de lingua e calidade	—	40 matriculados/as

Dinamización

Na convocatoria dos XVIII Premios de poesía, relato curto e tradución literaria da Universidade de Vigo presentáronse máis de medio cento de traballos. No acto de entrega fixemos unha celebración conxunta do Día das Letras Galegas e do Día Mundial das Telecomunicacións, e coa colaboración do equipo do Humsat-D emitimos textos en galego a través do satélite para homenaxear a Xosé María Díaz Castro. Nos últimos meses do ano presentaremos a correspondente edición das obras premiadas.

Duplicamos o número de persoas beneficiadas no programa de Axudas á investigación en lingua galega 2013, chegando ao centenar, mentres que destinamos a cantidade de 8000 euros.

Así mesmo, fixéronse os traballos de corrección lingüística, maquetación e de edición de tres teses de doutoramento que estaban pendentes de anos anteriores. Demos cabo, por fin, ao compromiso de edición que adquiriramos en anteriores convocatorias para intentar incrementar o número de teses de doutoramento en galego.

En relación coa Comisión Interuniversitaria de Política Lingüística, da cal forman parte as universidades do sistema universitario galego (SUG) e as secretarías xerais de Universidades e a de Política Lingüística da Xunta Galicia, editamos o informe *Investigación e lingua: propostas para a mellora da presenza do galego na actividade científica* da profesora Alba Nogueira. Este documento vai ser un referente do traballo da comisión nos próximos anos. Así mesmo, participamos no resto de actividades e, tras rematar a nosa xeira de coordinación da comisión, fixemos o traslado do arquivo para que a Universidade de Santiago de Compostela iniciase a súa quenda.

Na relación co Concello de Vigo continuamos representando a universidade nas reunións do seu Consello Social da Lingua e da Comisión Cidadá de Política Lingüística. Nesa relación, colaboramos na campaña «Gústame o galego de primeira», xunto á Fundación Celta de Vigo. Pola nosa parte, levamos a campaña aos tres campus e participaron máis de cincocentas persoas. Na universidade contamos coa colaboración do equipo de rugby feminino e do Universidade Blu:sens.

Presentamos o libro *Toponimia de Beade*, de Lorena Carrasco e Gonzalo Navaza, da Colección Toponimia do Val de Fragoso.

Coa Comisión de Normalización da Facultade de Filoloxía e Tradución colaboramos nas xornadas O Galego na Vangarda Tecnolóxica, Android e o Twitter. Paralelamente desenvolvemos a campaña «Gústame o galego».

Con respecto á promoción e defensa da nosa lingua colaboramos con:

- Trabalingua no Quintal literario.
- Departamento de Física Aplicada editamos o volume do 6.º concurso de relatos curtos de ciencia *Ciencia que conta 2013*.
- equipo de Divulgar na tradución, revisión lingüística e dobraxe de vídeos de divulgación científica.

No mes de decembro presentamos a *Roda dos verbos*, un recurso didáctico elaborado por Xavier Gómez Guinovart e Xosé A. Fernández Salgado para axudar a comprender os usos da conxugación verbal en galego, que coeditamos coa Secretaría Xeral de Política Lingüística.

Asesoramento

Esta é unha actividade constante na ANL. Respondemos consultas sobre lingua e dereitos lingüísticos a través do teléfono, correo electrónico e mesmo de xeito presencial. A nosa web está sendo actualizada con novas achegas, novos ofrecementos de materiais terminolóxicos e novas ligazóns. Coa experiencia que imos adquirindo nas consultas máis recorrentes, elaboramos un manual de consulta que vai ser presentado en 2014 para espallar por toda a comunidade universitaria, tanto en papel como en formato electrónico. Leva por título *Na universidade en galego sen dúbida*.

Tamén traducimos e corriximos en 2013/2014 milleiros de páxinas de textos administrativos, culturais e científicos (teses de doutoramento, teses de licenciatura, proxectos etc.).

A Unidade de Igualdade consolidou durante o curso 2013/2014 as iniciativas que estaba levando a cabo dende anos anteriores para avanzar na igualdade real de oportunidades entre as mulleres e os homes da comunidade universitaria. Unha vez aprobado o I Plan de igualdade entre mulleres e homes os labores centráronse na súa implantación e execución das accións recollidas nel.

Xornadas de innovación docente e investigación

O 13 de decembro de 2013 tivo lugar a «III Xornada de Innovación en Xénero. Docencia e Investigación», dirixida a todo o persoal docente e investigador das universidades do Estado español, na que se presentaron 17 comunicacións procedentes de universidades como a de Burgos, a Autònoma de Barcelona ou a Complutense de Madrid. A lección inaugural foi impartida por Mercedes Bengoechea Bartolomé, profesora da Universidad de Alcalá, experta en linguaxe non sexista. Á xornada asistiron 84 persoas, 66 mulleres e 18 homes, e editouse unha publicación que recolle as comunicacións co seu correspondente ISBN.

O 12 de xuño de 2014 tivo lugar a II Xornada Universitaria Galega en Xénero organizada polas tres universidades galegas e na que participou persoal docente e investigador de todas elas. Asistiron 103 persoas, 83 mulleres e 20 homes. A realización desta segunda edición consolida este foro como lugar de reflexión e intercambio de experiencias en materia de igualdade. A mesa coordinada pola Unidade de Igualdade de Vigo levaba por título «Violencia simbólica, violencia real».

Acto institucional do 8 de marzo

O día 8 de marzo, Día Internacional das Mulleres, realizouse o acto institucional da Universidade de Vigo no que o reitor fixo entrega do segundo premio *uviguala*, que lle foi concedido ás coordinadoras do extinto Programa de posgrao oficial en estudos en xénero, Purificación Mayobre Rodríguez e Beatriz Suárez Briones. No mesmo acto a parlamentaria galega Carme Adán Villamarín convidou á reflexión coa súa conferencia «A igualdade ante a crise», e as alumnas Daisy Alcalde Monteagudo e Patricia Agulla Pérez leron un manifesto.

Axudas convocadas pola Unidade de Igualdade

Para o ano académico 2013/2014 a Unidade de Igualdade levou a cabo, a través das súas convocatorias de axudas, as seguintes actividades para impulsar a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes na Universidade de Vigo en colaboración con toda a comunidade universitaria:

Primeiro cuadrimestre:

- Ciclo de cine: «Pensar o cine V: a discriminación de xénero a debate»
- Ciclo de conferencias-obradoiros: «As diferentes manifestacións da violencia de xénero»
- Obradoiro: «A arte ten xénero? Unha reflexión sobre a arte e o xénero»
- Recital-concerto: «Te solté la rienda»

Segundo cuadrimestre:

- Xornada de formación en xénero «As literatas e o cinema»
- Xornada «A imaxe da muller na publicidade comercial»
- Conferencia de Anne Fogerty: «Construcións de xénero na literatura irlandesa de comezos do século XX: as mulleres na obra de James Joyce *The Dead*»
- Xornada: «A perspectiva de xénero na educación física e na actividade físico-deportiva do século XXI. Reflexións e accións»
- «Obradoiro de formación en violencia de xénero para intérpretes»
- Mesa redonda: «A instrumentalización do corpo das mulleres. O dereito a decidir a interrupción do embarazo»

Actividade de sensibilización contra a violencia de xénero

En torno ao 25 de novembro «Día internacional para a eliminación da violencia contra as mulleres», realizouse na área comercial do Campus de Vigo unha *flash-mob* deseñada e coordinada por Lésbicas Creando, na que participaron alumnas, profesoras e persoal de administración e servizos da Universidade de Vigo. A artista Mercedes Peón interpretou en directo a música que servía de base para a *flash-mob* que foi gravada pola UVigo TV e difundida na rede.

Actividades de visibilización

A Unidade de Igualdade ten como unha das súas prioridades contribuír a visibilizar as manifestacións artísticas das mulleres e a súa incursión na sociedade da contorna máis próxima. Por iso, patrocinou as seguintes actividades:

- «*Alt.procrea en feminino*», no Festival de Teatro Alternativo de Vigo que tivo lugar entre o 13 e o 16 de marzo de 2014 en diversos escenarios da cidade de Vigo. As creadoras que participan neste proxecto son Helen Bertels, Nuria Sotelo e Mercé de Rande.
- «*Espazo Igualdade*», programado dentro do Festival Sinsal Illa de San Simón, realizado entre os días 25 e 27 de xullo de 2014.
- Xornadas de arte e acción «*Chámalle X*», que celebraba o seu décimo aniversario e onde tivo especial protagonismo as performances levadas a cabo por mulleres. Desenvolveuse nas cidades de Ourense e Pontevedra durante o mes de setembro de 2013.

Un ano máis e coa mesma orientación, levouse a cabo o «III Proxecto de visibilización das obras artísticas das alumnas da Facultade de Belas Artes de Pontevedra **ARTISTAS**», que repartiu máis de 50 000 postais de balde entre toda a comunidade universitaria.

A novidade desta edición é que o proxecto conseguiu entrar nos dous centros de arte contemporánea de referencia en Galicia, o Museo de Arte Contemporánea de Vigo (Marco) e o Centro de Arte Galega Contemporánea en Santiago de Compostela (CGAC).

En relación con este proxecto, as postais proxectáronse sobre a fachada da Casa Galega da Cultura en formato a grande escala o día 8 de marzo.

Así mesmo, a Unidade de Igualdade editou o calendario para 2014 «Artistas galegas contemporáneas», que se pode descargar dende a súa páxina web.

Actividades de formación

Durante este ano académico a Unidade de Igualdade organizou en colaboración co Servizo de Persoal de Administración e Servizos a segunda edición do curso de «Políticas públicas da igualdade de oportunidades entre homes e mulleres e promoción profesional», de 16 horas de duración, e que se desenvolveu nos campus de Ourense e de Vigo.

Colaboración con outras institucións

Entre o 28 de outubro e o 13 de novembro de 2013 púidose visitar na Casa das Artes de Vigo a exposición «Mulleres baixo sospeita. Memoria e sexualidade (1930-1980)», que se organizou en colaboración coa Concellaría de Igualdade.

Informes emitidos

Durante o curso 2013/2014 a Unidade de Igualdade elaborou e difundiu a través da súa páxina web un informe sobre a «Participación feminina nos órganos de goberno dos centros e departamentos da Universidade de Vigo».

Recursos para impulsar a perspectiva de xénero

Na páxina web da Unidade de Igualdade está dispoñible o «Glosario de termos en políticas de igualdade e estudos en xénero», elaborado e editado pola propia Unidade de Igualdade.

Ademais, elaborouse a «Guía de recursos e medidas de apoio á conciliación», que se pode consultar tamén na páxina web da Unidade de Igualdade.

Premios

Convocouse o «II Premio de creación de materiais e recursos docentes con perspectiva de xénero Antonia Ferrín Moreiras», que o xurado declarou deserto.

Participación en encontros, xornadas e seminarios

No ano 2014, a Unidade de Igualdade participou nas seguintes reunións científicas:

- «*IX Xornadas de Formación, Educación, Xénero e Igualdade*». Organizáronse en Santiago de Compostela os días 20 e 21 de marzo e a Universidade de Vigo interviu na mesa «Accións e políticas de igualdade de xénero no contexto da educación superior».
- «*VII Encuentro estatal de las unidades de igualdad de las universidades públicas españolas*». Realizouse en València os días 5 e 6 de xuño.
- «*V Congreso Internacional Investigación y Género*». Tivo lugar en Sevilla entre os días 3 e 4 de xullo.

A OMA é o servizo responsable da política ambiental da Universidade de Vigo (UVigo). Coordina e promove as liñas de conservación ambiental que se aplican nos tres campus (Vigo, Ourense e Pontevedra). Entre as súas funcións están asesorar a comunidade universitaria en materia ambiental, intervir en actuacións que poidan producir impactos ambientais e promover accións que aumentan a calidade ambiental:

- Uso sustentable dos recursos naturais e materias primas, reducindo a produción de residuos.
- Fomento da educación e sensibilización ambiental.
- Conservación dos ecosistemas naturais e da diversidade biolóxica.

Ao longo do curso 2013/2014, baixo o marco destes tres obxectivos, as principais actividades desenvolvidas foron:

XESTIÓN AMBIENTAL: MANEXO DE RECURSOS, MATERIAS PRIMAS E RESIDUOS

1 Seguimento do sistema de xestión ambiental

Tras a implantación no ano 2011 do sistema de xestión ambiental nos servizos de deportes e bibliotecas centrais en cada un dos tres campus da UVigo (Vigo, Ourense e Pontevedra), a OMA, en colaboración cos responsables ambientais designados para cada centro, atende os compromisos marcados no programa de xestión ambiental para cada ano e elabora e mantén actualizada toda a documentación do sistema (manual, procedementos, instrucións, anexos, formatos e rexistros). Periodicamente mantéñense reunións coa alta dirección da UVigo e planifícanse e márcanse fitos ambientais conforme a política ambiental da UVigo e a mellora continua, acordados e consensuados pola Xerencia. Estes fitos teñen relación co seguimento e control de consumos, xeración de residuos-emisións-verteduras-ruído, identificación e avaliación de aspectos ambientais, cumprimento legal, establecemento de metas, formación ambiental do persoal, comunicacións internas e externas, seguimento e medición, definición de actuacións ante urxencias ambientais, xestión de non conformidades, accións correctivas e preventivas, planificación de auditorías e revisión.

Cada ano ten lugar unha auditoría interna de revisión previa á auditoría do órgano certificador do sistema, quen emite e avalía a renovación dos certificados do sistema baixo a norma UNE-EN ISO 14001:2004. Os certificados iniciais foron outorgados no verán de 2012, e tras cada auditoría revísanse, atendendo e corrixindo as desviacións e non conformidades detectadas, para que o órgano certificador poida confirmar o seu correcto funcionamento e expedir a correspondente renovación.

En colaboración coa Vicerreitoría do Campus de Pontevedra, estase a tratar para todo ese campus un sistema de seguimento e xestión ambiental dentro do marco do programa Green Campus, coordinado pola entidade Adeac. En colaboración con esta institución marcáronse os procedementos de actuación para definir os instrumentos e a metodoloxía coa que tratar a redución do impacto ambiental do campus, en colaboración coa comunidade universitaria e a súa contorna.

2 Recollidas de residuos perigosos dos laboratorios e servizos da UVigo

Coordináronse e supervisáronse as recollidas de residuos perigosos a través de xestor autorizado, realizadas nos distintos centros dos tres campus, dando cumprimento a todas as obrigas e trámites legais que esixe a normativa relativa á xestión deste tipo de residuos (Lei 22/2011, Lei 10/2008, RD 833/1988 e RD 952/1997).

As cantidades de residuos perigosos (RP) que se retiraron nas distintas recollidas durante o curso 2013/2014 foron:

	Outubro de 2013	Marzo de 2014
Total de RP (kg)	10 664	10 002

Lévase ao día o rexistro telemático deste tipo de residuos coa autoridade competente e coa preceptiva comunicación documental coa administración e os xestores autorizados. Dende a OMA aténdese a demanda de recipientes e etiquetas que o persoal da UVigo precisa nos centros para a recollida deste tipo especial de residuos. Tamén se subministran as etiquetas preceptivas para a súa correcta identificación. Recompílanse datos sobre as recollidas para elaborar os informes anuais e a

planificación dos estudos de minimización correspondentes. Cúmrese periodicamente coa elaboración do autodiagnóstico ambiental, que é enviado anualmente ao órgano autonómico ambiental, coa enquisa anual do INE, e coa enquisa do Ministerio do Interior sobre substancias químicas catalogadas.

3 Recollida de residuos de aparellos eléctricos e electrónicos (RAEE)

Traballouse na recollida, almacenamento, transporte e xestión do material informático obsoleto e avariado de todos os centros da UVigo, que previamente requiren da súa baixa no inventario do Servizo de Patrimonio.

Colabórase co Gruvi (Grupo de Reciclaxe Informática da Universidade de Vigo) na selección do material informático potencialmente reutilizable, trasladándoo ao seu taller. Este material reconstrúese ou recupérase parte dos seus compoñentes electrónicos, e destínase a institucións e a entidades sen ánimo de lucro, a través de campañas de doazón de convocatoria pública.

Este ano estase a colaborar tamén co proxecto EcoRAEE, a quen se destina parte do material recollido, co que se pretende demostrar a viabilidade da reutilización de RAEE fronte á reciclaxe. A iniciativa foi seleccionada pola UE como proxecto dentro da convocatoria Life. Ten un orzamento de 1,2 millóns de euros financiados ao 50 % pola UE, cunha duración de tres anos. Trátase de demostrar que aumentar a vida útil dos equipos eléctricos e electrónicos e novas tecnoloxías en xeral é unha solución viable económica, técnica e ambiental para este tipo de residuo, que representa o 4 % do lixo total xerado en Europa. A finalidade desta acción é verificar e demostrar que o proceso de reutilización pode derivar nun aforro de emisión de CO₂, así como valorar o impacto ambiental e económico do proceso de preparación para a reutilización fronte á reciclaxe. Ademais de definir protocolos de actuación, EcoRAEE pretende contribuír á mellora do actual marco normativo sobre a xestión de RAEE e á xeración de políticas axeitadas para a súa xestión. No marco do proxecto, a OMA relatará e interpretará a ACV do proceso de reutilización dun RAEE utilizando ferramentas como estudos científicos previos, fichas técnicas de fabricantes, un prototipo de seguimento de software de cálculo e bases de datos adicionais (SimaPro). Posteriormente realizará unha comparación da ACV do proceso de preparación para a reutilización co de reciclaxe.

RAEE retirados no curso 2013/2014:

	Reutilizados/Gruvi	Xestor autorizado
CPU	158	602
Monitores	176	323
Impresoras	42	172
Caixas con material variado	–	186
Outros equipos electr.	–	132
Total	376	1415

A cantidade total xestionada foron uns 12 612 kg de residuos desta tipoloxía. Os restos de material non aproveitable recóllense para envialos ao xestor autorizado.

4 Residuos SANDACH

Debido á actividade dalgúns laboratorios, aparece un residuo especial que debe ser xestionado especificamente a través dun xestor autorizado. Trátase dos residuos SANDACH (subprodutos animais non destinados ao consumo humano). A este tipo de residuos corresponden os animais mortos xerados pola investigación e experimentación nas facultades de ciencias, e estanse a producir arredor duns 100-150 kg anuais.

5 Recollida de fluorescentes e lámpadas de baixo consumo

Coa entidade Ambilamp, que conforma un sistema de xestión integrado de residuos procedentes de lámpadas fluorescentes e de baixo consumo, a UVigo ten asinado un convenio polo que esta entidade recolle gratuitamente este tipo de residuos nos campus. Para isto puxo a disposición da UVigo unha serie de colectores especiais localizados en zonas centralizadas de cada campus, onde se van dispoñendo adecuadamente este tipo de residuos para a súa ulterior recollida pola entidade.

6 Estudo da pegada de carbono e da pegada ecolóxica da UVigo

Anualmente trabállase no seguimento e na cuantificación do impacto ambiental da UVigo baseándose no estudo da pegada de carbono e da pegada ecolóxica. Estes dous indicadores miden o efecto das emisións de gases invernadoiro e o impacto ambiental que relaciona os recursos existentes coa capacidade ecolóxica da terra de xerar os devanditos recursos. A análise destes indicadores permite distinguir as actividades máis contaminantes da atmosfera, e comparalos con indicadores doutras institucións nacionais e internacionais. Están a disposición da comunidade universitaria na web da OMA.

7 Elaboración de informes de certificación enerxética dos edificios

En colaboración co Departamento de Obras e Infraestruturas e a Unidade Técnica da UVigo, a OMA está facendo unha primeira aproximación na elaboración dos informes preceptivos que require a normativa para a certificación enerxética dos edificios. Dentro do Plan Suma (sustentabilidade ambiental), a OMA ten persoal encargado da recollida de datos de consumos e características construtivas e xeométricas dos edificios, cos cales poder calcular os valores requiridos para elaborar os informes para as súas cualificacións enerxéticas. Este ano acabouse de completar a correspondente certificación do pavillón de deportes do Campus de Pontevedra e iniciáronse e rematáronse as cualificacións do Edificio Administrativo de Deportes de Vigo, e tamén do pavillón polideportivo deste campus, así como a do local de clases de gaitas do Campus de Ourense.

8 Control e estudo de consumos na universidade

Dende a OMA lévase o seguimento e a toma de datos de determinados consumos non automatizados, como os consumos parciais de auga dos edificios do Campus de Vigo, a recollida de datos da instalación de paneis solares do Campus de Ourense e a centralización de datos do resto de consumos que se lles solicita a todas as administracións de centros. Os seus fins son os rexistros do sistema de xestión ambiental, os estudos de pegada ecolóxica e de carbono, a detección de fugas, os rendementos etc. No Campus de Ourense púxose en marcha a través da colocación dunha serie de dispositivos de control de consumos a avaliación do rendemento do sistema de calefacción do Edificio Administrativo.

Dende o Plan Suma acometéronse distintas actuacións neste ámbito:

- Deseño do novo formulario electrónico de control de consumos e facturación de enerxía eléctrica en baixa e media tensión. Consiste nunha folla de cálculo que se cobre periodicamente cos datos das subministradoras, que inclúe ademais da enerxía activa consumida (como nos formularios antigos) a enerxía reactiva e os excesos ou defectos de potencia contratada respecto á rexistrada. Permite comprobar as facturas e é unha ferramenta de control e recollida de datos con resumos e gráficos para unha rápida visualización.
- Estudo económico de cambios de tarifas eléctricas.
- Simulación e informe económico do cambio de tarifa eléctrica de 3.1 a 6.1 nos edificios Politécnico de Ourense, CACTI de Vigo e Escola de Enxeñaría Industrial con sede no campus.
- Simulación e informe económico do cambio de tarifa eléctrica de 6.1 a 3.1 nos edificios Escola de Enxeñaría Industrial con sede na cidade e Escola de Belas Artes de Pontevedra.
- Estudo de optimización de potencia contratada nos edificios CACTI de Vigo, Historia en Ourense, Escola de Enxeñaría Industrial con sede na cidade, Escola de Enxeñaría Industrial con sede no campus, Politécnico de Ourense e Belas Artes de Pontevedra.

9 Traballos de colaboración coa Unidade Técnica da UVigo

- Colaboración no inventario de iluminación para elaborar o documento de prescricións técnicas destinado á contratación dun servizo de mantemento integral da instalación de iluminación exterior da UVigo.
- Colaboración na elaboración do contrato de mantemento preventivo e correctivo en réxime de asistencia técnica das instalacións de climatización da UVigo.
- Delineación de esquemas unifilares de electricidade de diferentes edificios da UVigo.

10 Colaboración para elaborar os plans de prevención e sinalización dos centros e elaborar campañas de prevención de riscos laborais e ambientais

En colaboración co Servizo de Prevención de Riscos Laborais da UVigo, a OMA apoia este servizo na identificación e descrición de riscos, implantando esta información en planos para cada edificio, que forma parte dos plans de prevención.

SENSIBILIZACIÓN E FORMACIÓN

11 “Universidade é natureza e ruta das árbores (itinerarios ambientais guiados polos campus)”

Undécimo ano do programa de educación ambiental «Universidade é natureza» dirixido a estudantes de centros de distintos niveis de ensino obrigatorio, dos colexios e institutos do Concello de Vigo e arredores. Tamén teñen acceso a estas rutas membros da comunidade universitaria e persoas alleas a esta, organizados en grupos de visita. Estas visitas de educación ambiental tamén teñen lugar no Campus de Ourense, e o seu obxectivo é dar a coñecer a gran variedade de especies de fauna e flora presentes nos campus, algunhas consideradas senlleiras polo seu porte, rareza ou idade. Durante este curso participaron no programa arredor de 600 estudantes e 30 docentes, pertencentes a oito institucións, nun total de 20 saídas de campo.

12 Convocatorias das bolsas (2013/2014) de formación complementaria para estudantes da UVigo e participación nos programas de voluntariado

Dentro do ámbito do desenvolvemento sustentable e a xestión ambiental convocáronse dúas bolsas de formación para estudantes de posgrao, coa intención de que colaboren en activades incluídas nas liñas de traballo da Oficina de Medio Ambiente. Na convocatoria para a formación do alumnado nos programas do Plan Suma (Plan de sustentabilidade e medio ambiente da UVigo) asignáronse cinco bolsas para os distintos programas: Eficiencia enerxética e sustentabilidade (ESE), Instalacións singulares de I + D (ISI), Medio natural e patrimonial (contornos) e Reciclaxe e reutilización de residuos (R3).

Os perfís das persoas candidatas para as convocatorias enmárcanse dentro do ámbito de formación no que se desenvolverá cada bolsa (medio ambiente e natureza, enerxías sustentables e eficiencia enerxética, aproveitamento de residuos procedentes de aparellos eléctricos, e prevención de riscos laborais e ambientais).

En relación con estas mesmas tarefas, a OMA a través do Servizo de Extensión Universitaria da UVigo, acolle voluntariados para acometer tarefas de apoio dentro das liñas ambientais marcadas.

13 Elaboración de paneis da natureza

Campus de Vigo, en colaboración coa Unidade de Xardinaría da UVigo e o Servizo de Mantemento de Zonas Verdes, deseñáronse e elaboráronse nove paneis con información ambiental sobre varios ecosistemas que conforman o Campus de Vigo (carballeiras, ribeiras fluviais, lagoas, mato, pradarias, soutos, sobreiral, equisetos). Colocáronse nas distintas unidades ambientais do campus.

No Campus de Ourense estanse a deseñar varios paneis interpretativos de flora e fauna do estanque central.

14 Posta en marcha dunha plataforma web de intercambio de materiais reaproveitables

Dende a OMA do Campus de Ourense naceu unha iniciativa que lanzou unha campaña dada a coñecer a través de cartelaría, listaxes de correo electrónico e pantallas electrónicas dos campus, co fin de que a través dunha plataforma web (http://www.ciencias-marinas.uvigo.es/_OMA_bd_intercambMaterial/listaxe_MaterialDoado.php) se constituía unha base de datos dinámica onde as persoas usuarias poidan poñer a disposición de calquera que estea interesado bens e obxectos dos que xa non fagan uso, pero que aínda poidan ser doados e aproveitados por outras persoas.

CONSERVACIÓN DO MEDIO NATURAL

15 Unidade de Xardinaría e repoboación e mantemento das plantacións de árbores dos campus

Nos campus faise un traballo constante no tempo ao longo do ano de xestión da conservación de zonas verdes e infraestruturas relacionadas. En función da climatoloxía, da evolución vexetativa das diferentes cubertas vexetais e do calendario universitario, planifícanse as tarefas de conservación co obxectivo de aumentar a calidade ecolóxica, tentando incrementar a biodiversidade e o potencial ornamental e paisaxístico das zonas verdes:

- Supervisión e control periódico do estado das zonas verdes, mobiliario urbano e infraestruturas.
- Planificación e coordinación dos traballos de conservación en zonas verdes e infraestruturas.
- Traballos de mantemento: podas, reprodución de plantas, rega e mantemento dos sistemas de rega etc.
- Plantacións de reforzo e ampliación e mellora de zonas.

Outros traballos extraordinarios e estacionais no Campus de Vigo foron:

- Xestión de residuos
 - Inertes recollidos en entulleiras «espontáneas»: 8 *big-bags*.
 - prestados dez servizos de recollida, clasificado, reciclaxe ou almacenamento temporal de materiais metálicos, plástico, vidro, madeira etc.
 - triturado e compostaxe para a posterior utilización en traballos de plantación, fertilización ou restauración de solos: aprox. 20 m³ de compost maduro.
- Instalación de paneis, sinais e postes
 - Nove sinais con sinalización ambiental
 - Instalación de Postes para controlar o acceso de vehículos en camiños, sendas peonís e zonas verdes
 - ampliar e reformar o Ampliación e reforma do valado perimetral na zona dos equisetos da Facultade de Ciencias
- Plantación de 175 árbores e arbustos en 1,5 ha
 - Restauración ambiental da contorna de Enxeñaría de Minas e Telecomunicación.
 - Por compensación de emisións de CO₂ na zona deportiva.
 - Por mellora ambiental en Económicas, Xurídicas e Filoloxía.
- Restauración e restablecemento da cuberta vexetal herbácea en 5000 m² de zonas verdes despois de obras: lomba da pérgola de Económicas, entrada principal de Xurídicas e fronte e lateral do MTI.
- Instalación de trece bocas de rega (estendido de 450 ml de novas tubaxes) en zonas verdes para manter as novas plantacións.
- Organización e coordinación de dous obradoiros de Extensión Universitaria en Vigo
 - Horticultura ecolóxica
 - Plantas silvestres comestibles

- Estudo para instalar unha horta urbana no Campus de Vigo.
- Inicio da catalogación, fotografado e identificación das bolboretas diúrnas do Campus de Vigo.
- Creación dunha base de datos co inventario da flora do campus que recolla todos os estudos e os inventarios realizados ata agora nos distintos campus da universidade.
- Actualización do inventario e catálogo da flora do Campus de Vigo, de xeito que se vaia implantando un banco de datos coa clasificación da flora deste campus.
- Seguimento global e control das especies de flora exótica e invasora (mimosa, acacia negra, *robinia*, eucaliptos, canaveiras, *oenothera*, cortaderia, *brachypodium* etc.) en diferentes ecotonos do campus, actuando periodicamente e especificamente nas zonas nas que se detecta a súa proliferación.

No Campus de Ourense desenvolvéronse varios traballos dentro deste apartado:

- Repoboación e mantemento de plantacións arbóreas.
- Traballos de posta en coñecemento e potenciación dos valores naturais do campus (rutas ambientais e sinalización de especies).
- Labores da horta urbana (espazo rehabilitado duns 250 m²), dotada de dez parcelas con rega individual para o seu uso por parte do alumnado do Programa para maiores.
- Na zona da gardaría do campus novo deseñouse e púxose en marcha unha horta escolar con fins docentes e ornamentais para ese centro.
- Elaboración dun estudo do estado do invernadoiro dese campus para reactivar o seu uso.
- Rehabilitación de varias zonas de xardineiras e a terraza da biblioteca central.
- Xestión do sorteo de leña (restos vexetais procedentes dos traballos de mantemento dese campus).
- Deseño do xardín colgante na Facultade de Ciencias da Educación.
- Identificación de especies arbóreas en Prado Lonia e o posterior inventariado en Autocad.

No Campus de Pontevedra seguiuuse cos labores de mantemento das plantacións e a creación doutras novas co fin de compensar a pegada de carbono dese campus.

16 Control e erradicación de fauna invasora

Séguese coa pesca de cangrexo americano na lagoa de Humanidades do Campus de Vigo para controlar a súa poboación e faise o seguimento no resto das lagoas para constatar que non se estendeu a outras zonas. En Ourense, dentro do mantemento de estanques, xestiónase a eliminación de *carpín dourado* no parque ambiental do estanque do campus novo.

17 Estudo dos recursos hídricos do Campus de Vigo

Inventario dos principais recursos hídricos subterráneos (pozos) e superficiais (lagoas) do Campus de Vigo. Existe un protocolo de control e seguimento do estado e calidade destes, a través da medición de variables características (profundidade, pH, condutividade e temperatura), que se realiza periodicamente. Isto permite un coñecemento das variacións das reservas de auga nos distintos puntos do campus, co fin de facer un uso racional delas.

23 Centro de Apoio Científico e Tecnolóxico á Investigación (CACTI)

O Centro de Apoio Científico Tecnolóxico á Investigación, coñecido pola sigla de CACTI, foi e é unha aposta da Universidade de Vigo pola investigación básica e aplicada de calidade no ámbito nacional e internacional.

O CACTI ten como obxectivo a adquisición, xestión e utilización centralizada de grandes equipamentos científicos para cubrir as necesidades dos grupos de investigación da universidade que non poden adquirilos polo seus propios medios e son indispensables para unha investigación con recoñecemento internacional. Non obstante, debido á dimensión de servizo público, o CACTI tamén oferta os seus servizos a outras institucións públicas e a empresas.

O CACTI cobre os servizos máis destacados da investigación científica: determinación estrutural e proteómica, nanotecnoloxía e análise de superficies, microscopía electrónica, desenvolvemento sostible e seguridade alimentaria (en Ourense), teledetección e talleres de mecanizado e electrónica. Así, o CACTI nas dúas sedes de Vigo e Ourense configúrase como un centro dotado dunha moi alta infraestrutura de investigación sen comparación no noso contorno xeográfico.


Facturación do CACTI no ano 2013

Cientes	Importe	IVE	Total de facturación
Universidade de Vigo	201 028,48	0	201 008,48
Outras univ. e org. públicos	119 375,05	15 080,58	134 455,63
Empresas	75 569,42	8142,73	83 712,15
Totais	395 972,95	23 223,31	419 176,26


■ Universidade de Vigo

■ Organismos Públicos de Investigación (OPIs)


■ Empresas





Evolución da facturación 2009-2013



FACTURACIÓN A OPIS NO ANO 2013



Solicitudes do CACTI no ano 2013



1111



AENOR, Asociación Española de Normalización e Certificación certifica que a organización

UNIVERSIDAD DE VIGO
CENTRO DE APOYO CIENTÍFICO E TECNOLÓGICO A INVESTIGACIÓN (C.A.C.T.I.)

dispon dun sistema de xestión da calidade segundo a norma UNE-EN ISO 9001:2008

para as actividades: DETALLADAS NO ANEXO Ó CERTIFICADO

que se están a realizar en:

EDIFICIO C.A.C.T.I. ESCUELA DE INGENIERÍA FORESTAL, INGENIERÍA AGROFORESTAL CAMPUS UNIVERSITARIO DE PONTEVEDRA, 36005 - VIGO (PONTEVEDRA)
LABORATORIO C.A.C.T.I. - PQ TECNOLÓGICO DE GALICIA - TECNOPOLE EDIFICIO CT. 32901 - SAN CIBRAO DAS VIÑAS (OURENSE)

Data da primeira emisión:	2010-05-20
Data da última emisión:	2013-05-20
Data de expiración:	2016-05-20



AENOR Asociación Española de Normalización y Certificación

Avelino BRITO MARQUINA
Director Xeral de AENOR

AENOR Asociación Española de Normalización y Certificación

Génova, 6. 28004 Madrid, España
Tel. 902 102 201 - ventas@venera.es



– IQNet –

optia

100



ER-0528/2010

Anexo o Certificado

[illegible]

Data da primeira emisión:	2010-05-20
Data da última emisión:	2013-05-20
Data de expiración:	2016-05-20

Avelino BRITO MARQUINA
Diretor Geral de AENOS

AENOR Asociación Española de Normalización y Certificación

Génova, 6. 28004 Madrid, España
Tel. 902 402 202



- IQNet -

Copia

100



Anexo ó Certificado

Alcance: desenho e mecanizado de peças de metal e plástico

Data da primeira emisión:	2010-05-20
Data da última emisión:	2013-05-20
Data de expiración:	2016-05-20



AENOR Asociación Española de Normalización y Certificación

Avelino BRITO MARQUINA
Director Xeral de AENOR

AENOR Asociación Española de Normalización y Certificación

Génova, 6. 28004 Madrid, España
Tel. 902 102 201 - www.elseguro.es



- IQNet -

cepta

Relación de equipos adquiridos polo CACTI no ano 2013

Obxecto	Importe de adxudicación
Mobiliario de laboratorio para módulo de apoio científico.....	376 933,39 €
Sistema de análise de separación	285 000,00 €
Sistema de espectrometría de masas de A. R.....	584 969,00 €
Redutor de ruído	7368,20 €

Cursos realizados polo persoal do CACTI no ano 2013

Servizo de Seguridade Alimentaria e Desenvolvemento Sostible

- M^a Carmen García Meijide, Riscos en laboratorios (4 h). M.^a Carmen García Meijide. Servizo de Prevención. Edificio Politécnico de Ourense (20 de marzo)
- Cristina Pérez Novo, Riscos en laboratorios (4 h). Cristina Pérez Novo. Servizo de Prevención. Edificio Politécnico de Ourense (20 de marzo)
- Jose Gómez Sieiro, Riscos en laboratorios (4 h). José Gómez Sieiro. Servizo de Prevención. Edificio Politécnico de Ourense (20 de marzo)
- M^a Carmen García Meijide, Curso teórico-práctico ICP-MS 2013. M.^a Carmen García Meijide. CSIC-ICTJA Barcelona (29-31 de maio)
- Cristina Pérez Novo, Curso teórico-práctico ICP-MS 2013. Cristina Pérez Novo. CSIC-ICTJA Barcelona (29-31 de maio)
- Cristina Pérez Novo, XXIX Reunión da Sociedad Española de la Ciencia del Suelo. Cristina Pérez Novo. SECS Mallorca (4-6 de setembro)
- Cristina Pérez Novo, Seminario de trucos y consejos al trabajar con HPLC Agilent Technologies. Cristina Pérez Novo. En liña (26 de setembro)
- Cristina Pérez Novo, Prácticas Adobe Acrobat 9 professional (curso de formación do PAS-UVigo). Cristina Pérez Novo. Edificio de Facultades de Ourense (5-21 de novembro)
- Jose Gómez Sieiro, Básico de calidade no marco da norma ISO 9001 (curso de formación do PAS-UVigo). José Gómez Sieiro. Escola de Minas de Vigo (12-17 de decembro)

Servizo de Teledetección

- Ramiro Álvarez Clavero Curso de DGPS R7GNSS, TSC3 e TBC Geotronics Southern Europe. Ramiro Álvarez Clavero. CACTI, Vigo (30-31 de xaneiro de 2013)
- Ramiro Álvarez Clavero Curso de Triton Perspective (en inglés) Triton Imaging Inc. Ramiro Álvarez Clavero. CACTI, Vigo (5-6 de febreiro de 2013)
- Ramiro Álvarez Clavero Curso de Global Energy Mapper V14.1. Javier Valencia. Ramiro Álvarez Clavero. CACTI, Vigo (29-30 de abril de 2013)

Cursos impartidos no Servizo de Teledetección

- 1.Hidrografía con DGPS y ecosonda monohaz (duración: 15 horas, 4-5 de marzo de 2013)
- 2.Pilotaje de UAV con simulador (duración: 15 horas, 8-10 de maio de 2013)
- 3.Teledetección submarina con sónar de varrido lateral (duración: 5 horas, 16 de xullo de 2013)
- 4Curso de GPS diferencial con base de referencia fixa (duración: 15 horas, 8-10 de abril de 2013)
- 5.Global Energy Mapper V14.1 (duración: 15 horas, 29-30 de abril de 2013)
- 6.Hidrografía con DGPS y ecosonda monohaz (duración: 15 horas, 4-5 de marzo de 2013)
- 7.Teledetección térmica inalámbrica (duración: 4 horas, 26 de febreiro de 2013)
- 8.Pilotaje de UAV con simulador (duración: 4 horas, 21 de marzo de 2013)
- 9.Termografía infravermella (duración: 15 horas, 26-28 de xuño de 2013)

Servizo de Microscopía Electrónica

- J. Benito Rodríguez González, Seminario HRTEM. J. Benito Rodríguez González. Universidad de Granada (20 de febrero de 2013)
- Alessandro Benedetti ,Open Day de Materiales Leica. Alessandro Benedetti. Vigo (21 de marzo de 2013)
- J. Benito Rodríguez González, Inglés para técnicos de laboratorio nivel B1. J. Benito Rodríguez González. Centro de Linguas da Universidade de Vigo (06/05/2013-15/07/2013)
- M^a Inés Pazos Garrido, Inglés para técnicos de laboratorio nivel B1. M.^a Inés Pazos Garrido. Centro de Linguas da Universidade de Vigo (06/05/2013-15/07/2013)
- Eugenio Luis Solla Agra, Curso práctico de crio-microscopía electrónica de varrido. Eugenio Luis Solla Agra. Centro Científico e Tecnolóxico da Universitat de Barcelona (08/07/2013-12/07/2013)
- J. Benito Rodríguez González, Microscopy at the Frontiers Of Science 2013 (MSF2013). J. Benito Rodríguez González. Sociedad Española de Microscopía,Tarragona (17/09/2013-20/09/2013)
- Alessandro Benedetti, 17th European FIB Users Group Meeting (EFUG). Alessandro Benedetti. EFUG Arcachon, Francia (30 de setembro de 2013)

1 Equipo de dirección e administración

As actividades descritas son froito dun traballo en equipo no que se integran:

Director

Xosé Antón Vila Sobrino

Técnica superior en biotecnoloxía encargada da planta piloto

Beatriz Díaz Reinoso (contrato renovado o 24 de abril de 2014)

Auxiliar administrativo. Posto base

Manuel Ángel Valcárcel Martínez (contrato prorrogado ata o 2 de setembro de 2014)

Técnico/a da Oficina de Proxectos de I + D + i

Neste curso a praza está vacante.

Bolseiro/a de formación de I + D + i

Roberto González González (renuncia o 31 de marzo de 2014)

Beatriz Garrido Rodríguez (incorpórase o 1 de abril de 2014)

Bolseira de informática

María Stella Orozco Ochoa (renuncia o 30 de outubro de 2013)

Merly Mayela Escalona Fermín (incorpórase o 1 de novembro de 2013 e renuncia o 31 de maio de 2014)

Alumnado en prácticas académicas externas

Adrián López Ojea (Escola Superior de Enxeñaría Informática), do 2 de setembro de 2013 ata o 20 de xaneiro de 2014

Redouane Mehdi (Escola Superior de Enxeñaría Informática), do 21 de xaneiro de 2014 ata o 30 de maio de 2014

2 Actividades de colaboración con asociacións empresariais, centros tecnolóxicos e empresas

Un dos principais obxectivos do CITI é potenciar o desenvolvemento do I + D + i nas empresas mediante a creación de espazos de colaboración para favorecer e transferir coñecemento dende a universidade ao tecido empresarial a través do desenvolvemento de proxectos conxuntos de I + D + i relacionados co ámbito agroalimentario, biotecnoloxía, enerxía, medio ambiente e tecnoloxías da información.

Por iso, ao longo do curso o director do centro mantén conversas con distintas empresas e participa en presentacións de actividades académicas. Así:

O día 12 de decembro de 2013 realizáronse as I Xornadas de Difusión da Investigación e Transferencia INOU. O director do CITI colaborou coa Vicerreitoría do Campus na súa organización e foi o encargado da súa coordinación. Nestas xornadas presentáronse os resultados dos traballos financiados na convocatoria INOU 2012 e incluíu, tamén, unha conferencia de Senén Barro Ameneiro, ex-reitor da USC e presidente da RedEmprendia.

No mes de abril un médico do hospital púxose en contacto co director porque precisaba dun liofilizador para realizar análises de mostras. Esta comunicación trasladóuselles aos grupos de investigación do CITI e, finalmente, acadouse un acordo cun dos grupos de investigación do campus para analizar as citadas mostras.

A partir do día 31 de marzo de 2014 comeza a traballar no laboratorio complementario do CITI a empresa Glecex, de base tecnolóxica, que realiza traballos no campo da biotecnoloxía, coa que o director do CITI mantivo conversas dende agosto de 2013.

A comezos de maio a empresa de consultoría especializada en optimización de financiamento público de proxectos de I + D + i, Atommm, mantivo contactos co director do CITI. A información recollida trasladóuselles aos grupos de investigación con sede no CITI por se tiñan interese nos servizos ofrecidos pola empresa.

3 Melloras, reparacións e novas instalacións e equipos

En outubro de 2014 instalouse unha fiestra na cafetaría do CITI, substituíndo un panel de aluminio, co obxecto de darlle maior luminosidade á devandita dependencia.

Ao longo de novembro de 2013 realizáronse diversas obras de reparación no exterior e nas cubertas do CITI destinadas a evitar filtracións da auga da choiva e as goteiras existentes.

A finais de 2013 instalouse un equipo de videoconferencia na sala de xuntas do CITI.

Está solicitado o financiamento ao Mineco para un servidor de cálculo científico de altas prestacións, que conta co apoio de varios grupos do campus. Con este proxecto trátase de crear no CITI un centro de cálculo científico de altas prestacións que lles ofrezca servizo, en primeiro lugar, aos grupos de investigación do Campus de Ourense; e que, ademais, poida ser utilizado por outros grupos da Universidade de Vigo ou empresas de Tecnópole ou dos polígonos de San Cibrao das Viñas e Pereiro de Aguiar.

O equipamento consta de tres servidores: un servidor de cálculo que permita realizar computación con CPU, pero moi especialmente con GPU; un servidor específico para o manexo de grandes ficheiros, como o caso da xenómica; e un servidor para virtualización e almacenamento.

Os equipos instalaríanse na planta piloto do CITI. Nesta planta realizouse unha reforma para acondicionar un espazo de 20 m², habilitado como sala de servidores. Executouse o peche e estase planificando a súa climatización.

4 Actividades de difusión e divulgación

O día 19 de xaneiro de 2013 presentóuselles a páxina web do CITI totalmente renovada, na sala de xuntas do centro, a persoas relacionadas (www.citi.uvigo.es/). Esta páxina comezou a funcionar en xaneiro de 2014.

Amais, tamén se presentou un servizo de almacenamento na nube propio do CITI (<https://nube.citi.uvigo.es>). Este servizo permite manter carpetas sincronizadas en distintos dispositivos, compartir arquivos e carpetas con outras persoas usuarias, e outras utilidades. Para poder acceder a este servizo de «almacenamento na nube» cómpre solicitar unha conta no Servizo de Apoio Informático: informatica.citi@uvigo.es.

Dende outubro de 2013 o CITI está no Twitter no seguinte enderezo: https://twitter.com/CITI_Ourense. Na actualidade conta con 176 seguidores/as.

Tamén dende outubro de 2013 se distribúe un boletín informativo de periodicidade semanal no que se recollen novas e convocatorias de interese, tanto para persoal docente e investigador como para o alumnado. Calquera que o queira recibir pode solicitar a súa subscrición enviando un correo a proxectos.citi@uvigo.es.

5 Actividades da Oficina de proxectos

Esta oficina foi creada pola Vicerreitoría de Investigación da Universidade de Vigo e a Vicerreitoría do Campus de Ourense, co fin de prestarlles apoio técnico e administrativo na xestión de proxectos de I + D + i ao persoal investigador do CITI e ao resto do persoal científico do Campus de Ourense.

Ademais, esta unidade préstalle asesoramento e apoio ao PDI na correcta xestión dos proxectos, independentemente da orixe dos fondos.

servidor de cálculo científico de altas prestacións, xa citado. Tamén colabora na organización das visitas externas que solicitan distintos grupos para coñecer o CITI.

Proxectos elabora o boletín informativo e xestiona a conta do Twitter, dos que falamos no punto dedicado ás actividades de difusión e divulgación.

6 Actividades desenvolvidas na planta piloto

- Visita dun grupo de alumnado xunto coa profesora Inmaculada Franco, da Área de Tecnoloxía dos Alimentos da Facultade de Ciencias de Ourense, o día 27 de setembro de 2013. Nesta visita levouse a cabo unha pequena práctica co equipo de altas presións hidrostáticas.
- Visita dun grupo de 60 estudantes do IES Ricardo Mella o 7 de abril de 2014.
- O Visita dun grupo de alumnado pertencente ao Obradoiro de emprendemento do Campus de Ourense para coñecer as instalacións e o funcionamento do CITI (6 de maio de 2014).
- O Visita á planta piloto dun grupo de alumnado xunto coa profesora Concepción Pérez Lamela (14 de maio de 2014). Nesta visita realizáronse pequenas prácticas cos equipos de altas presións hidrostáticas e a máquina de ensaios universais.

A continuación móstrase unha táboa onde se reflicten as reservas que tiveron os equipos da planta piloto entre os meses de setembro de 2013 e xullo de 2014:

Equipo	Días que estivo ocupado
Extractor de CO ₂ supercrítico	36
Equipo de altas presións hidrostáticas	8
Equipos de separación cromatográfica HPLC	88
Reactor a presión PARR	36
Fermentador de cubas múltiples Biostat Q	13
Equipo de fermentación de 50 litros con xerador de vapor	38
Mufla de Carbolite	6
Extrusora de termoplásticos Eurolab	4
Máquina universal de ensaios mecánicos	13
Autoclave AES-150 de Raypa	2

*No anexo I amósanse os espazos e os equipamentos dos que dispón o CITI.

7 Visitas externas

Amais das visitas específicas á planta piloto, en febreiro de 2014 visitou o CITI unha alumna de Arquitectura que quería coñecer o centro, porque o seu proxecto de fin de estudos estaba baseado no deseño dun centro de investigación semellante ao CITI.

O 7 de abril de 2014 visitáronnos sesenta estudantes da Área de Administración do IES Ricardo Mella de Vigo. Tamén visitaron a planta piloto.

Equipamento dispoñible no CITI

O equipamento científico a disposición dos grupos do CITI e doutras persoas usuarias externas é, actualmente, o seguinte:

- Analizador de espazo de cabeza CheckMate 3 de SYSTECH Illinois
- Autoclave AES-150 de Raypa
- Balanza analítica AX-200 de Cobos
- Balanza CB Complet de Cobos
- Balanza MXX-5001 de Denver Instr.
- Baño termostático Digiterm 200 de Selecta
- Cabina de fluxo laminar AV-100 de Telstar
- Clarificadora centrífuga Clara 20 de Alfa Laval

- Compresor de aire Comtabe
- Descalcificador cronométrico Compact
- Disruptor celular de Constant System
- Equipo de altas presións hidrostáticas de Stansted Fluid Power
- Equipo de filtración con membranas Labstak M20 de Alfa Laval
- Equipo de filtración con membranas Sartoflow 10 de Sartorius
- Equipo de medida á permeabilidade de osíxeno PermMate de Systech Illinois
- Equipo de medida de permeabilidade de osíxeno modelo 8001 de Systech Illinois
- Equipo de medida de permeabilidade de vapor de auga modelo 7001 de Systech Illinois
- Equipo de purificación de auga Aurium 611 de Sartorius
- Equipo de purificación de auga Elix 20
- Estufa de Selecta
- Extrusora Eurolab 16 de Thermo Fisher
- Fermentador 50 L Biostat D de Sartorius
- Fermentador Airlift con unidade de control Biostat B de Sartorius
- Fermentador de cubas múltiples Biostat Q de Sartorius
- FPLC AktaPilot de GE Waters
- Fornelo axitador magnético de Velp Scientifica
- HPLC Agilent 1200 Serie
- Máquina de ensaios universais Autograhp 50 kN de Shimadzu
- Micrómetro calibrador medidor de espesores de film de Sylvac
- Mufla de Carbolite
- pHmetro BASIC 20 de Crison
- Planta de extracción supercrítica de Thar
- Reactor a presión de Parr
- Seladora a baleiro V-Sealcom de Selecta
- Sistema de purificación de auga (Elix 5UV, Tanque ASM, Milli-Q Advantage A10) de Millipore
- Termodesinfectadora Miele Proffesional G7883
- Ultracentrifuga L-100 XP de Belckman Coulter
- Xerador de vapor GE-45 de Attsu

O Centro de Investigacións Biomédicas (Cinbio) é unha aposta da Universidade de Vigo pola investigación no campo da biomedicina no que varios grupos científicos levan traballando con notables resultados nas últimas décadas. Para promover o traballo conxunto destes grupos e potenciar así a súa produción científica, estase a construír un edificio *ad hoc* que responde ás súas necesidades de traballo. O centro atópase na súa última fase de construción. O exterior está finalizado e o espazo interior xa distribuído. Na actualidade estase a comezar a adecuación dos espazos no seu interior para o seu uso específico. O concurso para o mobiliario e para o laboratorio de cultivos (P2) estase a preparar e publicarase no transcurso do ano 2014. Polo de agora, a actividade destes grupos continúa desenvolvéndose nos seus antigos laboratorios e espérase que, na primeira metade do ano 2015, o edificio estea preparado para o seu uso.

Complexo científico dentro do Cinbio

A edificación consistirá nun complexo de investigación que, ademais de acoller o Cinbio, dará cabida a outros espazos que complementarán a actividade científica destes investigadores/as de biomedicina. Así, parte do edificio acollerá o CACTI, e parte o novo animalario. Outros edificios arredor do Cinbio son as facultades de Bioloxía, Ciencias Mariñas e Química, a biblioteca e o Citexvi (Cidade Tecnolóxica de Vigo, que é o centro incubador de negocios da universidade).

Investigación

Entre os obxectivos presentados dende o Cinbio destacamos:

- Mellorar a comprensión de enfermidades dende unha perspectiva multidisciplinaria.
- Desenvolver unha investigación de calidade na área da biomedicina, tanto básica como aplicada.
- Crear e fortalecer colaboracións nacionais e internacionais.
- Desenvolver programas de investigación conxuntos con outras universidades, hospitais e industrias do sector biomédico e biotecnolóxico para crear un ambiente de excelencia en ciencia e tecnoloxía con recoñecemento internacional.
- Impulsar a formación de persoal investigador a través da organización de seminarios, xornadas, estancias etc.
- Impulsar a explotación dos resultados científicos.
- Situar o Cinbio como un centro de excelencia en investigación biomédica.
- Aumentar a masa crítica e as competencias do persoal investigador e técnicos/as na área biomédica.

Páxina web

Durante o ano 2013 actualizouse periodicamente o contido da páxina web do Cinbio (<http://www.cinbio.es/>), que inclúe o perfil dos grupos de investigación adscritos ao centro, así como novas relacionadas cos grupos, eventos, congresos, outras noticias de interese en biomedicina e oportunidades laborais.

Financiamento

Ademais dos esforzos individuais de cada grupo por acadar financiamento, os grupos traballan en conxunto e tamén con outros organismos rexionais alleos á universidade pero relevantes na área da biomedicina. A obtención de axudas a través de propostas conxuntas están a impulsar de forma importante esta área de coñecemento, converténdoa nunha das máis relevantes da Universidade de Vigo. Durante o último trienio os investigadores/as recibiron fondos de 32 proxectos nacionais e 7 internacionais, así como de numerosos contratos con empresas dos sectores biotecnolóxico, farmacéutico e alimentario. Publicáronse entre 2011-2013 un total de 504 artigos, dos cales 333 foron do Q1, cunha media do índice *h* dos investigadores/as do 33. Os exemplos máis destacados de financiamento son, sen dúbida, a axuda ao agrupamento Inbiomed e o proxecto Biocaps.

Agrupamento Inbiomed

Esta agrupación, que inclúe 217 persoas (115 mulleres e 103 homes), promoveu o desenvolvemento da biomedicina a través de cinco proxectos conxuntos en 2013 entre os membros, seminarios, contratos de investigadores/as e de técnicos/as etc. Con fondos do Inbiomed, 24 persoas (investigadores/as, técnicos/as, xestor de proxectos) foron contratados no ano 2013. O Inbiomed tamén promove e financia a participación en congresos internacionais como medio de proxectar a súa investigación e favorecer os contactos para posibles colaboracións, pero tamén como ferramenta educativa de actualización, sobre todo para os/as estudantes de doutoramento.

Proxecto Biocaps

O proxecto foi aprobado polo sétimo programa marco dentro do Programa europeo de axudas rexionais (REG-POT) Capacities, CSA-Support Action, Research Potential FP7-REGPOT-2012-2013-1, cun financiamento de 4 611 410 € e unha duración de 42 meses a partir do 1 de febreiro de 2013. O Biocaps, coordinado pola Dra. África González Fernández, catedrática de Inmunoloxía da Universidade de Vigo e directora do Cinbio. Este proxecto está destinado a axudar o Instituto Biomédico de Vigo (Ibiv) a acadar a excelencia científica. Pola súa ambición, cantidade de grupos e organismos que inclúe, e achega económica, este é un dos proxectos máis importantes recibidos por un único centro dentro da comunidade galega en recoñecemento da calidade actual e potencial dos seus investigadores/as.

Os obxectivos do Biocaps concentráranse principalmente en:

- Incorporación de talento. Contratación de sete investigadores/as senior, un xestor de proxecto, un especialista en transferencia de tecnoloxía e un técnico especialista en citometría/*sorter*.
- Compra de novos equipos. Todo os concursos de adquisición xa finalizaron: sistema de espectrometría de masas de alta resolución (Orbitrap Elite), sistema AFM-Raman, equipo de citometría *sorter*, microdisector láser, software para a xestión do biobanco do Ibiv, ultraconxelador-tanques crioxenia.
- Actividades de intercambio con outros centros europeos pioneiros en biomedicina: o proxecto ten catro centros titores situados en Inglaterra, Alemaña e Francia, que axudarán a desenvolver o Ibiv. Realizáronse varias visitas cos centros asociados: no MRC de Cambridge, Inserm-Toulouse, DIFE (Nuthetal, Berlín), así como o recibimento de varias persoas expertas destes centros.
- Actividades científicas: congresos, seminarios e cursos metodolóxicos.
- Transferencia e innovación. Realización dun plan de transferencia e innovación para o Ibiv.
- Actividades de difusión: prensa, radio, actividades culturais, día de portas abertas, material promocional (vídeos, fotografías, bolígrafos, pósters, dípticos, marcadores de libros, carpetas etc.).

Na web do Biocaps (<http://webs.uvigo.es/biocaps/>) móstranse as áreas de investigación incluídas dentro do proxecto, e os grupos e membros que as compoñen, tanto da Universidade de Vigo como do Complexo Hospitalario Universitario de Vigo, así como as actividades realizadas dende o seu comezo.

Algunhas das actividades científicas e de difusión realizadas dende o Biocaps durante o ano 2013 foron:

- *Kick off* proxecto (18 de febreiro de 2013).
- Charla impartida pola Dra. Mónica Carrera Mouriño no tema «Phosphorylation-based signaling networks mediate the effect of ligand affinity on the activation of naive primary t-cells» (12 de abril de 2013).
- Sesións de investigación e innovación e presentación do proxecto Biocaps (19 e 24 abril de 2013).
- Biocaps en Biointegrasaude. Presentación por África González (25 de abril de 2013).
- Charla impartida polo Dr. Carlos Spuch Calvar no tema «Transport mechanisms at the Blood-Cerebrospinal-Fluid Barrier: Role of megalin (LRP2) and interactions with p75NTR receptor» (3 de maio de 2013).
- «Tecnología de vanguardia: aplicación en biomedicina». Foi dirixido a trinta médicos/as dos complexos hospitalarios Chuvi e Povisa. Organizárono Irene Alejo, directora do CACTI, e África González, directora do Cinbio (27 de maio de 2013).

- A investigación biomédica en Vigo (para alumnado do CEIP Escultor Acuña). Foi organizado por Pío González (31 de maio de 2013).
- 1.º Seminario científico Biocaps: Interdisciplinary Science on Biomedicine (12 de xuño de 2013).
- Biocaps en Bruxelas. Presentación de Biocaps por África González Fernández (25 de xuño de 2013).
- 2.º Seminario científico Biocaps: Recent Advances on Systemic Lupus Eritematoso (4 de outubro de 2013).
- 3.º Seminario científico Biocaps: Bioinspired Materials for Tissue Engineering (25 de outubro de 2013).
- II Encontro en Esclerose Múltiple, no que participou a Dra. África González Fernández, en Baiona (8 e 9 de novembro de 2013).
- 1.º International Congress on Biomedical Research & Innovation (21-22 de novembro de 2013).
- Curso Estudio de interacciones moleculares: resonancia de plasmones, impartido por Pilar Canoa. Organizárono Irene Alejo, directora do CACTI, e África González, directora do Cinbio (26 de novembro de 2013).
- 4.º Seminario científico Biocaps: Chemistry and cancer: from causes to diagnosis and therapy (20 de decembro de 2013).

A proposta Campus do Mar, liderada pola Universidade de Vigo, obtivo a cualificación de Campus de Excelencia Internacional de ámbito rexional na convocatoria do programa Campus de Excelencia Internacional do Ministerio de Educación; convocatoria destinada a mellorar a calidade, visibilidade, competencia e atractivo das universidades españolas. Campus do Mar ten a finalidade de impulsar a colaboración con outras entidades mediante acordos de longo prazo nos ámbitos docentes de posgrao, de investigación, de innovación tecnolóxica e de transferencia de coñecemento, e fortalecer un sector económico de importancia crucial para o ámbito xeográfico de influencia, creando así en Galicia un polo científico-tecnolóxico do mar capaz de converterse nun referente internacional.

Durante o curso académico 2013/2014 as principais actuacións desenvolvidas nos ámbitos de actuación do proxecto foron as seguintes:

Coordinación do proxecto

- Continúan os traballos para a personalización xurídica do Campus do Mar iniciados en 2012. Completouse a elaboración dos documentos necesarios para poñer en marcha a futura Fundación Campus do Mar.
- No marco do Programa de fortalecemento 2011, axudas en forma de subvención do Ministerio de Educación, e co obxectivo de completar as actuacións planificadas en diferentes ámbitos, obtívose unha prórroga no prazo de execución ata o 31 de decembro de 2014.
- Rede CEIMARNET: constitúese en 2013 para promover sinerxías e coordinar accións conxuntas entre os distintos campus de excelencia internacional mariños españois: Campus do Mar, Ceimar, Campus Atlántico Tricontinental e Campus MareNostrum. Continúa o funcionamento dos grupos de traballo interinstitucionais co deseño das liñas estratéxicas da rede. As reunións técnicas completaron o deseño de programas de mestrado conxuntos entre as institucións da rede nos ámbitos da oceanografía, da xestión de recursos mariños e na xestión integrada das zonas costeiras.

Conectividade entre os socios

- Campus Dixital do Mar: o Campus Dixital do Mar é un conxunto de servizos dixitais de *e-colaboración*, videoconferencia aplicada avanzada, teleensino e web TV, deseñada co obxectivo de proporcionarlles aos/as integrantes do Campus do Mar un conxunto de «espazos dixitais», que apoien o seu labor investigador, docente, de transferencia e de interacción coa contorna territorial. Para a prestación destes servizos conxuntamente cos servizos de videoconferencia AccessGrid e UVigo-TV, tramitouse o expediente de contratación 301/13, servizos de operación, mantemento e mellora continua do Campus Multimedia da Universidade de Vigo cuxo contrato asinou o 31 de xullo de 2013.
- Sistemas de gravación automatizada de clases. Instaláronse dez equipos que permiten a gravación automatizada de clases, situadas nos campus de Vigo (Empresariais, Telecomunicacións e Ciencias Xurídicas), Pontevedra (Educación e Belas Artes) e Ourense (Empresariais e Edificio Politécnico), así como unha móbil que permite o seu desprazamento.
- Bolsas de colaboración-Campus Dixital do Mar: concedéronse sete bolsas de colaboración do Campus Dixital do Mar para desenvolver tarefas de colaboración e formación vinculadas ás actividades audiovisuais, de deseño gráfico, gravación automatizada de clases e soporte da xestión.
- Ciclo de conferencias de Campus do Mar: no curso académico 2013/2014 continuouse co desenvolvemento do ciclo de conferencias no que participan destacadas investigadoras e investigadores de distintos campos das ciencias e tecnoloxías mariñas. As conferencias impartidas e gravadas neste período foron:
 - «Instrumentos de apoyo al desarrollo de proyectos de I + D + i empresariales en el sector marítimo pesquero», desenvolvida no Cetmar e impartida por Carlos Franco.
 - «Research axis about social regime of seaworkers», a cargo de Patrick Chaumette (Universidade de Nantes).
 - «Cartografiado de habitats marinos», impartida por José Luis Sanz e Dulce Mata Chacón (IEO) o 7 de novembro.
 - «Cold water marine fish hatcheries: production procedures for cod and hake», impartida por Gidon Minkoff o 29 de novembro con motivo do Día Internacional da Acuicultura.
 - «Energy audit in fisheries», impartida por Antonello Sala (CNR-Italia) o 12 de decembro.
 - «The barefoot ecologist's toolbox», impartida na Coruña polo Dr. Jeremy Prince o 11 de marzo.

- «Transdisciplinary in small-scale fisheries research: why and how», impartida por Ratana Chuenpadgee (Memorial University) o 30 de abril.
 - «¿A dónde van las grandes ballenas? Una perspectiva de su ecología desde el espacio», impartida por Daniel Palacios (Oregon State University) o 6 de xuño.
 - «A hibridación nos organismos mariños: implicacións teórico-prácticas», impartida por Laura Miralles (Universidad de Oviedo) o 20 de xuño.
- Gravación de xornadas e congresos: ademais das conferencias, graváronse e emitíronse en directo varios eventos de interese para o Campus do Mar: «Forum Marítimo do eixe atlántico», realizado en Viana do Castelo o 24 de xullo; «Obradoiro final do proxecto Oysterecover», organizado no Cetmar o 10 de outubro; «Eixes da investigación do réxime social dos traballadores do mar no contexto do Campus do Mar», realizado na Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo o 19 de outubro; Xornadas sobre o Réxime Tributario de Incentivos ao Sector Naval, organizadas na Facultade de Ciencias Xurídicas e do traballo os días 2 e 3 de decembro; Xornadas de Difusión sobre o novo Programa Marco Europeo-Horizon 2020, realizadas no Citexvi os días 5 e 16 de decembro; e o International Meeting on Marine Research, organizado en Peniche (Portugal) os días 10 e 11 de xullo.
- Presentación e produción de vídeo promocional do equipo de microtomografía computerizada da EBM A Graña, dentro da serie «Infraestruturas singulares do Campus do Mar».

Mellora docente e adaptación ao EEES

Eixe estratéxico de docencia

O Campus do Mar organizou conxuntamente co Natural Capital Project, da Universidade de Stanford no mes de maio os cursos baseados no programa InVEST (Transforming Decision with a Natural Capital Approach e Training Workshop: Ecosystem Assessments that Matter).

Eixe estratéxico de internacionalización

- Durante este período, o Campus do Mar recibiu a visita da delegación do Campus de Excelencia Ceimar, coordinado pola Universidad de Cádiz e encabezada polo seu reitor, Eduardo González; do seu vicerreitor de Docencia e Formación, Miguel Ángel Pendón; e do coordinador xeral de Ceimar, Fidel Echevarría.
- Durante este período, os membros do Campus do Mar asistiron a reunións e eventos internacionais nos que deron a coñecer o Proxecto de excelencia mariño. As visitas máis destacadas foron:
 - Reunión de traballo en Bruxelas en setembro de 2013 cos representantes de German Marine Research Consortium, KDM, e a Marine Alliance for Science and Technology for Scotland, MASTS, dúas agrupacións estratéxicas que desenvolven as súas actividades en Alemaña e Escocia respectivamente.
 - Visita en xaneiro de Emilio Fernández e Elsa Vázquez á Universidade Mohammed V de Rabat convidados no marco do proxecto Tempus-Osmose para presentar a experiencia do Campus do Mar.
- Completouse o Proxecto de cooperación ao desenvolvemento Campus do Mar-Cabo Verde: segundo o cronograma previsto, coa execución do programa Fortalecemento da investigación mariña en Cabo Verde, as actuacións realizadas inclúen o financiamento de catro investigadoras/es de Cabo Verde (dous da Universidade de Cabo Verde e dous do Instituto Nacional de Desenvolvemento das Pescas) para realizar a súa tese dentro do programa de doutoramento Do*Mar, o deseño dun programa de doutoramento mariño Oremar, na Universidade de Cabo Verde, a realización dun curso de especialización en Cabo Verde (curso destinado a 15 docentes e investigadoras/es da UniCV, INDP, direccións xerais de Pesca e de Ambiente), e a instalación dunha sala de videoconferencia na Universidade de Cabo Verde para o uso da propia universidade e do INDP, co obxectivo, entre outros, de que o seu alumnado e investigadores/as poidan seguir en liña cursos e conferencias impartidos desde o Campus do Mar.

- Concesión de financiamento para o proxecto «Reinforcement of Higher education as a tool to foster efficient use of energy applied to the poverty reduction within the marine sector through capacity building and regional integration. HEEMS Project», na convocatoria ACP-EU Co-operation Programme in Higher Education (Edulink II). Consegúronse un total de 411 260 euros para levar a cabo o proxecto cunha duración de 30 meses (dende o 15/10/2013), que se desenvolverá nos países de Cabo Verde, San Tomé e Príncipe e Mozambique.

Mellora científica e transferencia de coñecemento

Eixe estratéxico de investigación

- Programa de clústeres de I + D: tomando como base os plans estratéxicos dos clústeres de I + D do Campus do Mar, nos que se identifican as áreas e as liñas de investigación correspondentes a cada clúster, avánzase na definición e no desenvolvemento de proxectos de investigación nos seus respectivos ámbitos.
- Programa para a captación de talento posdoutoral do Campus do Mar (Fellowsea): unha vez completada a negociación coa Comisión Europea do Programa para a captación de talento posdoutoral do Campus do Mar, avaliada favorablemente na convocatoria do 7.º Programa marco, Accións Marie Curie, Cofund, agárdase o inicio do proceso de presentación de candidaturas e selección ao longo do próximo curso.
- Dentro do Programa de captación de talento novo, desenvóléronse de novo os campus científicos de verán, financiados polo Ministerio de Educación, Cultura e Deporte. Un total de 129 estudantes chegados de toda España, repartidos en catro quendas dunha semana cada un, desenvolveron diferentes proxectos científicos e tecnolóxicos nos laboratorios do Campus de Vigo e do Instituto Español de Oceanografía ao longo do mes de xullo de 2014. A formación complétase con conferencias, sesións teóricas, actividades culturais, deportivas e de lecer.

Eixe estratéxico de transferencia

Actividades de transferencia de tecnoloxía e resultados de investigación

- Desenvolvemento dun plan de contactos con clústeres de empresas, plataformas tecnolóxicas e representantes do sector produtivo mariño para planificar e deseñar iniciativas conxuntas con axentes de transferencia de tecnoloxía, centros e plataformas tecnolóxicas, representantes do sector produtivo mariño e de administracións públicas e investigadores/as das universidades de Vigo, Santiago de Compostela, A Coruña, CSIC e IEO para a posta en marcha de iniciativas conxuntas, colaboración en proxectos e valorización de resultados de investigación.
- Deseño, organización e realización de foros sectoriais de transferencia e xornadas técnicas para favorecer a xerminación de proxectos innovadores e sinerxías entre empresa e industria e os centros de investigación do Campus do Mar, fomentando a presentación de proxectos de I + D + i a convocatorias competitivas:
 - Foro internacional sobre os «Retos da eliminación gradual dos descartes da pesca dende unha perspectiva socioeconómica sostible», realizado en Vigo os días 11 e 12 de decembro de 2013, coa participación de máis de corenta investigadores/as, técnicos/as e representantes do sector procedentes de España, Portugal, Francia, Noruega, Italia, Holanda, Alemaña, Islandia e Reino Unido.
 - Foro de transferencia «Innovación TIC no sector conserveiro», realizado no Edificio Miralles o 9 de maio de 2014, en coordinación con Gradiant e Anfaco, no que participaron as empresas Cerqueira-Pay-Pay, Antonio Alonso-Palacio de Oriente e Grupo Calvo co obxectivo de dinamizar proxectos TIC-Mar na industria conserveira mariña.
 - Xornada técnica «Aspectos clave da investigación do réxime xurídico do traballo no mar», realizada o 18 de outubro de 2013 no Campus de Vigo.
 - Xornadas de difusión sobre o novo programa cadro da Unión Europea-Horizonte 2020 (5 e 16 de decembro), organizadas no Citexvi en colaboración con Gradiant, co obxectivo de dar a coñecer as novidades que presenta o novo programa marco de investigación e innovación Horizonte 2020.
 - Xornadas sobre o Réxime Tributario de Incentivos ao Sector Naval, en colaboración coa Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo da Universidade de Vigo, desenvolvidas os días 2 e 3 de decembro de 2013.

- Deseño e planificación de foros sectorais de transferencia nas seguintes temáticas: «Transformación de produtos da pesca», «Tecnoloxías para a mellora da eficiencia enerxética na industria do mar» e «Instalacións *offshore* multipropósito».
- programa Sea-Valoriza, consistente na creación dunha carteira de patentes do Campus do Mar sobre «Novas tecnoloxías innovadoras de aplicación na identificación, patoloxía e xestión de recursos mariños». Gravación de pílulas de vídeo explicativas e fichas resumo asociadas ás patentes e resultados compilados e presentación destas na Feira Mundial do Conxelado-Conxemar 2013. Preparación dunha nova carteira de patentes tecnolóxicas «Artefactos de xeración e acumulación de enerxía undimotriz».
- Coordinación, xestión e participación en propostas de proxectos e solicitude a programas de financiamento europeos e nacionais:
 - Proxecto «Phasing out of discarding in European Fisheries» (Phaseout), promovido e coliderado polo Campus do Mar e presentado á convocatoria Horizonte 2020 da Comisión Europea (H2020-SFS-2014-2), no topic «Towards a gradual elimination of discards in European fisheries (SFS-09-2014)», con participación de 24 entidades europeas (xuño de 2014).
 - Proxecto «Economic profitability of fisheries and aquaculture in Europe» (Ecoprofish), presentado á convocatoria Horizonte 2020 da Comisión Europea (H2020-BG-10-2014), no topic «Consolidating the economic sustainability and competitiveness of European fisheries and aquaculture sectors to reap the potential of seafood markets», coa participación de 18 entidades europeas (xuño de 2014).
 - Proxecto «Red iberoamericana de desarrollo de sistemas de monitorización ambiental para la optimización de los procesos industriales sostenibles en la acuicultura» (Acuisost), coordinado polo Campus do Mar e presentado á convocatoria 2014 de redes temáticas do Programa iberoamericano de ciencia y tecnología para el desarrollo (CYTED) o 21 de abril de 2014. Na proposta participan 17 entidades (universidades, Administración pública, asociacións industriais, pemes, fundacións e centros privados de I + D) de seis países iberoamericanos.
 - Proxecto Bluenet: «Alianza estratégica para el fomento de la internacionalización de la investigación y la tecnología españolas en el reto social 2», na convocatoria de accións de dinamización «Europa Redes y Gestores-Programa estatal de I + D + i», como socios da entidade solicitante Cetmar (febreiro de 2014).
 - Deseño do proxecto Marlabora, en cooperación coa Federación de Confrarías de Pescadores de Galicia e a Federación Nacional (febreiro de 2014).

Actividades de fomento da cultura emprendedora Emprendemar

O segundo eixe de actuación da Área de Transferencia Tecnolóxica do Campus do Mar céntrase no Programa de fomento da cultura emprendedora, que nace co obxectivo de promover a creación de empresas de base tecnolóxica, xurdidas da actividade investigadora desenvolvida no seo do Campus do Mar. As principais actividades iniciadas no marco do programa Emprendemar descríbense a continuación:

- Deseño e execución do programa Emprendemar, que inclúe actividades de formación que perseguen a creación de capacidades e competencias en administración e xestión de empresas. O programa comprende cinco liñas de acción dirixidas ao fomento e posta en marcha de ideas de negocio innovadoras e con potencial de comercialización no marco do Campus do Mar:
 - Deseño, organización e desenvolvemento da Escola de Emprendedores-Edición Campus do Mar (edicións de 2013 e 2014), un programa de formación continua para o fomento da cultura emprendedora no ámbito universitario.
 - Deseño, organización e realización do «Obradoiro de fortalecemento de capacidades en emprendemento e innovación», impartido por ISIS Innovation, a empresa de transferencia de tecnoloxía da Universidade de Oxford, en Vigo, os días 10 e 11 de xullo de 2013.
 - Deseño e organización do «Ciclo de conferencias sobre emprendemento e innovación», de interese xeral para a comunidade de estudantes, graduados/as, emprendedores/as e persoal investigador do Campus do Mar, impartidas por expertas e expertos de referencia internacional de diversas áreas de especialización mariñas. A primeira conferencia do ciclo, «Models of Technology Transfer and Innovation», foi impartida polo Dr. Viraj Perera de Isis Innovation-University of Oxford, e a segunda conferencia do ciclo, «Energy audit in fisheries», de Antonello Sala-Consiglio Nazionale delle Ricerche, realizouse no Campus de Vigo o 12 de decembro de 2013.
 - Deseño e realización do «I Obradoiro sectorial de emprendemento mariño», co obxectivo de trasladarlles ás/aos participantes as experiencias emprendedoras de profesionais e expertas/os de disciplinas mariñas como a

acuicultura, os novos produtos do mar e a valorización do medio mariño, así como formación sobre as iniciativas de emprego de base tecnolóxica, que tivo lugar o 4 de xuño de 2014.

- Deseño e xestión do «I Concurso de preincubadoras de EBT Campus do Mar», en colaboración coas OTRI das universidades da Coruña e de Vigo e a Área de Valorización, Transferencia e Emprendemento da Universidade de Santiago de Compostela.
- Coordinación, deseño e xestión do proxecto Empreamar-GAC 4, un programa formativo de emprendemento mariño que se está a desenvolver en Carnota e Porto do Son entre febreiro de 2014 e abril de 2015, promovido polo Campus do Mar e o Grupo de Acción Costeira 4 Seo de Fisterra-Ría de Muros-Noia, en colaboración cos concellos de Carnota e Porto do Son. O obxectivo principal é fomentar o emprendemento orientado ao aproveitamento sostible dos recursos mariños endóxenos do territorio do GAC4. O proxecto inclúe tres bloques de actuación: 1) Formación en emprendemento; 2) Contacto con empresas e casos de éxito en emprendemento mariño; e 3) Preincubación dos proxectos e asesoramento técnico e empresarial.

Actividades de apoio á empregabilidade do estudantado

Como elemento central do programa estase a desenvolver dun modo continuo a busca de ofertas de traballo (contratos e bolsas) coa finalidade da actualización diaria da plataforma web de ofertas de emprego de ámbito mariño «Marjob». Marjob dispón, ademais, dun espazo en rede orientado ao sector empresarial a través do cal se poden difundir e xestionar as ofertas. Dende o lanzamento de Marjob o 1 de marzo de 2013 publicáronse máis de 900 ofertas de emprego nacionais e internacionais que deu lugar a máis de 55 000 visitas únicas á web.

Transformación do campus. Proxección social e cultura científica

Programa CampusMar Life

Durante o curso 2013/2014 continuouse coa actividade deste programa que pretende achegar a comunidade do Campus do Mar ao coñecemento do océano a través de accións deportivas, lúdicas e culturais. Desenvolvéronse as seguintes accións:

- - Actividades deportivas: bautismos de vela, windsurf, surf, mergullo e *rafting*, baixo o nome de CampusMar Life-Augaventura e que se organizaron conxuntamente co Servizo de Deportes da Universidade de Vigo. Durante o curso 2013/2014 organizáronse as edicións de outono e primavera nos meses de outubro e abril.
- - Visitas divulgativas: con motivo da conmemoración do Día Mundial dos Océanos, o 17 de maio organizouse unha xornada de recollida de lixo nas illas Cíes na que participaron 85 voluntarias e voluntarios que recolleron un total de 800 Kg de residuos traídos polo mar.

Programa de cultura científica

- - Proxecto Mergúllate no Océano: actividade divulgativa que persegue o achegamento da cidadanía ás ciencias e ás tecnoloxías mariñas a través do traslado de laboratorios divulgativos a puntos estratéxicos da xeografía galega (Vigo, Vilagarcía de Arousa, Camariñas, Nigrán e Cangas do Morrazo).
- - Proxecto Oceántica: con actuacións que buscan transferir o coñecemento xerado no Campus do Mar á sociedade a través do estudantado e profesorado de primaria, secundaria, ESO e bacharelato, que actuarán como transmisores e divulgadores. Tamén no marco deste proxecto organizouse o curso «Cambio global antropoxénico no océano», que tivo lugar en Viana do Castelo os días 6 e 7 de xuño, e nel inscribíronse un total de 119 persoas, fundamentalmente profesores e profesoras de ensino secundario, que seguiron o curso tanto de maneira presencial como en liña.
- - Encontros educativos Oceántica 14: o día 21 de outubro 350 estudantes de secundaria e bacharelato de toda Galicia visitaron o Campus de Vigo acompañados polos seus profesores e profesoras para participar nunha xornada científico-divulgativa na que asistiron a charlas de investigadoras e investigadores do Campus do Mar, coñeceron cinco escolas e facultades da Universidade de Vigo e visitaron os laboratorios do CACTI.
- - Elaboración de materiais de apoio didáctico: como parte deste proxecto elaborouse un libro de 142 páxinas que, baixo o título *Eu aprendo sobre as rías*, fai un percorrido pola formación, o funcionamento, a ocupación do territorio das nosas rías, afondando en temas como a contaminación, a xestión dos portos ou a tecnoloxía, grazas ás achegas de varios investigadores e investigadoras do Campus do Mar e unha adaptación didáctica dos contidos. Tamén se produciu unha peza audiovisual de carácter divulgativo de cinco minutos de duración na que investigadoras e investigadores do Campus

do Mar pertencentes a distintos ámbitos de coñecemento falan sobre a importancia social, económica e cultural das rías galegas.

- - Ciclo de conferencias Oceántica: organizáronse tres conferencias impartidas por investigadoras/es de institucións pertencentes ao Campus do Mar en institutos de secundaria de Galicia. As charlas foron as seguintes: «É posible crecer sempre? Un percorrido pola outra crise desde os océanos», impartida por Emilio Fernández no IES Virxe do Mar de Noia o 24 de abril; «Sobreexplotación pesqueira. Colleitar máis do cultivado», impartida por Isabel Riveiro no IES A Sangriña da Guarda o 9 de maio; e «Plásticos no medio mariño. Un problema global», impartida por Soledad Muniategui no IES Universidade Laboral de Culleredo o 12 de xuño.
- - Convocatoria do congreso virtual e campus de verán: realizouse a segunda edición do Congreso Xuvenil Internacional Oceántica, organizado de modo virtual, no que se presentaron un total de 230 traballos elaborados por 510 estudantes procedentes de Galicia, resto de España, Portugal, Polonia, México e Arxentina. Participaron presentando traballos en diferentes formatos (vídeos, presentacións, relatos, poesía, fotografía etc.) orientados cara á sensibilización da cidadanía sobre os desafíos aos que se enfronta o estudo do medio mariño, así como o respecto do medio ambiente e a sostibilidade en xeral. Os mellores traballos foron premiados coa realización dun campus científico durante o verán, con actividades de carácter científico, artístico, ambiental e social e que tivo lugar en Vigo entre o 14 e o 20 de xullo coa participación de setenta estudantes de Galicia, Madrid, Comunitat Valenciana, Canarias, México, Portugal e Polonia.
- - Proxecto Baliza: coordinado pola Facultade de Belas Artes, busca sentar as bases estruturais e operativas dunha dinámica de traballo entre artistas, científicos/as, tecnólogos/os e outros investigadores/as do Campus do Mar. Completouse a creación da plataforma web Clouds, de actuación creativa transdisciplinaria e internacional no campo mariño na que participan investigadoras/es e creadores/as artísticos. No marco do proxecto realizouse entre os días 15 e 16 de maio o seminario «Arte e articulación social: comunicación da diferenza» e o 6 de xuño inaugurouse a exposición «Eidos da imaxe», que ten como obxectivo amosar a conexión de arte e ciencia mediante a presentación conxunta de obras de artistas docentes da Facultade de Belas Artes de Pontevedra e imaxes captadas por científicas e científicos nos seus procesos de investigación, ademais de pezas de carácter histórico obtidas de diferentes fondos e arquivos.

Escola Internacional de Posgrao

*Programa de doutoramento Marine Sciences, Technology and Management (Do*Mar)*

No curso 2013/2014, o programa de doutoramento Do*Mar recibiu 53 novos estudantes: 37 da UVigo, 5 da USC, 3 da UDC e 8 da UAveiro. O número total de estudantes do programa é de 84.

Os países de orixe destes estudantes foron 34 de España, 8 de Portugal, 2 de Cabo Verde, 2 de Angola, 1 de Arxentina, 1 de Bangladés, 1 de Brasil, 1 de Cuba, 2 de Italia e 1 de Polonia.

Neste primeiro ano académico impartíronse nove cursos de formación avanzada e seis cursos de formación transversal.

O 9 de xullo de 2014 a comisión académica do programa Do*Mar organizou nas illas Berlengas, Peniche, Portugal, o Student Day, unha xornada dedicada ao estudantado do programa de doutoramento na que estes expuxeron os seus proxectos de tese de doutoramento, fomentando así o establecemento de colaboracións e sinerxías. Á xornada asistiron 42 alumnas e alumnos do programa.

Convocatoria de contratos de predoutoramento Xunta de Galicia-Campus do Mar

En xullo de 2013 publicouse a convocatoria de Axudas de predoutoramento da Xunta de Galicia-Campus do Mar. Este programa recolle a contratación de 12 investigadoras/es de predoutoramento matriculados no programa de doutoramento DO*MAR. Estes contratos teñen unha duración de tres anos e son o resultado da liña de negociación establecida coa Consellería de Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia. Nove contratos correspondéronlles a estudantes da Universidade de Vigo e tres á Universidade de Santiago de Compostela.


1 Prácticas académicas externas extracurriculares Universidade de Vigo

Son o total de prácticas académicas externas extracurriculares realizadas dende o 1 de setembro de 2013 ata o 31 de agosto de 2014.

Número total de bolseiros/as por campus:


Campus	Bolseiros
Campus de Vigo	799
Campus de Pontevedra	123
Campus de Ourense	223
Total	1145

Bolseiros clasificados por Campus



Ámbitos	Bolseiros/as
Arte e humanidades	40
Ciencias da saúde	48
Científico	116
Tecnolóxico	396
Xurídico-social	545
Total	1145

Bolseiros clasificados por ámbito



Número total de bolseiros/as clasificados por sexo:

Sexo	Bolseiros/as
Mulleres	694
Homes	451
Total	1145

Convenios de cooperación educativa xestionados dende o 1 de setembro de 2013 ata o 31 de agosto de 2014: **549**

2 Emprendemento: asesoramento a empresas de base tecnolóxica e proxecto Incuvi

- *Asesoramento a empresas de base tecnolóxica*: listaxe de EBT asesoradas pola Fundación Universidade de Vigo no curso académico 2013/2014 e que se presentaron ao programa de axudas de IEBT da Xunta de Galicia.

Proxecto	Promotores: número e tipo	Sector	Estado	Data
Gas Sport (Global Applications and Solutions for Sports)	Docentes da UVigo. Grupo HI-20. <i>Spinoff</i> da Universidade de Vigo. (Participa o 10 %).	TIC do deporte	Cualificada	08/10/2013
Insati Innovation SL	Tres persoas promotoras das CAI. Un é un antigo estudante da Universidade de Vigo	TIC da saúde	Cualificada	08/10/2013
Monet	Tres persoas investigadoras do grupo de investigación da teoría do sinal e comunicacións de telecomunicacións	Telecomunicacións e TIC agroalimentario	Cualificada	13/12/2013
DNA Light	Dúas persoas promotoras de Ourense sen relación coa UVigo	Fabricación de materiais de iluminación	Cualificada	13/12/2013
Bitgali Enxeñería	Dúas persoas promotoras licenciadas en Enxeñaría Técnica Industrial, especialidade en Electrónica Industrial da UVigo	TIC do consumo enerxético	Cualificada	21/03/2014

Proxecto	Promotores: número e tipo	Sector	Estado	Data
104 Cubes	Dúas persoas promotoras da UVigo, antigo alumnado: unha licenciada en Enxeñaría Superior e outra diplomada en Turismo	Telecomunicacións	Cualificada	26/05/2014
Multibreves	Tres persoas promotoras sen relación coa UVigo	TIC	Cualificada	26/05/2014
ALIA Technology (SENSEI)	Oito persoas promotoras, dúas son PDI da Universidade de Vigo e seis son persoal investigador en programación na UVigo	TIC	Pendente de cualificación	
IPress Clothes	Unha persoa promotora antiga estudante da UVigo	Comercio por xunto	Pendente de cualificación	
Sistema Universal de Fidelización	Dúas persoas promotoras, unha delas antiga estudante de Enxeñaría Industrial e outra persoa promotora allea á UVigo	TIC	Pendente de cualificación	
Enerxía Urdimotriz	Dúas persoas investigadoras de Ephylab da UVigo	Consultorio en enxeñaría	Pendente de cualificación	
Fluinamics	Un promotor, antigo alumno da UVigo	Fabricación de maquinaria	En estudo	
Releyeble	Catro persoas promotoras: tres relacionadas coa UVigo	TIC	En estudo	

– Proxecto Incuvi

Para fomentar o espírito emprendedor no colectivo universitario, a Universidade de Vigo, a Cidade Universitaria e a Fundación Universidade de Vigo convocaron, en novembro de 2013, a terceira edición dos Premios Incuvi-Emprende.

Ofertáronse seis premios consistentes nunha subvención dos custos de estadía por un período máximo dun ano nun dos espazos da preincubadora de negocios Incuvi. Tamén terán á súa disposición, ao longo do ano 2014, un equipo de asesoramento xurídico-empresarial e un programa formativo integrado por distintos obradoiros e conferencias impartidas por profesionais de distintos sectores empresariais.

Todo iso co obxectivo de que maduren os seus proxectos empresariais e, finalmente, acaben formalizando a constitución das súas empresas.

Nesta terceira edición dos premios Incuvi-Emprende presentáronse 26 proxectos. A través da Vicerreitoría de Transferencia de Coñecemento e a súa área de emprego, convocouse a terceira edición dos Premios Incuvi-Emprende, no que se premian as ideas emprendedoras do estudiantado ou acabados/as de titular da Universidade de Vigo cunha estadía gratuíta na preincubadora.

Os oito proxectos seleccionados son:

Campus de Vigo

- **Audiobeusual:** presentado por Silvia Fuentes Marque, Jorge Medal Conde, Miriam Astrid Abal Gómez e Alfonso Merino García. Proxecto que se centra na divulgación científica como ferramenta bidireccional. Por unha banda, o persoal investigador quere e debe mostrar cal é o rumbo das súas indagacións facéndooas asimilables para a sociedade. Por outra banda, esta pode nutrirse dun amplo rango de coñecementos que cada vez ten máis a man.
- **Café la Parisienne:** presentado por Miguel Lago Monteagudo. Na actualidade o café é unha das cousas máis comúns do día a día, tense convertido en algo máis que unha bebida, adquirido grande importancia social e creado toda unha cultura ao seu redor. Este proxecto gañador aproveita esta realidade para darlle un xiro á promoción e negocio neste campo.

- Proxecto Innergium: presentado por José María Alonso Rodríguez. Este proxecto pretende, mediante enxeñaría enerxética avanzada, axudar a empresas, organizacións, administracións e familias a diminuír os seus custos enerxéticos, tendo en conta que a enerxía máis barata é a que non se consome.
- Proxecto Orientación para a exportación das pemes: presentado por Liou Agbor Tabot Ntoug, Eva Masarova e Outman Benchettah. Un proxecto que nace do estudo da explotación da orientación emprendedora para mellorar os resultados de exportacións das pequenas e medianas empresas.
- Proxecto Stukers: presentado por Diego Antón Cerqueira, Roberto Andrade Pérez, Yago Rivera Raimo e Rodrigo Garrido Graña. O traslado a unha nova cidade supón sempre un trastorno. Este proxecto quere axudarnos a que non o sexa tanto, mediante un buscador de aloxamento para xente nova.
- Proxecto Vermicompostaje do Bagazo de Uva: presentado por Hugo Martínez Cordeiro. Este proxecto nace dunha proposta orixinal e innovadora que permitirá obter de xeito simultáneo un fertilizante e unha semente de uva que poden destinarse a diversos usos.

Campus de Pontevedra

- Formación en liña: presentado por Fátima Otero Dios e Manoel Ucha Díaz. Proxecto que divide a súa actividade entre a formación en liña no ámbito medioambiental coa asesoría integral a empresas para o desenvolvemento de proxectos nese mesmo campo.
- Mueve tu vida: presentado por Carlos Leirós Rodríguez, Antonio Gabriel Cabanelas Gómez e Fernando Iglesias de la Iglesia. Proxecto que nace da idea de crear unha aplicación que axude as persoas diabéticas a mellorar a súa calidade de vida asesorándoas no referente a exercicio, nutrición e saúde.

A Fundación Universidade de Vigo levou a cabo accións de asesoramento individualizado e formación exclusiva ás persoas gañadoras dos Premios Incuvi-Emprende. A listaxe das accións formativas realizadas está recollido dentro do informe da Área de Emprego 2013/2014.

3 Centro de Linguas: datos de cursos, exames, alumnado e matrícula

O Centro de Linguas da Fundación Universidade de Vigo naceu no ano 2004 para atender as necesidades lingüísticas da comunidade universitaria, aínda que está aberto a calquera persoa. A docencia impártese nos tres campus da Universidade de Vigo e en distintos centros asociados por profesorado con titulación universitaria e especializado no ensino de idiomas.

Os cursos do Centro de Linguas adáptanse ás directrices do Consello Europeo en materia de niveis de lingua e procedementos de avaliación, segundo se especifica no Marco común europeo de referencia para as linguas (MCER). Os certificados de acreditación de nivel axéitanse polo tanto ao estándar de recoñecemento internacional.

Cursos e idiomas

Durante o curso 2013/2014, impartíronse cursos cuatrimestrais e intensivos de verán dos seguintes idiomas: alemán, chinés, español para estranxeiros, francés, conversa en francés, inglés, conversa en inglés, pronuncia en inglés, italiano, lingua de signos española, portugués, preparación dos exames oficiais de Cambridge (PET, FCE e CAE), lingua e cultura persa, ruso, preparación do DELE (diploma do español coma lingua estranxeira), do que o CDL é examinador oficial, cursos de expresión escrita e expresión oral en español, iniciación á docencia do español como lingua estranxeira (en colaboración co Instituto Cervantes), así como cursos de lingua para fins específicos (enxeñaría, empresas, CUD, PAS...).

Acreditacións

O Centro de Linguas é membro de ACLES (Asociación de Centros de Linguas en Ensinanza Superior) e de CERCLES (European Confederation of Language Centres in Higher Education), que avalan os exames de acreditación de nivel B1 (inglés, francés e alemán), B2 e C1(inglés) que se realizan no Centro de Linguas.

O CDL é centro examinador do DELE (diploma do español como lingua estranxeira). Está avalado polo Instituto Cervantes e polo IELTS (International English Language Testing System), e é o principal exame de lingua inglesa a nivel mundial.

O Centro de Linguas, ademais de dirixirse ao público en xeral, colabora especialmente coa UVigo na realización de exames de acreditación necesarios para a comunidade universitaria, como por exemplo alumnado que participa en programas de intercambio en colaboración coa ORI, alumnado de mestrado etc.

Os cursos do Centro de Linguas son recoñecidos con créditos de libre elección ou ECTS da Universidade de Vigo, cando se cursen idiomas que non formen parte do plan de estudos do/a estudante.

HELA (Higher Education Lecturing Accreditation) e cursos para a docencia en inglés

En colaboración coa Vicerreitoría de Extensión Universitaria e Relacións Institucionais e no marco do Plan de internacionalización lingüística aprobado pola UVigo, deseñouse e implantouse o exame HELA, que fixa os criterios e os procedementos para acreditar a docencia en inglés.

Esta proba complementase coa organización de cursos específicos destinados ao profesorado da UVigo centrados nas competencias necesarias para impartir docencia en lingua inglesa.

ISEP (Direct Summer Program: Teach English, Learn Spanish)

Como novidade principal no ano 2014, ofertouse a primeira edición do ISEP Direct Summer Program: Teach English, Learn Spanish, de seis semanas de duración, do 16 de xuño ata o 24 de xullo, e un total de 125 horas. Este programa intensivo de formación en lingua española e en metodoloxía docente para futuro profesorado de español está recoñecido con 12 ECTS. Para facilitar unha inmersión lingüística e cultural total do alumnado, as/os estudantes están aloxados durante a súa estada en fogares familiares no centro de Vigo.

O programa está inserido no marco do intercambio ISEP, que é unha rede de máis de 200 universidades de todo o mundo que promove a mobilidade do alumnado con EUA; a Universidade de Vigo é unha das dez universidades españolas participantes nesa rede e a única que oferta un programa de verán das seguintes características.

O programa combina tres módulos:

- Módulo de lingua española: enfocado aos contidos gramaticais e culturais e á práctica das catro destrezas dende unha perspectiva comunicativa.
- Módulo de introdución á metodoloxía do ensino do español como lingua estranxeira.
- Módulo de prácticas docentes con alumnado de educación infantil e de primaria.

Nesta primeira edición participou alumnado procedente das universidades Northwest Missouri State University e Northwestern State University of Louisiana.

TOEFL (Test of English as a Foreign Language)

Estamos acreditados por ETS para a realización do Test of English as a Foreign Language™ (TOEFL), exame que mide a capacitación de persoas non nativas para utilizar e entender a lingua inglesa de forma oral ou escrita no ámbito académico. É un requisito para a admisión na maioría das universidades norteamericanas. Está recoñecido por máis de 5000 institucións de educación superior, universidades e axencias de certificación de 90 países. As convocatorias de febreiro, maio e xuño acadaron un total de 51 estudantes examinados.

Alumnado

No curso 2013/2014, o número de estudantes matriculados no Centro de Linguas distribuíuse do seguinte xeito: 1856 estudantes nos cursos cuatrimestrais, 456 estudantes nos cursos de verán, 643 estudantes en exames de acreditación de niveis, exame DELE, HELA e TOEFL, e tamén 553 alumnos/as noutros cursos específicos. O total foi de 3508 alumnos/as matriculados no curso 2013/2014.

Do total de alumnado, dispónse de datos para clasificar por sexo de 2862 alumnos/as, o 82 % sobre o total. Deles un 52 % son homes e un 48 % son mulleres.

4 Outras actividades

Obradoiros de emprego

No tocante a obradoiros de emprego, desenvolvéronse talleres a pedimento das seguintes facultades:

- Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais: Xornadas de Empregabilidade e Desenvolvemento Persoal (outubro de 2013); Taller confección do currículo, preparación de entrevistas, xestión de perfís e web 2.0 (5 horas)
- Facultade de Bioloxía: realizáronse tres talleres presentes no seu plan de acción tutorial do curso 2013/2014 (17, 24 e 31 de marzo de 2014):
 - Taller 1. Competencias clave para a busca de emprego (4 horas)
 - Taller 2. Elaboración do currículo, carta de presentación e busca de emprego (3 horas)
 - Taller 3. O proceso de selección e a entrevista (3 horas)
- Facultade de Química: (19, 26 de marzo e 1 de abril de 2014)
 - Taller 1. Competencias clave para a busca de emprego (4 horas)
 - Taller 2. Elaboración do currículo, carta de presentación e busca de emprego (3 horas)
 - Taller 3. O proceso de selección: a entrevista de traballo e probas selectivas (3 horas)

Obradoiros de emprendemento: vitaminas para o emprendemento

Tiveron lugar no Campus de Vigo os días 27 de marzo, 3 e 10 de abril de 2014. Estas xornadas, de dúas horas de duración, organizáronse co obxectivo de achegarlle ao alumnado os conceptos básicos do mundo do emprendemento e a través das cales obterán ferramentas para ver o seu potencial emprendedor e fomentar a súa creatividade, ambas as habilidades fundamentais de cara ao emprego ou autoemprego.

- Vitamina 1, as persoas. Teño espírito emprendedor? Competencias emprendedoras e creatividade.
- Vitamina 2, as ideas. Xeración e maduración de ideas empresariais: ferramentas para a creatividade.
- Vitamina 3, o plan. Un ladrillo?: o plan de empresa. Modelos para o plan de negocio: modelos tradicionais, Business Model Canvas, Lean Startup, Visual Thinking e LEGO Serious Play.

Programa para realizar estudos, cátedras institucionais e bolsas de prácticas

- Xestión de bolsas prácticas académicas externas da Bolsas Cátedra Tecnopole do ano 2013.
- Xestión de bolsas de prácticas académicas externas Santander-CRUE-CEPYME. Cento dezaioito bolsas asignadas á UVigo en 2013 e cento dezaioito bolsas en 2014.
- Curso de creación e interpretación literaria.

Resolución, do 30 de decembro de 2014, pola que acorda publicar o orzamento para o exercicio 2015.

Unha vez que o Consello de Goberno, con data do 19 de decembro de 2014, e o Consello Social da Universidade de Vigo, reunido en Pontevedra o 29 de decembro de 2014, aprobaron o orzamento para o exercicio 2014, remítese ao Diario Oficial de Galicia para a súa publicación.

Clasificación económica

Ingresos	2015
Capítulo III. Taxas, prezos públicos e outros ingresos	16 146 500 €
Capítulo IV. Transferencias correntes	111 467 500 €
Capítulo V. Ingresos patrimoniais	341 000 €
Capítulo VII. Transferencias de capital	20 193 000 €
Capítulo VIII. Variación de activos financeiros	17 055 557 €
Capítulo IX. Variación de pasivos financeiros	—
Total de orzamento de ingresos	165 203 557 €
Gastos	2015
Capítulo I. Gastos de persoal	89 190 380 €
Capítulo II. Gastos correntes en bens e servizos	31 238 015 €
Capítulo III. Gastos financeiros	375 000 €
Capítulo IV. Transferencias correntes	5 943 850 €
Capítulo V. Fondo de continxencia	360 000 €
Capítulo VI. Investimentos reais	34 686 312 €
Capítulo VIII. Activos financeiros	160 000 €
Capítulo IX . Pasivos financeiros	3 250 000 €
Total de orzamento de gastos	165 203 557 €